

cultura

O Candeloria avanza o cartel e Melendi súmase ao Caudal Fest. **Páx. 3 e 5**

entrevista

Á presidenta da asociación de afectados de enfermidades do ril (Alcer). **Páx. 8**

sociedade

As Empresarias entregan os seus premios anuais na gala Son Muller. **Páx. 9**

economía

Presentado o Informe Económico da CEL e a Deputación de Lugo. **Páx. 13**

infraestruturas

Adxudicado o desdoblamento do último tramo de Infanta Elena. **Páx. 21**

O auditorio inaugúrase despois de oito anos



Arroxo fai balance das obras do 2024

Destacou as obras de humanización e de calmado do tráfico ademais do impulso á Praza. **Páx. 18**

O viaduto do Castro volve estar operativo

Abríronse os tres carrís de entrada a Galicia dous anos e medio despois do seu colapso. **Páx. 23**

Máis cartos para o Plan de Cooperación

A Deputación investirá 22 millóns nos 67 concellos durante o ano 2025. **Páx. 29**

Toño Núñez



O autor vén de publicar a súa última obra, 'Mea Culpa'. **Páx. 6**

Micoloxía



Julián Alonso é o presidente do colectivo lugués desde o ano 2001. **Páx. 10**

Luis Casimiro



O novo adestrador do Breogán presenta os plans de futuro. **Páx. 31**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel · 982 253 890

· 659 881 585

mail · administracion@mateoysanchez.es

Elixido o termo 'cantareira' como Palabra do Ano 2024

Cantareira foi elixida como Palabra do Ano 2024, resultado dunha votación popular organizada pola Real Academia Galega (RAG) e a Fundación Barrié a través do Portal das Palabras. Esta elección pon o foco no papel histórico das mulleres na preservación e transmisión da poesía popular oral galega, un legado que entrelaza música e lingua e que segue vivo grazas á cultura e a identidade propias de Galicia.

O termo cantareira designa tradicionalmente ás mulleres que cantan cantigas populares e será protagonista en 2025, cando o Día das Letras Galegas estea dedicado a elas. Figuras como Adolfinia e Rosa Casás Rama, Eva Castiñeira e tres das Pandireiteiras de Mens serán homenaxeadas polo seu papel na transmisión deste patrimonio inmaterial. Estas cantareiras non só perpetuaron melodías, senón que contribuíron á memoria colectiva, inspirando a novas xeracións de músicos e poetas.

A elección de cantareira, que obtivo o 25% dos votos, é unha mostra de como a sociedade recoñece a relevancia do patrimonio oral galego e das mulleres que o sustentan. Outras palabras finalistas foron "meu, miña", cun uso destacado na oralidade contemporánea, e "fala", que reivindica a lingua galega como símbolo de identidade.

O significado de cantareira vai máis aló da súa definición no dicionario da RAG, onde se refire a unha muller que canta cantigas populares. Esta palabra, derivada do verbo latino cantare, agocha séculos de tradición e o poder colectivo da música e a oralidade como vehículo cultural. Segundo Gonzalo Castro, concelleiro de Cultura e Turismo, "a elección de cantareira recoñece unha parte fundamental da nosa historia e proxecta a nosa lingua cara ao futuro".

O anuncio de que as Letras Galegas estarán dedicadas ás cantareiras tamén marca un fito significativo.

Inaugurado o auditorio Fuxan os Ventos cun cheo total nos tres concertos

Inaugurouse antes do Nadal o novo auditorio municipal Fuxan os Ventos, nun acto multitudinario no que estiveron presentes representantes de todas as institucións e da vida social e cultural da cidade.

Neste acto realizouse o descubrimento dunha placa e se celebrou un concerto inaugural a cargo da soprano Ainhoa Arteta.

O mandatario provincial destacou a "boa sintonía que mantemos co Concello de Lugo para sacar adiante proxectos e iniciativas que non só beneficien aos veciños e veciñas desta cidade, senón tamén a todo o conxunto da provincia".

En concreto, para a realización deste evento de inauguración recordou que a institución provincial colaborou coa contratación dos concertos principais a través dun acordo coa entidade local. Tomé Roca subliñou tamén que "este novo espazo fortalecerá a identidade cultural da provincia con espectáculos de primeiro nivel que tamén impulsarán o turismo, a economía local e que ademais, xerarán novas oportunidades para os lugenses e o noso territorio".

Tamén acudiu a este acto o concelleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, quen puxo en valor os case 25 millóns de euros que o Executivo autonómico destinou para a construción desta infraestrutura de preto de 20.000 metros cadrados e tamén para a dotación de equipamento, unhas actuacións que encadrou na aposta do Goberno galego por crear, mellorar e modernizar as infraestruturas culturais de todo o territorio da Comunidade.

López Campos considerou esencial dotar a Galicia das mellores infraestruturas co obxecto de poder desenvolver unha programación e unha oferta de calidade. Neste senso, puxo en valor que esta é a



estratexia do Goberno galego para todo o territorio.

En concreto, referiuse á posta en marcha de proxectos como o Teatro Fraga de Vigo, que procura ser un referente en toda Comunidade, e a outras iniciativas polos concellos que contribúen a mellorar as opcións e oportunidades culturais da poboación que vive en núcleos máis pequenos. Todo isto vai na liña do plan para modernizar as infraestruturas culturais no que xa se está traballando desde a Consellería de Cultura.

COESES. Pola súa parte, tamén estivo o portavoz do BNG en Lugo, Rubén Arroxo, acompañado polas deputadas no Parlamento Galego Olalla Rodil e Montserrat Valcárcel, o vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, e concelleiros do BNG no Concello de Lugo.

A delegación do BNG saudou á veciñanza afectada pola planta de biometano proxectada en Coeses, que se concentrou á entrada do auditorio na xornada inaugural. Rubén Arroxo destacou a implica-

ción da veciñanza na oposición a este proxecto, e afirmou que "estades paralizando algo lesivo para Lugo co voso traballo" e lembrou o seu compromiso de traballar "desde todas as institucións para paralizar este proxecto".

Arroxo lembrou que xa se trasladaron iniciativas ao Parlamento Europeo "para evitar que esta planta reciba fondos da UE para a súa posta en marcha" e anunciou que a retirada do proxecto da listaxe de iniciativas prioritarias da Xunta se levará tamén ao Parlamento Galego da man do BNG.

A empresa recoñece no seu proxecto para a construción da planta que emitirá cheiros e gases contaminantes e o vertedura de 76,7 metros cúbicos de augas residuais ao regato de Vilalbite con posterior desprazamento ao río Miño. O tratamento destas augas foi considerado ineficiente por parte da CHMS, o que fixo que este proxecto fose informado desfavorablemente dado que este regato conta con pouco caudal de auga, especialmente nos meses estivais.

Arroxo anuncia a actuación do grupo que lle dá nome

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou que o novo auditorio Fuxan os Ventos contará cunha importante programación, con agrupacións locais que se coordinarán con actuacións de circuitos estatais e internacionais.

Arroxo anunciou un concerto do grupo Fuxan os Ventos no auditorio, como "homenaxe a un dos grupos musicais galegos máis importantes nos últimos anos, e celebración do seu 50 aniversario, celebrado en 2022".

Finalmente, o tenente alcalde afirmou que "Fuxan os Ventos é un dos grupos musicais galegos máis importantes nas últimas décadas", e engadiu "para o Concello de Lugo é unha honra contar cun auditorio co seu nome, despois de acoller tamén o seu nacemento no ano 1972".

	UNIVERSIDAD Grado en:			ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS 	
	ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22				

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
 ATENCIÓN PERSONALIZADA
 GRUPOS REDUCIDOS
 Preparación específica para subir nota en ABAU

Os organizadores da Candeloria xa teñen o avance do cartel de 2025

Os organizadores de A Candeloria xa teñen o avance do cartel completo cos artistas e bandas de música que participarán do evento, que se celebrará os vindeiros 4 e 5 de abril no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. Estes artistas son Narco, que dará o seu único concerto en Galicia en 2025; a banda de punk-rock navarra Lendakaris Muertos, a banda madrileña fundada nos anos 80 Boikot, Koma, a de rock alternativo de Pamplona; o grupo de rock galego Dakidarría, os madrileños Kaos Urbano, Sons of Aguirre & Scila, a artista tinerifeña Sara Socas, o artista galego Hugo Guezeta, a banda de Tarragona Crim, os galegos Flow do Toxo, Pigs Parliament, o Dj Jordi Pánico e a banda galega Abaixo cu Sistema. O festival volverá en 2025 con máis



enerxía ca nunca, recuperando o seu formato de dous días e ofrecendo un programa cheo de grandes actuacións que encherán de música e festa a localidade.

Durante os días do evento, os asistentes poderán desfrutar de 14 cabezas de cartel e outras actividades

e, nesta ocasión, a organización subliña que non se habilitarán zonas de acampada.

Con esta nova edición, o festival invita a todos os amantes da música a reservar as datas no calendario, xa que as expectativas son moi altas para esta icónica celebración.

Arde Lucus celebrárase do 12 ao 15 de xuño

O Arde Lucus 2025 terá lugar do 12 ao 15 de xuño, coincidindo con O Son do Camiño, e converterá Lugo nunha viaxe ao pasado co traballo incansable das 19 asociacións de recreación histórica.

Tras unha reunión con estas 19 asociacións de recreación histórica, que votaron por unanimidade as datas, o concelleiro de Xuventude do Concello de Lugo, Jorge Bustos, agradeceu a implicación das agrupacións, así como o papel das compañías de teatro, que enriquecen a programación da festa: "O esforzo destes colectivos é esencial para consolidar o éxito do Arde Lucus e seguir avanzando cara a unha recreación histórica máis fiel e unha maior divulgación do noso pasado

romano e castrexo."

Na reunión tamén se fixo balance do 2024, que acadou unha ocupación hoteleira do 100 % e unha afluencia máxima, consolidando a cita como un dos eventos máis destacados do calendario cultural galego. Bustos destacou: "A afluencia non pode ser maior, polo que agora centramos os nosos esforzos en mellorar a calidade da programación e en facer do Arde Lucus unha experiencia inesquecible."

O Arde Lucus foi declarado Festa de Interese Turístico Internacional en 2023, un recoñecemento que reflicte o seu impacto cultural, turístico e económico e que a posiciona como unha das grandes citas de recreación histórica a nivel global.

Convocado o concurso de fotos das Reservas Terras do Miño

A Deputación de Lugo abre o prazo para a presentación de fotografías no VIII Concurso de Fotografía das Reservas da Biosfera, unha iniciativa que ten como obxectivo poñer en valor o patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses. Os interesados teñen de prazo ata o 20 de xaneiro de 2025 para enviar as súas propostas.

Este ano, as fotografías presentadas deben estar baixo o lema O Patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses. Esta actividade, enmarcada no compromiso da institución provincial coa posta en valor destes espazos naturais, conta cunha dotación económica de 1.600€,

que serán repartidos entre os tres primeiros clasificados no concurso, con 800€, 500€ e 300€, respectivamente.

As persoas interesadas deberán presentar unha única imaxe, que non pode ter sido premiada en edicións anteriores. As fotografías deben ser enviadas ou entregadas no Rexistro Provincial do Pazo de San Marcos ou remitidas por correo certificado. No caso de presentar a solicitude nun rexistro distinto ao da Deputación Provincial de Lugo, será necesario remitir, na mesma data da presentación, un correo electrónico ao enderezo und.medioambiente@deputacionlugo.org, no que se debe achegar o xustificante da presentación da solicitude no rexistro.

O Museo dedicará o primeiro trimestre ao legado de Castelao

O Museo Provincial de Lugo dedicará o primeiro trimestre de 2025 á difusión do legado artístico e pensamento político de Castelao coa programación conmemorativa *75 cabodano de Castelao (1950-2025)*.

A primeira en inaugurarse foi a exposición bibliográfica *75 anos da sinatura de As Cruces de pedra na Galiza* do Museo do Pobo Galego, que reúne unha escolma de obras sobre esta temática editadas nos países europeos do arco atlántico e que se poderá ver ata o 30 de marzo.

O Museo tamén acollerá de xaneiro a marzo a exposición fotográfica *Castelao: O retorno a Galicia, 1984*, con medio cento de imaxes realizadas por Xan Carballa nos actos celebra-



dos en Compostela con motivo da chegada a Galicia dos restos de Castelao, 24 anos despois da súa morte no exilio en Arxentina.

O outro proxecto expositivo que poderá verse no Museo é *Castelao*.

De Sempre en Galiza ao Consello de Galiza (1934 - 1944), que afonda no pensamento político de Castelao a partir de dous fitos: a publicación do libro *Sempre en Galiza*, un alegato a prol do recoñecemento da identidade nacional de Galicia e do seu autogoberno, e da creación do Consello de Galicia, goberno galego no exilio que presidiu.

No capítulo de relatorios, o día 20 de febreiro, o Museo Provincial de Lugo acollerá o relatorio *Castelao e as cruces de pedra, os comezos da investigación científica sobre os cruceiros*, de Fernando Arribas.

O día 28 de febreiro, celebrarase a II Xornada dedicada á vixencia de Castelao na arte e no pensamento.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es





O actor galego Luis Tosar, entre os nominados aos premios Goya 2025

O actor cospeités Luis Tosar vén de ser nominado como Mellor actor de reparto na 39 edición dos Premios Goya pola súa interpretación no filme *La infiltrada*, o que podería significar para o actor a súa cuarta estatuilla.

Ademais, a actriz coruñesa Lucía Veiga está nomeada como Mellor actriz revelación por *Soy Nevenka*, na que é a súa primeira candidatura nestes premios. Previamente xa estivera nomeada aos Premios Feroz polo seu papel na serie *Rapa*.

Outro galego nomeado é Carlos Amoedo, que opta a Mellor dirección de produción por *Segundo premio*.

A película máis nominada é *El 47*, cun total de 14 candidaturas, seguida precisamente de *La infiltrada* que ten 13.

En terceiro lugar, *Segundo premio* ten 11 candidaturas, mentres que *La habitación de al lado* conta con 10, *La Virgen Roja* con 9, *Casa en flamas y la estrella azul* con 8 e Marco con 5.

O Gustavo Freire acollerá unha intensa programación teatral

O Auditorio Gustavo Freire de Lugo acollerá unha gran programación teatral durante os primeiros meses de 2025.

A programación inclúe en total 29 actividades, con 12 propostas para público adulto, 5 enmarcadas no ciclo Lugo en Danza, 10 para público familiar e 3 para a primeira infancia entre o 11 de xaneiro e o 18 de maio. Ademais, conta con espazos para público adulto e familiar, ademais de con ciclos de danza e co ciclo de teatro para a primeira infancia, con actividades de formato reducido para as nenas e nenos máis pequenas.

“Quixemos poñer o foco nas producións de artes escénicas de mellor calidade feitas en Galicia, que serán o fio condutor da programación, e contaremos tamén con obras inter-

nacionais de calidade contrastada”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “esta programación está pensada para o deleite das amantes do teatro e para facilitar un achegamento a esta arte por primeira vez, traendo a Lugo o mellor do teatro e da danza galega xunto cunha coidada selección de propostas premiadas en importantes festivais”.

Así, en xaneiro, haberá actuacións teatrais os días 12, 16, 19, 23, 24, 26 e 30; mentres que en febreiro serán os días 2, 6, 9, 13, 16, 20, 21, 23 e 27. Pola súa parte, en marzo, o teatro chegará ao Gustavo Freire os días 7 e 9 e en abril haberá programación teatral os días 3, 6, 10, 24 e 25. A programación rematará en maio, aínda que serán moitos os días con espectáculos: os días 1, 2, 4, 8, 15, 16 e 18 de maio.

Para acceder ao recinto será preciso adquirir entrada no portal Entradas Lugo ou de maneira presencial na oficina municipal de turismo, cun prezo de 5 euros nas actividades para público adulto e de danza, e 3 nas actividades familiares e de 1ª infancia.

Ademais haberá bonos a un prezo de 36 euros nas actividades para público adulto e de 20 euros para as actividades dedicadas a público familiar, que permitirán acceder ás distintas actividades. No caso do ciclo Primeira Infancia, o bono terá un prezo de 6 euros e para as actividades de danza, 15 euros.

As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG terán un desconto do 30 % nas actividades para público adulto.

Cultura concede a Encarna Lago a Medalla de Ouro das Belas Artes

Encarna Lago foi recoñecida pola deputada de Cultura, Iria Castro; a concelleira de Cultura de Lugo, Maite Ferreiro; e o vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, pola Medalla de Ouro de Belas Artes coa que foi recoñecida polo Ministerio de Cultura pola súa traxectoria na xestión cultural.

Nun encontro celebrado no Museo Provincial de Lugo, as representantes provinciais e municipais compartiron coa responsable da Rede a importancia deste galardón, que se concede a personalidades e institucións que destacan no ámbito cultural.

Tamén valoraron “a oportunidade que o recoñecemento persoal supón tamén desde o punto de vista colectivo, proxectando aos museos provinciais e nomeadamente ao Museo Provincial de Lugo como un espazo de referencia en accesibilidade e inclusión en todo o Estado e como un lugar de encontro arredor da arte e do patrimonio para colectivos sociais



da cidade”.

Neste sentido, destacaron “as accións desenvolvidas para facilitar o acceso ao Museo, como a recente instalación dos códigos Navilens para guiar as visitas de persoas con baixa ou nula visión, e as programacións desenvolvidas en colaboración con colectivos sociais como unha contribución á inclusión e a interculturalidade moi valiosa para a cidade”.

Durante o encontro, visitaron a exposición temporal ‘Museo da Migra-

ción da Rede Museística Provincial de Lugo: punto de partida’, localizada no claustro e no refectorio do Museo Provincial de Lugo, con diferentes paneis que apelan á reflexión das persoas visitantes sobre os procesos migratorios e propoñen fomentar o diálogo intercultural.

Tamén miraron a mostra de ‘As Xoias do Deserto’, unha selección de xoias tradicionais, fotografías evocadoras e vestimentas características das mulleres bereberes.

ALQUILA TU ESPACIO PRIVADO PARA CUMPLES

DE LUNES A DOMINGO

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS (LUGO)

HINCHABLES, FÚTBOL, JUEGOS, MINI DISCO Y MUCHO MÁS...

606 804 864 Total sport

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

Marfer INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

EXIT ERP SOLUCIÓN INTEGRADA Y FLEXIBLE

6/ Alvedro, 2 - Lugo. Tel.: 982 263 084. www.imarfer.com - correo@imarfer.com

A Deputación defende as súas 60 actuacións en materia de turismo

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a última reunión do ano deste órgano participativo e consultivo, no que detallou os principais logros e accións desenvolvidas pola institución provincial no ámbito do turismo. Durante a reunión, Pilar García explicou que a Deputación pechou o 2024 reforzando o seu compromiso cun modelo turístico deseñado para posicionar a provincia "como un destino de referencia, cunha oferta diversa e respectuosa co medio ambiente, que fomenta o desenvolvemento económico local e a valoración do patrimonio cultural e natural da provincia de Lugo". Puxo de

relevancia o incremento das accións estratéxicas de turismo desenvolvidas pola institución provincial, logrando realizar un total de 60 actuacións, dez máis que no pasado ano. Entre os programas destacados do 2024 figura Coñece a túa provincia, que permitiu a 82 asociacións realizar excursións gratuítas por 67 concellos, contribuíndo a achegar o patrimonio lucense aos lucenses participantes. Pola súa banda, as Rutas polo Románico facilitaron que 297 persoas disfrutasen de visitas guiadas a monumentos de gran valor histórico e cultural. A proxección nacional e internacional tamén foi un eixo clave da estratexia turística da Deputación. A institución participou en feiras como

FITUR, Biocultura e Xantar, destacando a riqueza gastronómica e patrimonial de Lugo. Ademais, a colaboración en grandes eventos como La Vuelta e o Campionato de España de Taekwondo foi decisiva para fortalecer a imaxe de Lugo como un destino turístico accesible, atractivo e de calidade. Neste ano a Deputación deu un paso máis na implementación do turismo intelixente e nas experiencias de ecoturismo, logrando recoñecementos como a certificación Starlight para a zona dos Ancares Lucenses. As rutas fluviais superaron todas as expectativas en 2024, con 61.487 viaxeiros, dos cales 46.954 optaron pola Ruta do Canón do Sil e 14.533 pola Ruta do Cabo do Mundo.

Publicadas as axudas provinciais a asociacións culturais

O BOP publicou a resolución definitiva das axudas de concorrencia competitiva para asociacións culturais da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que investiu 380.000 euros nesta liña de apoio ao tecido cultural de base. A resolución confirma a listaxe provisional, publicada en novembro, e recolle a concesión de 431 subvencións -256 para a organización de actividades e 175 para investimentos e equipamentos-, que beneficiarán, fundamentalmente, a pequenos colectivos culturais. A maioría das subvencións destinadas á promoción de actividades culturais destínanse a iniciativas de promoción e difusión do patrimonio material ou inmaterial, a celebracións populares como entroidos, magostos ou foliadas, a iniciativas de formación en música e baile tradicional, obradoiros de teatro ou a edición de revistas mentres, no capítulo de investimentos, as achegas destínanse a financiar a compra de equipamento informático e musical, mobiliario ou en actuacións de mantemento e mellora en locais sociais.

Dous alumnos reciben os Premios Extraordinarios de Bacharelato

A Xunta de Galicia vén de recoñecer a excelencia académica de 20 alumnos que cursaron 2º de Bacharelato no curso 2023/24 cos premios extraordinarios. Este galardón ten como obxectivo valorar os méritos excepcionais acadados grazas ao esforzo e traballo dos estudantes, que completaron esta etapa educativa cun destacado rendemento académico. Para optar ao premio, convocado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, os candidatos debían ter unha nota media igual ou superior a 8,75 puntos no Bacharelato. Ademais, os aspirantes tiveron que superar unha proba presencial que se dividiu en dúas partes. A primeira parte centrouse nunha análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico,

científico ou literario, así como a resposta a cuestións culturais ou lingüísticas sobre un texto na primeira lingua estranxeira II cursada polo alumnado como materia común do Bacharelato. A segunda parte consistiu no desenvolvemento de temas, respostas a cuestións ou exercicios prácticos dunha materia de modalidade cursada polo alumnado, a elixir. Cada un dos galardoados recibirá un incentivo económico de 1.000 euros e un diploma acreditativo. A distinción será reflectida tamén nas certificacións académicas dos estudantes premiados. Na provincia de Lugo hai dous premiados, os dous de institutos da cidade. Trátase de Antía Miragaya Vázquez, que estuda no IES Xoán Montes, e de Rosalía Bernárdez Riopedre, do IES Leiras Pulpeiro.




Melendi súmase ao cartel do Caudal Fest

Melendi, un dos artistas en castelán máis exitosos do século XXI tanto en España como en toda América Latina, estará presente como cabeza de cartel no Caudal Fest 2025. O asturiano únese á cita coa música en directo na contorna fluvial do río Miño xunto a outros grandes nomes xa confirmados como Love Of Lesbian, Dani Fernández, Carolina Durante ou Duncan Dhu. Coa incorporación do cantante asturiano, o Caudal Fest confía en superar as máis de 40.000 persoas que asistiron á súa última edición, consolidándose de novo como o terceiro festival máis importante da comunidade. Melendi é un dos artistas máis exitosos e demandados non só en Galicia senón en toda España. O ovetense

ofrecerá un concerto cheo de grandes éxitos que levan soando nas ondas de todo o país ao longo do presente século. O Caudal Fest 2025 terá lugar os días 19 e 20 de setembro na contorna fluvial do río Miño. "Esta cita é moito máis que música, é unha oportunidade única para posicionar Lugo como un referente cultural e turístico non só en Galicia, senón en todo o país", lembrou a rexedora de Lugo, Paula Alvarellos, quen engadiu así mesmo que "cada edición do Caudal Fest supón unha oportunidade única para dinamizar a economía local, pois hostaleiros, comerciantes e múltiples sectores da cidade beneficianse da chegada de miles de visitantes que enchen Lugo de vida durante as datas de celebración".

SOLIDARIEDADE



O Gustavo Freire acolleu a XIII Gala de Danza a favor de Unicef, organizada polos alumnos do Conservatorio de Danza Profesional de Lugo, nos graos elemental e profesional. Na actuación, o alumnado ofreceu diversas coreográficas que amosaron o seu traballo en diferentes disciplinas. Os fondos recadados destinaranse integramente aos programas de Unicef.

**AZULEJOS Y
PORCELÁNICOS
DESDE 4€**

**MUEBLES DE BAÑO
DESDE 99€**

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

**outlet
sótano**

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIAL LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"

**LIQUIDACIÓN
DE STOCK ANUAL**

(Sólo hasta el 15 de enero)

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

“A escrita é o mellor medio para expresar os sentimentos e a beleza”

O escritor e mestre xubilado Toño Núñez vén de publicar ‘Mea Culpa’

Jessica Fernández

Para quen non o coñeza, quen é Toño Núñez?

Un home... Mestre xubilado, futbolista e cantante frustrado, escritor pouco coñecido... argalleiro consumado. Definirse a si mesmo non é doado... Aspiro a morrer sen deixar moito mal feito ó meu arredor, ós meus semellantes e ó medio no que vivín.

De onde vén esa paixón pola literatura, a poesía e, en xeral, a escritura?

Ata que cheguei ó Instituto Masculino de Lugo, con 11 anos, só lera un libro: Genoveva de Brabante, o único que había na Casa do Souto de Vilamenxide. Lino moitas veces. Con aquel libro gocei e chorei moito. Na casa e na escola de Navia tampouco había libros máis alá da enciclopedia Álvarez. Nunca lin cómics nin literatura infantil e xuvenil. Xa en Lugo, no estudo, comecei a ler as lecturas que nos propoñían na materia de Literatura no instituto e, despois, en Maxisterio. Tamén lin moitas novelas de vaqueiros mentres alindaba

as vacas; disto non me arrepinto, aprendín vocabulario e certo “oficio”. En realidade, nunca fun, nin son, un gran lector. A chamada da escrita foi bastante temperá. Non sei ben por que... Por imitar os e as escritores e escritoras que escribían textos que a min me gustaban, por destacar en algo que me parecía que se me daba ben, por expresar no papel o que non era quen de verbalizar oralmente, por liberar medos e enerxías negativas a xeito de catarse, porque gozaba e gozo facéndoo... Supoño que por todo isto á vez. Debía de ter 15 anos cando escribín o meu primeiro poema, moi becqueriano el, en castelán. No segundo, xa me pasei ó galego e á poesía cívica, pois nel falaba do Gran Suarna, aquel encoro que quixo anegar a vila de Navia de Suarna e boa parte das terras do noso concello e doutros concellos veciños. Sendo xa profesor, escribín un relato, presenteino a un concurso e déronme o primeiro premio, e iso axudoume moito a crer en min e a tomar máis en serio a afección pola escrita.

Cre que é necesario para a alma expresar o que sente?

Para min, a escrita sempre foi o mellor medio para desabafar e para expresar os sentimentos e a beleza.

O seu lugar de orixe, Navia de Suarna, é un lugar que lle inspira?

En Navia de Suarna cheguei ó mundo e fun, pouco a pouco, descubrindo a realidade que me rodeaba: natural, familiar, social, lingüística... Eu creo niso de que a infancia, e a mocidade, son a patria do home e da muller (Rilke). Alí, afúndense as miñas raíces e alí está a esencia do meu ser. E como eu só sei escribir do que coñezo, e ese mundo é o que mellor coñezo, inevitablemente, no pouco que eu levo escrito, Navia e as súas xentes están, case sempre, están moi presentes.

Que máis lle inspira?

En todas as facetas da vida, medramos grazas ós referentes. No meu caso... Rosalía, Castelao, Fole, Celso Emilio, Neira Vilas, Antonio Machado, Miguel Hernández, Rivas, Olga Novo... Tamén bebín e bebo moito nas fontes da literatura popular.

De que obra se sente máis satisfeito?

Da obra que máis satisfeito me sinto é da familia que fomos creando a miña compañeira de vida e máis eu. No literario, non sei... o conxunto. Quizais os primeiros libros publicados sexan os que máis ilusión che fan. Moi pouco a pouco, foi medrando a colleita. Teño un feixiño de libros para nenas e nenos, máis dunha ducia, dos que me sinto ben satisfeito, algúns deles, mesmo traducidos a outras linguas: castelán, portugués e portugués do Brasil. Publicar o primeiro libro para adultos, ‘Navia, Nai’, foi todo un acontecemento para min. Tamén teño unha recompilación de poesía, ‘Poemas de Amor en Outono’, e outra de relatos ‘Mea culpa’ que me levan dado e me seguen dando moitas alegrías. Os poemas musicados, máis de trinta... Os textos publicados na prensa... Mais, si, o conxunto é o que máis valoro.

Gústalle máis escribir obras infantís ou obras para adultos?

Normalmente, a un gústalle máis facer aquilo que mellor se lle dá. Comecei a publicar algúns contos que escribía para as miñas alumnas e alumnos de Infantil. Despois, chegaron as nosas fillas e foi moi gratificante escribir tamén pensando nelas. Mais non é doado entrar na mente das nenas e dos nenos, entender e saber dirixirse ós seus intereses. Escribir para lectoras e lectores adultos resúltame, quizais, máis doado porque un escribe historias que a un mesmo lle gustaría



ler; o caso é ter talento para facelo con calidade. Que me gusta máis? Depende das circunstancias e do momento.

O seu último libro, Mea Culpa, que quere expresar?

É un libro moi heteroxéneo, sen unidade temática, en contra do que se leva agora. Nada orixinal, os temas universais da literatura: amor, desamor, dor, inxustizas... a condición humana... o destino, o azar, o suicidio... a vida e a morte. Ata inclúe un relato dedicado á felicidade. Non hai ningún relato que non aborde algún tipo de conflito humano ou social, polo tanto, penso que invitan á reflexión; ou esa foi a miña inten-

“Gustaríame escribir un libro epistolar dirixíndome a un personaxe clásico da literatura galega”

ción ó escribilos.

Un escritor, unha escritora, nace ou faise?

Velaquí a eterna pregunta. Eu creo moito na xenética. Se no físico nos parecemos ós nosos pais e antepasados, como non imos parecer nos no emocional e no intelectual? Eu penso que nacemos cunhas potencialidades, despois, as circunstancias axudarán ou impedirán, en maior ou menor medida, que esas potencialidades se manifesten e desenvolvan. Eu non creo niso de que todos podemos ser escritores, músicos, pintores... Se eu tivese que vivir do volante, poñamos por caso, mal me iría por moito que me esforzase.

Ademais da escritura, tamén participa e organiza actos culturais. Que papel ten a cultura na súa vida?

Nacín na aldea, na agricultura. Despois, as circunstancias leváronme polo camiño da cultura e nel sigo.

Agricultura, cultura, cultivar... Seguramente sexa o campo no que mellor me desenvolvo e o que mellor me permite ser eu mesmo. A humanidade non avanzaría sen a cultura, material e inmaterial, entendendo a cultura como acumulación de experiencia e de coñecemento. Como profesor, transmitín coñecemento; como escritor, móvome máis no ámbito da faceta creativa.

A vida en comunidade é clave para unha vida feliz e plena?

Penso que a vida feliz, plena, é unha aspiración permanente e un logro intermitente. En todo caso, cantar, nun coro, fregando ou nun xantar con amigas e amigos, axuda moito a que a vida sexa máis amable; o mesmo que cultivar a amizade.

E con respecto a súa etapa como mestre, cales son as experiencias vitais que se leva?

Do ensino, o que máis me gustou sempre foi a relación humana que se establece co alumnado. Transmitir valores positivos dende a coherencia sempre me pareceu tan importante ou máis que transmitir coñecementos. Atoparme agora con exalumnas ou exalumnos e saber que lles vai ben dáme moita alegría. Aprendín, sobre todo, a entender a diversidade e a controlar as emocións, máis alá de mellorar día a día na miña competencia profesional, dado que a formación inicial fora moi deficiente.

Cales son os seus proxectos futuros? Ten en mente outra obra?

Si, quero recuperar algúns proxectos que teño iniciados e aparcados dende hai tempo. Un deles vai dirixido, precisamente, a público infantil, un traballo literario e musical. Tamén teño agardando os Balbinos, unha saga dunha familia moi viaxeira que xa quere emprender novas viaxes; primeiro por diferentes pazos da xeografía galega e, despois, polos Ancares. A maiores, gustaríame escribir un libro epistolar dirixíndome a un personaxe clásico da literatura galega co que me identifico moito. A ver... a modifílo.



A colaboración de Concello e USC impulsará a transferencia de I+D+i

Rubén Arroxo, tenente alcalde do Concello de Lugo; e Antonio López, reitor da USC, avaliaron a colaboración entre a Tenencia de Alcaldía e a Universidade, na que Arroxo destacou a importancia do Campus Terra na transferencia de I+D+i a diversos sectores “un aspecto clave na economía lucense”, e afirmou que “o Campus Terra é un referente na modernización do sector primario a través da ciencia e da innovación”.

Arroxo destacou “a implicación da Tenencia de Alcaldía coa actividade cultural da Universidade”, e destacou o proxecto Lugo Cultural “que nos permite organizar actividades de maneira coordinada entre a USC e as áreas de Cultura do Concello e da Deputación, favorecendo tamén o achegamento da comunidade universitaria á cultura”.

Tamén destacou o Lugo Cultural como un ciclo “que permite ofrecer actividades culturais diversas



a toda a veciñanza e á comunidade universitaria, garantindo o acceso a unha programación de calidade de xeito gratuito” e valorou positivamente “o achegamento entre a cidade e o campus coa reforma das liñas de bus urbano”.

Ademais, subliñou a mellora de conexións do campus con ata 8 liñas comunicando a USC e o resto da cidade e puxo en valor os descontos para a comunidade universitaria,

que “permiten un importante aforro no bus urbano”, ao pasar o billete de 0.64 a 0.45, con transbordo gratuito. Arroxo afirmou que “seguiremos colaborando coas actividades que nos propoña a USC para achegar a ciencia ás rúas”, e neste sentido destacou o encontro G-Night, un encontro europeo de divulgación científica que nos dous últimos anos se realizou no Mercado Municipal Quiroga Ballesteros.



Presentada a Asociación de IXP Viños de Galicia

O Pazo de San Marcos foi o escenario dunha importante xornada para os viños galegos coa presentación da Asociación de IXP de Viños de Galicia. O evento congregou a adegoiros representativos das cinco indicacións xeográficas protexidas (IXP) de Galicia, incluíndo a renovada IXP Terras do Navia.

Promovido pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, o acto serviu para fortalecer a colaboración con adegoiros locais e para impulsar o recoñecemento e a difusión dos viños galegos no sector da distribución e a restauración. A xornada foi enriquecida con relatorios de varios

adegoiros que detallaron as características e os retos de cada zona produtora.

Como parte do evento, celebrouse un brindado institucional coa participación de autoridades locais e adegoiros, manifestando o apoio colectivo ás indicacións xeográficas.

A tarde foi dedicada á cultura e a degustación, con ‘Viños con música’, unha experiencia aberta ao público onde os asistentes gozaron de viños presentados polos propios produtores, xunto con música en directo a cargo de intérpretes que evocaron as tradicións musicais das zonas vitícolas representadas.

A Deputación inviste 370.500 euros na universidade en excelencia formativa

Fírmase tamén un acordo de colaboración entre a Universidade e a Deputación de Lugo polo cal a institución provincial destina 370.500 euros á entidade universitaria para continuar impulsando a excelencia formativa do Campus de Lugo e mantelo como un referente no eido académico.

O presidente, José Tomé Roca, enmarcou este convenio dentro do “compromiso do organismo provin-

cial co ensino público superior, a través dunha achega económica para desenvolver diferentes programas académicos no Campus Lucense”.

En concreto, esta aportación permitirá reforzar os institutos e centros de investigación; mellorar as infraestruturas docentes; potenciar a divulgación científica, colaborando, por exemplo, co campus de verán Xuvenciencia ou con outras actividades, cursos e xornadas; e tamén

vai dirixido á promoción de prácticas obrigatorias na Granxa Gayoso Castro da Deputación.

Antonio López tamén destacou que grazas ao pulo da institución tamén se melloran as infraestruturas docentes do Campus de Lugo e faise divulgación científica que permite “poñer en valor a singularidade investigadora deste campus especializado en toda a riqueza que emana do medio rural galego”.

Aumentan un 4,5 % o número de rupturas matrimoniais

O número de demandas de ruptura matrimonial (nulidades, separacións e divorcios) presentadas en Galicia no terceiro trimestre do 2024 foi de 1.077, fronte ás 1.031 que se rexistraron no mesmo período de 2023, o que supón un aumento do 4,5 %. Poñendo en relación as demandas de ruptura matrimonial coa poboación

obsérvase que, por cada 100.000 habitantes, en Galicia se contabilizaron, no período estudado, 39,8 demandas, practicamente as mesmas que a media estatal (39,6). Na comunidade descendieron os divorcios consensuados (de 627 a 613, un 2,2 %) e aumentaron os non consensuados (de 379 a 430, un 13,5 %).

estudios rafer

Un nuevo año, una nueva oportunidad. Certifica tu futuro con Estudios Rafer

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL

Titulaciones oficiales para el empleo

MEJORA TU EMPLEABILIDAD

Estudios muy demandados que garantizan la estabilidad y seguridad laboral

Estudios Rafer pone en marcha un Programa de Formación dirigido a desempleados y trabajadores, dentro del Plan formativo para el empleo de Galicia. Fórmate con nosotros

CERTIFICADOS PROFESIONALES

100% GRATUITOS

TITULACIONES OFICIALES PARA LA ESTABILIDAD LABORAL

PROGRAMA GRATUITO DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL

INSCRÍBETE GRATIS

LA FORMACIÓN DIGITAL PARA AUTÓNOMOS Y TRABAJADORES DE PYMES

ADMINISTRACIÓN
MARKETING
FINANZAS

OBRA CIVIL
COMPETENCIAS DIGITALES
LOGÍSTICA

SOCIOCULTURAL
TURISMO
MEDIO AMBIENTE

www.estudiosrafer.es

formacion@estudiosrafer.es

666 483 504 / 982 22 26 49

www.digalicia.es

672 06 33 31

“A enfermidade renal tense que adaptar á túa vida e non ao revés”

María José Otero, da Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril

Jessica Fernández

Cando xorde a asociación Alcer Lugo?

A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril (ALCER) naceu en Lugo no ano 1981 pola demanda que había dunha asociación por parte dos enfermos renais na provincia de Lugo. Eu de presidenta levo 6 anos e agora mesmo hai na provincia de Lugo 160 pacientes en tratamento de hemodiálise, en tratamento peritoneal en casa 45 pacientes, e en hemodiálise domiciliaria, 21. Ademais, temos entre 450 e 500 socios que forman parte da asociación.

Cales son os obxectivos que persegue esta asociación?

Alcer Lugo nace para a atención integral dos enfermos renais. Un enfermo renal é un enfermo crónico que pode estar en cinco fases do desenvolvemento da enfermidade. Cando chegas ao grao 5, no que os teus riles xa non funcionan, necesitas axuda, polo que demandas tratamento substitutivo de diálise. É dicir, necesitas unha máquina que che axude a filtrar aqueles desfeitos que os teus riles non poden. Por iso, é moi importante a alimentación, xa que os teus riles actúan as 24 horas do día, pero unha máquina actúa durante 4 horas cada 48 horas. A máquina vai tentar limpar todo o que comiches o bebiches durante esas 48 horas.

Os obxectivos principais son ofrecer información a calquera persoa, teña unha enfermidade renal ou sexa un familiar ou achegado dun enfermo real, para que entendan a nova situación vital, así como ofrecer acompañamento constante a esas persoas e ofrecerlles os nosos servizos para que a súa vida sexa o máis normal posible, así como tamén pro-

movemos a doazón de órganos, que é fundamental e somos a única asociación de Lugo que pide a doazón de órganos e tecidos.

Falando dos servizos, podería falar dos que se ofrecen en Alcer Lugo?

Ofrecemos un servizo de nutrición, xa que é moi importante a alimentación para promover unha vida sa e que non haxa un sobreesforzo do traballo que se xera nos riles ou no caso das hemodiálises.

Ademais, temos un servizo de psicoloxía, xa que unha insuficiencia renal provoca sempre un ‘shock’ na vida de quen a padece. Normalmente, non é algo que vai de cara, senón que cando xa che aparece significa que non hai volta atrás e non vai mellorar, sempre vai ir cara adiante. Por iso é importante axudar psicolóxicamente porque é un pau difícil de superar, xa que a túa vida vai depender dunha máquina; aínda que tamén está a opción do transplante, pero segues sendo un enfermo renal. Seguirás tomando un tratamento e facer unhas revisións.

Ademais, contamos cun traballador social que se encarga de axudar aos enfermos renais co tema burocrático, como a solicitude da incapacidade, pedir unha persoa para que te axude na túa casa... É dicir, as asociacións estamos para axudar a cubrir as necesidades dos enfermos renais que non se cobren na seguridade social. Non é porque pensemos que funciona mal, senón porque os recursos chegan a onde chegan. Se unha persoa necesita terapia psicolóxica porque acaba de ser diagnosticada cunha insuficiencia renal e pide cita para psicoloxía na seguridade social, daránlle cita para dentro de 6 meses, e aquí atendemos ás per-

soas máis rapidamente. Finalmente, temos un servizo de taxis, e somos os únicos en Galicia, para ofrecer ao enfermo renal a posibilidade de acudir a calquera dos grandes hospitais da provincia de Lugo (Lugo e Burela) e as clínicas concertadas de Lugo e Monforte ,en taxi compartido con outras persoas coa súa patoloxía, de maneira que chegan antes. Así, desde o ano 2003 ofrecemos esta posibilidade, que mellora considerablemente a conciliación da vida coa enfermidade dos enfermos renais.

Como se leva a vida tendo unha enfermidade renal?

Desde a Asociación sempre intentamos comunicar o que implica ter unha enfermidade renal de forma asertiva e explicativa, porque ás veces os médicos explícanos de maneira técnica e veñen á asociación con dúbidas. Eu sempre intento transmitir-lles a idea de que a vida segue, porque a xente se asusta e pensa que todo rematou, pero non é así e, sobre todo, a enfermidade tense que adaptar a túa vida, e non ao revés. Por exemplo, se tes que facer unha viaxe, podes facela. Hai que programar as cousas e pedir facer a diálise noutra cidade ou incluso pedir que che poñan unha máquina onde esteas, pero pódese facer. A Xunta de Galicia ten un convenio coa empresa Palex Medical e a min, concretamente, puxéronme unha máquina para facer hemodiálise nun hotel de Sevilla. Eu sempre digo que levo xenial a miña enfermidade, pero porque tiveron uns pais fantásticos que sempre me axudaron e estiveron aí. Son consciente da gran sorte que teño. É moi importante rodearte de xente que te apoie e que te anime, e tamén hai que facer o posible por non



cargar de máis ás persoas que están contigo.

Ademais dos servizos, organizan actividades.

Todos os anos organizamos unha xornada especial de Alcer Lugo e cada ano innovamos con diferentes temáticas nas que facemos participar aos enfermos renais. Este ano foi sobre ocio e deporte, mostrando a importancia de desfrutar da vida, pero outro ano foi sobre transplantes. Sempre intentamos que veñan persoas inspiradoras para aprender deles e para tomalas como referentes de loita e saír adiante.

Ademais, organizamos a carreira solidaria da man de Detradi Galicia, a Asociación Galega de Deportistas Transplantados e en Diálise na que fomentamos a doazón de órganos. Nesta iniciativa, para nós, é moi importante dar visibilidade a persoas con enfermidade renal transplantada que fai deporte e que incluso chegan a competir en iniciativas deportivas, polo que nos interesa moito chegar á xente nova a que participe desta actividade e que vexan a importancia da doazón, xa que ninguén está libre de poder necesitar órganos nalgún momento da súa vida.

Por outra parte, impartimos cursos de receitas de cociña especiais para ter unha boa alimentación, facemos cursos de psicoloxía, facemos clases de taichí... en xeral estamos abertos ao que vemos que interesa e que é importante para os nosos socios e

para a sociedade. Ademais, Alcer Lugo colabora co servizo de Nefroloxía do HULA cun programa que se chama ‘mentoring’. A través del, persoas que xa levan moito tempo e que viviron moitas experiencias coa súa enfermidade renal expoñen estas vivencias a outras persoas que acaban de entrar no mundo da insuficiencia renal e van guiando o proceso. Isto gusta moito porque é importante escoitar a persoas que che axudan coa súa propia experiencia.

Cales son as necesidades da asociación?

Necesitamos máis apoio. O Concello de Lugo, a Deputación e a Xunta dan nos axudas e están aí para colaborar, pero sempre fai falta máis. Ademais, Cogami tamén nos axuda a poder pagarlle á psicóloga, ao nutricionista e ao traballador social, pero están a media xornada e teñen traballo para estar a completa.

Alcer Lugo ten futuro?

Coa situación económica que hai, é complicado ter expectativas de futuro, porque a nós gustaríanos poder ofrecer máis servizos, pero non chegamos. Eu sempre teño a espiñiña de non poder chegar a todos os lugares da provincia, porque temos unha poboación moi dispersa e cando facemos un curso en Lugo, non podemos esperar que veña unha persoa de, por exemplo, A Fonsagrada, que xa ven tres días á semana ao hospital. Non vai vir un cuarto por unha charla, teríamos que ser nós os que fósemos ata os concellos máis pequenos, pero non hai recursos. Porén, esta asociación sempre estará activa, porque as enfermidades renais non van deixar de existir e necesitamos coidarnos entre nós, xa que é unha enfermidade silenciosa que afecta a 1 de cada 10 persoas. Por iso, é tan importante dar información, para que as persoas entendan por que ten esa enfermidade e que pode facer a partir de agora para levar unha vida o máis normal posible. E quero insistir antes de rematar, que as enfermidades renais poden deberse a factores hereditarios, problemas no nacemento e ao estilo de vida que leven as persoas. Por iso, lembramos as oito regras de ouro: coidar a alimentación, facer exercicio, beber auga, controlar a hipertensión, non fumar, non automedicarse, evitar o azucre e evitar ou controlar a diabetes.



As Empresarias entregan os seus premios anuais na gala Son Muller

A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo celebrou a gala de entrega dos Premios Son Muller 2024.

Desde o ano 2018, os Premios Son Muller son unha cita imprescindible para recoñecer e visibilizar o papel fundamental das mulleres profesionais no desenvolvemento económico e social de Lugo. A través de tres categorías -Empresaria, Empresaria Rural e Emprendedora- destacan historias de superación, innovación e compromiso que enriquecen o tecido empresarial da provincia.

Anjhara Gómez, presidenta da en-

tidade, “destacou a dedicación das mulleres lucenses ao mundo empresarial e fixo incidencia no traballo, en ocasións pouco visibilizado, que xoga un papel fundamental no desenvolvemento económico do territorio”.

En cada unha das categorías outorgáronse dous galardóns. Un primeiro premio, dotado con 1000 euros; e, un segundo premio, de 500 euros. Ambos, cun ano de cota gratuítas como asociada da Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo e un xogo de artesanía en cerámica, Matrioskiñas Galegas, elaborado por unha artesá lucense

e deseñado especialmente para o premio.

O premio da categoría Son Emprendedora foi para Carmen Rojas, de Tapicería Artesanal Hermanos Rojas, mentres que no de Son Empresaria impúxose Shirley Rodríguez, de Pacific Soul Tattoo. No último premio, Son Empresaria Rural, a gañadora foi Laura Vallejo.

Os Premios Son Muller son posibles gracias ao esforzo e organización do traballo que AELU pon en marcha cada ano e ao apoio e financiamento de catro institucións: a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de



Lugo, a Xunta de Galicia e Abanca.

Estes recoñecementos representan un apoio económico e son un impulso moral e unha oportunidade para que as mulleres profesionais sexan referentes no ámbito empresarial.


O fallo do xurado da VII edición dos Premios Son Muller, que tivo lugar o 4 de decembro “foi complexo de dirimir pola calidade dos proxectos presentados”, explicaron os organizadores.

Inaugurouse en Lugo a Casa da Misericordia de Cáritas Diocesana

Diversas personalidades da Deputación de Lugo, da Xunta de Galicia e do Concello de Lugo participaron na inauguración da Casa da Misericordia de Cáritas Diocesana en Lugo.

O deputado Rivera Capón destacou que este novo espazo “permitirá albergar temporalmente a presos que salgan de prisión e non teñan onde quedarse”.

Pola súa parte, o director xeral de Inclusión Social da Xunta, Arturo Parrado, destacou o interese deste novo recurso destinado á reinserción social das persoas que saen do cárcere. Arturo Parrado sinalou que a Casa da Misericordia é un recurso integral, caracterizado pola personalización dos apoios e nunha contorna urbana para fomentar unha mellor integración social. Así mesmo, destacou a importancia de ofrecer unha atención profesional e de calidade como



a que representa esta iniciativa.

Nesta liña, o director xeral fixo fincapé en que este recurso pola súa orientación específica ten, ademais, un carácter novidoso e complementario a outros promotores da inclusión social da poboación vulnerable. Máis alá de atender as necesidades básicas e apoiar os procesos de rein-

serción social das persoas en reclusión ou exreclusión, comprende a atención aos seus achegados.

Arturo Parrado tamén agradeceu o labor da entidade por seguir impulsando iniciativas de atención ás persoas máis vulnerables. Deste xeito, trasladoulle o compromiso da Xunta de seguir apoiando e colaborando.

EN BREVE

AEC. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reuniuse con Mari Luz Abella e parte do equipo que durante os últimos nove anos estivo á fronte da Asociación Española contra o Cancro na provincia, na que lles agradeceu o “excelente labor” desenvolvido neste tempo. Arias destacou “a intensa presenza” do colectivo durante esa etapa, fomentando actos sociais, culturais ou deportivos, entre outros, que “demostraron a súa capacidade para sumar cada vez a máis persoas nesta causa común”.

LOTERÍA. Como todos os anos, a Lotería de Nadal tamén tocou algo en Lugo. O terceiro premio, de 500.000 euros por serie, co número 11840, caeu en Ferrol, O Grove, Vigo, Viveiro, Meira, Lugo, Noia, O Porriño e Cortegada de Barros. A maior parte do premio tocou na cidade Lugo nun estanco situado no número 492 da Avenida da Coruña.

A administración vendeu 25 décimos, o que significa que tocaron 1,25 millóns de euros. Unha administración da Avenida da Coruña vendeu un só décimo dun cuarto premio, o 77.768, repartindo así 20.000 euros. O primeiro premio dos quintos premios, que repartiu 60.000 euros por cada serie, caeu en Lugo a primeira hora co número 37876. Tamén outro quinto premio, o da serie 74778, repartíuse en Lugo, Foz, Ourense, Pontevedra, A Coruña, Vigo, Nigrán e Narón.

PROTECTORA. A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo organiza, ata o 11 de xaneiro, un mercado solidario na esquina que cruza San Pedro e Campo Castelo. O mercado estará aberto en horario de tarde, de 17.30 a 20.30, e convidase a todos os asistentes a achegarse para coñecer a algúns dos peludos que esperan atopar un fogar cheo de amor.



*Clinica dental
Mosquera Otero*





Regist. San. Galicia: C27-001319



Te damos una razón
PARA SONREIR

- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

“Necesitamos máis implicación nas actividades”

Julián Alonso, presidente da Sociedade Micolóxica Lucus desde o ano 2001, valora a evolución da asociación e o momento actual, destacando a necesidade de implicación dos socios nas actividades que se organizan

Jessica Fernández

Cando e por que nace a Sociedade Micolóxica Lucus?

A asociación nace en 2001 como unha iniciativa dun grupo de afeccionados á micoloxía que en, o contexto duns cursos que organizaba o Concello, decidimos reunirnos para crear unha asociación que canalizase as inquietudes da xente no ámbito da micoloxía, así como organizar actividades, gozar desta afección común, informar...

Cales son os obxectivos e valores?

Os obxectivos e valores son o estudo, promoción e divulgación da micoloxía, pero tamén promover o coñecemento e a defensa da natureza. Tentamos innovar tamén, pero hai que ter en conta que isto se saca do tempo persoal e laboral e non hai tempo para abordar todo o que queremos. Somos un grupo no que compartir intereses e inquietudes, xa que as relacións humanas tamén están presentes na asociación.

Como valoran a traxectoria?

Para nós, é unha traxectoria positiva. Foi moi rapidamente ascendente, xa que ao principio eramos poucos, ao redor de 40, e agora somos uns 280 socios. Somos a asociación de micoloxía en número de socios máis grande de Galicia. Con respecto ás actividades, tamén foi ascendente, xa que ao principio tiñamos poucos medios e non tiñamos local social, o centro educativo Galén cedíanos unha aula. Logo, empezamos a facer actividades, como exposicións, cursos, saídas ao campo... e fomos establecendo colaboracións con institucións para crecer e ter un sustento de financiamento para poder facer actividades. A única pega é que, durante os primeiros anos, e con

menos medios, había ambiente asociativo de participación e, agora -e é un problema do asociacionismo en xeral-, bótase en falta que a xente se implique, xa que colabora e participa pouco. Non somos unha empresa de servizos, somos un conxunto de socios con intereses comúns, polo que é importante participar.

Que actividades organizan?

Ao longo dos anos, fóronse consolidando unhas actividades permanentes e, a maiores, facemos outras excepcionais. Unha actividade é os Luns Micolóxicos, porque a fin de semana a xente sae, observa e recolle; e os luns reunímonos e analizamos os cogomelos que levan para aprender. Por outra banda, todos os anos facemos paseos micolóxicos na contorna de Lugo para ver a contorna micolóxica da tempada. Facemos tamén a primeira fin de semana de novembro a exposición micolóxica, que agora a acolle o Pazo de San Marcos da Deputación de Lugo, que é das máis vistas que se fan en Galicia. Tamén facemos todos os anos unha excursión a finais de primavera de todo a fin de semana a Galicia ou Portugal con finalidade naturalista e cultural. Ademais, todos os anos facemos unha degustación, como un acto de confraternidade cos socios; e hai máis de 10 anos organizamos un premio, o Cogomelo Lucus, que se lle entrega a unha entidade como recoñecemento polo seu percorrido e o seu apoio á asociación. Como última actividade permanente, temos a redacción anual da Revista Micolucus, que trata temas de natureza e micoloxía.

Como actividades engadidas, colaboramos en estudos de diversidade nunha zona concreta e tempada con

expertos en plantas, fungos... nos que tamén pode participar a xente do montón, e que axuda a coñecer a diversidade da zona e aprender, porque hai xente experta en diferentes disciplinas. Durante o ano, tamén adoitamos facemos cursos de micoloxía; un dunha semana coa Deputación de Lugo e outros ao redor dos concellos da provincia sobre cultivo de cogomelos ou algún tema de natureza de interese. E á parte disto, tamén se fan eventos relevantes como un encontro de micoloxía que organizamos en 2013, unha excursión para transmitir os valores de Lugo e a súa contorna... sempre se aborda algo especial ou fóra do que está consolidado. Ademais, colaboramos con outras asociacións micolóxicas. Aquí na provincia somos cinco, nós en Lugo, a de Sarria, a de Monforte, a de Sober e a de Foz, e tamén facemos actividades conxuntas e respectámonos nas actividades dos demais.

Crearon a Guía Micolóxica da Provincia de Lugo, como foi o proceso?

A guía naceu no contexto dun proxecto da Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación de Lugo. Un dos traballos que se fixeron foi a creación dunha guía divulgativa da provincia redactada por catro membros da asociación: eu, Julián Alonso, José Castro, María Cristina García-Echave e Antonio Rigueiro. Queríamos crear unha guía que fose básica e que servise para alguén que se quere iniciar no mundo da micoloxía, pero á vez rigorosa e relacionada cos aspectos básicos do mundo da micoloxía e dos fungos. Así, conseguimos unha guía que nos satisfai porque integra as especies máis representativas dos hábitats da provin-



cia e permite ser manexable, é como unha guía de campo. Como comentaba, editouse no marco da Universidade e da Deputación de Lugo, polo que se entregaba nos actos organizados por estas entidades, pero non estaba permitida a súa distribución e venda, polo que decidimos sacar unha segunda edición cuxa propiedade é da Sociedade Micolóxica Lucus, o que permite ser distribuída e vendida para que poida dispoñer dela calquera persoa interesada da sociedade. Os fondos que se xeran a través desa distribución serven para toda a asociación, non en beneficio dos catro editores.

Que nos podemos atopar nesta guía?

O que nos podemos atopar é unha parte introdutoria sobre as características físicas e ambientais da provincia de Lugo, logo vén o á parte da micoloxía, na que se expoñen conceptos claros dos fungos; e despois céntrase en criterios para identificar os distintos cogomelos hai, engadindo unha parte de toxicidade; e logo vén a parte descritiva con fichas que inclúen a descrición de 202 especies representativas da provincia de Lugo coas partes de cada cogomelo; mentres que a parte final ten a lexislación aplicable a estas actividades, un glosario e un dicionario técnico da terminoloxía, terminando coa bibliografía na que se inclúen artigos e traballos consultados.

Que beneficios ten iniciarse no mundo da micoloxía?

Somos unha provincia con moito interese pola micoloxía. Eu creo que, como outras disciplinas da natureza, isto permíteche estar en contacto co medio natural e todo o positivo que ten: permíteche gozar dela, valorala e estudala. Ademais, compártense coñecementos, polo que transmitimos o valor da solidariedade e o do compañeirismo; valórase a contorna, apréndese a preservalo e tamén é beneficioso porque tes unha actividade física. Todos estes valores humanos positivos poden transmitirse nesta actividade, pero hai que ter

unha mínima sensibilidade.

Ademais do coñecemento da micoloxía, transmiten o coidado da natureza, por iso son contrarios a proxectos que poñan en perigo os ecosistemas.

Un dos obxectivos desta asociación é a defensa da natureza e nós sempre temos en conta as consideracións que teñen os nosos socios e tomamos decisións na asemblea xeral. Un dos nosos membros expuxo a problemática da instalación da planta de macrocelulosa Altri na nosa provincia e decidimos facernos eco da nosa desconformidade por un motivo naturalista. Nós non somos asociación de ningunha bandeira e entre os nosos socios hai todo tipo de orientacións políticas, así como non estamos en contra do desenvolvemento industrial; pero se consideramos que Altri pon en risco os ecosistemas e, como consecuencia, o ámbito da micoloxía nunha zona moi rica e diversa. Segundo os estudos e debido á súa dimensión, vai ter un impacto negativo sobre o mundo animal, a flora e a fauna, así como afectará as augas e provocará emisións de gases que será negativo para os fungos que viven asociados coas plantas e así aumentará a debilidade destes ecosistemas.

Cales son os proxectos futuros da Sociedade Micolóxica Lucus?

O proxecto máis importante da asociación é interno. O maior reto é persistir como tal e funcionar como unha asociación, que a xente se implique e entendan que unha asociación é un conxunto de xente con intereses comúns con dereitos e obrigacións, como colaborar. Así, consideramos que temos un problema de renovación de directiva, xa que é importante que haxa xente que veña con boas ideas; isto desgasta, non é bo que eu leve 23 anos de presidente. Sería positivo que houbera renovación e cambios. Con todo, se teño que seguir un ano máis, fareino con todas as ganas, pero pedindo que os nosos socios sexan máis participativos nas actividades que organizamos.

ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUIHO

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.

TEL: 685 99 89 77

CLASES DE REPASO

Por semanas y quincena

TODAS LAS ASIGNATURAS

Francés e Inglés

Destacan o labor das novas áreas de investigación sanitaria do HULA

Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade da Xunta, resalvou a relevancia de dotar o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) dunhas instalacións “á altura do compromiso deste centro e dos seus profesionais coa investigación sanitaria”.

Xunto co xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, Caamaño visitou as novas áreas de investigación sanitaria nas que se procurarán solucións máis avanzadas e eficaces para mellorar a saúde dos pacientes.

O potencial investigador de Lugo constátase, sinalou Gómez Caamaño, “cos 40 ensaios clínicos que están a desenvolver na actualidade e que fan do HULA un espazo de referencia na investigación contra o cancro”.

Así, comentou que a área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos conta con 707 profesionais involucrados en actividades de investigación. Indicou tamén o conselleiro que é significativa a concesión ao HULA de financiamento por parte do Instituto de Saúde Carlos III para



investigación clínica en dúas convocatorias, despois de competir con centros de todo o Sistema Nacional de Saúde.

A área sanitaria e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (Fidis) investiron preto de 700.000 euros na creación dunha unidade de investigación clínica e novos espazos para a actividades investigadora do Fidis. “Isto permite habilitar un espazo de vangarda e dotalo con equipamento punteiro, ao servizo do progreso da ciencia da saúde”.

Gómez Caamaño salientou o incre-

mento de recursos que captan os servizos de oncoloxía, cardiología, pneumología ou hematología, que, a través do seu traballo transversal, constitúen o verdadeiro motor da investigación clínica de Lugo. Estas novas instalacións servirán para captar talento investigador, tanto en etapas predoutorais como posdoutorais. Ademais, o conselleiro de Sanidade, acudiu á planta de pediatría para facer entrega de agasallos de Nadal a nenos e nenas ingresadas e no ao Hospital de Calde percorreu a exposición de obras artesanais elaboradas polos pacientes de psiquiatría.

Bernardo Valdês segue como responsable comarcal do BNG

O BNG celebrou a súa asemblea comarcal como dentro do proceso de renovación orgánica iniciado coa celebración da XVIII asemblea nacional do BNG. Así, decidiuse que formarán parte da executiva comarcal Bernardo Valdês (Cervantes), como responsable comarcal; Maite Ferreiro, vicerresponsable (Lugo); Efrén Castro (Sarria), Elvira Lombao (Outeiro de Rei), Xosé Manuel Becerra (Baralla), Iria Castro Fernández (Castroverde),

Cosme Pombo Rodríguez (O Incio), Esther López Rodríguez (Lugo), Brais Vázquez Lamazares (Monterroso), M^a Jesús López López (Samos), Manuel López Louxedo (A Fonsagrada), M^a Dolores López Cayón (Friol) e Adrián López Rancaño (Castro de Rei).

Así, estes representantes estarán reforzados no consello comarcal cunha ampla representación de compañeiros e compañeiras das localidades da



comarca. Bernardo Valdês agradeceu o traballo feito aos integrantes da anterior executiva e o consello comarcal.

EN BREVE



DAKAR. Os nenos e nenas ingresados na área de hospitalización do servizo de Pediatría do Hospital Universitario Lucus Augusti recibiron a visita do piloto monfortino Eduardo Iglesias. Xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, Iglesias entregoulles agasallos nas vésperas do Nadal e respondeu ademais a todas as cuestións dos cativos sobre a súa vindeira participación no Rally Dakar 2025.



MICOLOXÍA. O presidente da Sociedade Micolóxica Lucus, Julián Alonso, presentou a undécima edición da revista Micolucus, que conta cunha achega da Deputación de Lugo de 3.500 euros. Este novo número, recolle traballos científicos e divulgativos do eido da micoloxía, a botánica, a ornitoloxía ou o astroturismo e tamén temas como a biodiversidade de zonas serpentinais ou as orquídeas silvestres da provincia de Lugo.



PAPANOELADA. A Papanoelada Motera que se celebrou na cidade congregou a decenas de afeccionados ao motor sobre dúas rodas, que se deron cita no aparcadoiro das Termas para percorrer Lugo, rematando en Augas Férreas. Ademais, este ano sumáronse tamén algúns coches, polo que a cifra de vehículos chegou a superar o centenar.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694
629 817 933


comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

Conversa con Paula Fraga Arias, xurista e feminista

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

A miña colaboración é unha conversa con Paula Fraga Arias, avogada especializada en dereito penal e de familia, nacida en Lugo pero que actualmente exerce a súa profesión en Madrid, mantendo un forte vínculo con esta cidade, non só a través dos vínculos familiares senón tamén profesionais. **O teu labor profesional céntrase sobre todo na defensa dos dereitos da muller e da infancia. Por que escolliches esta especialidade e non outras?**

Elixín esta especialidade porque aínda que dende as institucións se difunde un discurso supostamente feminista e de protección da infancia, o certo é que no meu traballo como avogada vexo importantes fallos no ámbito xudicial que acaban na revictimización das mulleres vítimas de violencia de xénero e na desprotección dos menores. Sempre tiver unha sensibilidade especial no que se refire ás mulleres e ás nenas, pero estes fallos son unha motivación máis para determinar a miña vida legal á persecución efectiva de pederastas e outros depredadores sexuais, participando e mellorando esa persecución como operador xurídico dende a Administración de Xustiza. O mesmo pásame no meu traballo como comunicadora política, onde vexo aínda máis clara esta distorsión cun Goberno que non está a dedicar os recursos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero ás mulleres vítimas e que aproba leis e políticas que están a incumplir os dereitos das mulleres e dos nenos. Os discursos non valen para nada se non se fai un traballo rigoroso e serio na práctica. Este traballo hai que facelo e por iso estou fundamentalmente centrada e especializada no dereito de familia, divorcios con menores implicados, e en dereito penal coa representación legal de vítimas de violencia sexual e abuso sexual infantil. Son situacións delicadas e difíciles que requiren de profesionais especializados e comprometidos; profesionais formados que saiban dar un tratamento xurídico e psicosocial axeitado ás mulleres e nenos cando sofren situacións degradantes, violentas e injustas. Este é o meu traballo como avogada penalista e de familia especialmente comprometido, por motivos persoais e políticos, coa protección e benestar dos nenos e nenas.

Actualmente es columnista. Falas sobre todo de feminismo?

Son comunicadora política e falo de política en xeral, aínda que parte dos meus artigos e da miña difusión



Foto de Bernardo Díaz

tratan temas relacionados co feminismo. Son moi crítica cos medios institucionais e hexemónicos e coa esquerda e o feminismo e trato de explicar aos meus lectores que hai outra esquerda e outro feminismo realmente preocupado pola defensa da clase traballadora e a erradicación da violencia sexual. Explico e insto a quen me len a defender e construír un feminismo racionalista e unha esquerda materialista de carácter marxista/socialista. Considero necesario facer unha crítica contundente a quen din representarnos mentres abandonaron as causas e valores tradicionais da esquerda e nos levan á orfandade política, como o é tratar de construír unha alternativa política e cultural que aborda a mellora das condicións materiais de clase traballadora.

Dende cando es consciente da existencia da desigualdade de xénero?

Prefiro dicir desigualdade por sexo porque considero que a palabra "xénero", aínda que é unha ferramenta analítica do feminismo que explica a desigualdade, invisibiliza o primeiro e último fundamento da violencia contra as mulleres, é dicir, nacer muller, XX. Algo que hoxe se cuestionan as teses queer e transxénero que negan a realidade material e biolóxica do sexo. Feita esta valoración, podó dicir que son consciente desta desigualdade dende a miña adolescencia onde comecei a observar o trato diferente que se dá a mulleres e homes, situacións semellantes nas que a muller era mal xulgada e o home premiado. Pero, sen dúbida, o que me achegou ao feminismo na miña adolescencia foi coñecer a historia de Waris Darie a través do seu libro "Flor del Desierto", unha muller que sufriu un corte xenital feminino na súa infancia. Coñecer este tipo de realidades atroces que se practican debido á crenza estúpida e sexista de manter a honra e a pureza das mulleres conmoveume e impactoume profundamente e desde entón, decidín

facer o que poida para poñer fin a estas prácticas prexudiciais ás mulleres e vulnerar a nosa integridade física e moral.

Desenvolviches o teu activismo social en diversas organizacións feministas, entre elas a Alianza contra o Borrado das Mulleres. En que consiste esta organización?

É unha organización dende que loitamos por eliminar todas as formas de discriminación contra as mulleres e nenas que se derivan da substitución da categoría sexo pola de "identidade de xénero". Nos últimos anos, nalgúns países do mundo, entre eles España, aprobáronse leis de identidade trans e de xénero que permiten a calquera home "autodeterminarse" como muller coa súa palabra, a declaración ante o Rexistro Civil de que é unha muller como único procedemento necesario. Isto pon en perigo os dereitos das mulleres e das nenas en función do seu sexo. Formo parte do equipo xurídico de ContraBorrado e dende aí remitimos ao Ministerio de Igualdade que aprobou a lei trans en 2023 un amplo informe onde advertíamos das implicacións xurídicas e prácticas desta lei. Enviouse dende institucións dicindo que son enganoso transfóbicos pero, con todo, todo o que dixemos ía pasar: homes auto-identificados, mulleres que entran en vestuarios e espazos protexidos para mulleres como as casas de acollida para vítimas de violencia machista, homes que entran no deporte feminino. categorías roubando podios e logros a mulleres, homes con delitos sexuais cumprindo condena en centros penitenciarios de mulleres, ningunha investigación sobre as causas do sufrimento da disforia de xénero e terapias afirmativas automáticas para nenos e nenas condenados a hormonas e mutilacións irreversibles... Todo, sen excepción, o que dixemos que ía suceder, está a suceder como consecuencia da aprobación da lei trans e nunha présa adiante, a actual Consellería de Igualdade segue sen corrixir o erro e derrogando

a lei trans que vulnera os dereitos de mulleres e nenos.

A teoría queer postula que o xénero non só é unha construción social (unha afirmación clásica de diferentes teorías feministas), senón tamén que o concepto de sexo é unha construción cultural. Como afecta esa visión á defensa dos dereitos das mulleres?

Negar a realidade biolóxica e material que conforma o sexo supón negar as bases sobre as que se desenvolveron políticas de igualdade que pretendían acabar coa desigualdade baseada no sexo e a violencia sexual. En primeiro lugar, as estatísticas están comprometidas. Vemos, por exemplo, como aumentan os delitos sexuais cometidos por mulleres porque os homes que os cometen son, a efectos legais, debido á lei trans que permite rexistrar o cambio de sexo só coa palabra, mulleres. É imposible cuantificar e cualificar a violencia contra as mulleres e poñer en marcha políticas adecuadas se a lexislación e as institucións non respectan o criterio básico de sexo e pretenden non saber o que é unha muller. Estas teses queer foron introducidas na lexislación española a través das leis autonómicas trans e LGTBIQ e a través da lei estatal trans de 2023 e producen, ademais desta consecuencia, todas as explicadas na pregunta anterior. Está amplamente documentado na web da Alianza contra o Borrado das Mulleres e nos meus artigos e redes sociais onde expoño os centos de casos de fraude nos cambios de sexo rexistral, homes que realizan este cambio por motivacións espurias e que están a asumir a violación dos dereitos das mulleres. Unha vulneración dos dereitos da muller e un maltrato á infancia cuxa única responsabilidade é o Goberno "progresista" desta lexislatura e da anterior, incapaz de corrixir o erro por prepotencia, sectarismo e pechadura ideolóxica, evidenciando a súa falta de compromiso e preocupación polos dereitos das mulleres e dos nenos.

Participaches en diferentes publicacións, como "Debate de la prostitución, 18 voces abolicionistas". Por que a túa posición sobre a prostitución é claramente abolicionista?

Porque a prostitución é violencia, a expresión máis antiga de subordinación sexual do mundo. Chamar "traballo" á prostitución é unha estratexia do lobby do proxenetista que acuñou termos como "traballo sexual" e que ten como finalidade lexitimar e branquear a explotación sexual de mulleres e nenas. Non se pode chamar traballo unha realidade que escraviza cada día a millóns de mulleres e nenas e que ten implicacións físicas e emocionais moi graves para quen o padece. Ser pe-

netradas todos os días, en múltiples ocasións, pola boca, a vaxina e o ano por homes que non queres ameaza a integridade física e moral das mulleres prostituídas. Por iso, defendo unha lexislación abolicionista para a prostitución.

Nos países onde se regulou a prostitución, aumentou a trata de persoas con fins de explotación sexual. Así o recoñecen os propios países que estableceron o modelo de regulación, como Alemaña e Holanda. Regular a prostitución significa lexitimar o abuso e protexer o proxenetismo do Estado. Coa regulación, esta forma de violencia sexual chámase "traballo", "empresario" ao proxenetista e "cliente" ao putero/prostituidor. Se lexitima e normaliza (aínda máis) e desde as institucións dinlles ás mulleres e ás nenas que a prostitución, sendo explotada económica e sexualmente, é unha opción válida para nós e para as nenas. É indignante.

Abolir a prostitución é un imperativo ético se queremos unha sociedade máis xusta e igualitaria. O modelo abolicionista funciona e temos como referencia o modelo abolicionista francés ou sueco. Cando se implementa, a trata de persoas para a explotación redúcese drasticamente. E isto é porque se procesa todas as formas de proxenetismo, se castiga o proxenetista e a prostituta (nunca a prostituída, este sería o enfoque prohibicionista que eu non defendo) e a asistencia integral (médica, psicolóxica, laboral, económica...) ofrécese ás vítimas.

E, por último colaboras en programas de reinserción de mulleres reclusas en centros penitenciarios da provincia, certo?

Participei en programas con mulleres reclusas no centro penitenciario de Bonxe. Son obradoiros nos que, a través da psicoloxía, parte impartida por outros profesionais, e da redacción e coñecemento de discursos políticos que poden axudar a comprender a súa situación persoal (ámbito no que participei), as mulleres reciben ferramentas para o seu desenvolvemento persoal e a súa reinserción. A inmensa maioría das mulleres en prisión están aí por delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica (roubos, furtos...) e por delitos contra a saúde pública (tráfico de drogas) e todas elas comparten experiencias similares que, na maioría dos casos, teñen levounos á marxinalidade e ao crime. É importante que elas mesmas sexan conscientes para comprender a súa biografía e poder romper ese destino e construír unha nova vida. É un proceso de adquisición de poder e autonomía persoal, aínda que non podemos descoidar a responsabilidade e a transformación social que hai que acometer.

Presentado o Informe Económico da CEL e a Deputación de Lugo

Lugo Informe Anual 2024 foi presentado polo presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez.

Este informe, elaborado por quinto ano consecutivo grazas á colaboración da institución provincial, reúne datos demográficos, socio-laborais e económicos relevantes da provincia e os seus 67 municipios.

O Lugo Informe Anual 2024 proporciona unha visión detallada do estado socioeconómico da provincia. En termos económicos, o PIB de Lugo en 2021 superou os 7,395 millóns de euros, representando case o 12 % do PIB de Galicia. O sector servizos é o máis activo, seguido polo sector primario, a industria e a construción. Desde a crise económica provocada pola pandemia, o IPC mostrou unha tendencia á alza, aínda que se está recuperando cun 3 % en 2023.

En canto ao mercado laboral, a maioría dos máis de 137,000 traballadores está no sector servizos, seguido da agricultura, a industria e a construción. A taxa de desemprego en 2023 foi do 8.20 %, máis baixa que a media galega de 9.7 %, e diminuíu 7.68 puntos porcentuais desde 2012. En canto ás empresas, Lugo conta con 22,600, aínda que os sectores industrial e de construción sufriron unha notable contracción, do mesmo xeito que o comercio en menor medida. As empresas sen asalariados diminuíron, o que indica vulnerabilidade entre os negocios máis pequenos.

José Tomé encomiou o traballo da CEL en manter esta ferramenta de análise actualizada, necesaria para



avaliar a situación actual e planear melloras. Destacou que “aínda que Lugo só representa ao 12 % da poboación de Galicia, a provincia alberga o 12 % das empresas e xera o 11 % do PIB galego, ao redor de 7,400 millóns de euros”. Ademais, indicou que a taxa de desemprego en Lugo é do 8.2 %, inferior en punto e medio á media galega, e baixou 7.6 puntos desde 2012.

Tomé subliñou que Lugo avanza en varios indicadores económicos e sociais, como o seu liderado en agricultura ecolóxica e a súa robusto desempeño en exportacións e turismo. Con todo, advertiu que algunhas problemáticas non se resolverán soamente coa dinámica do mercado e requirirán unha intervención pública decidida, especialmente a nivel autonómico, para abordar desafíos como a dependencia e a desigualdade. Sinalou que o 7 % da poboación ten máis de 85 anos, o que demanda maiores investimentos en residencias e programas de atención.

Así, destacou a rede de 9 Centros de Atención a Maiores creada pola Deputación, aínda que aclarou que a solución non pode recaer unicamente sobre eles. Tamén fixo un chama-

mento para un cambio significativo nas políticas galegas sobre dependencia e asistencia social. Mencionou ademais a situación de 3,600 fogares en Lugo que sobreviven con ingresos mensuais de só 600 euros.

“Debemos traballar para reducir esta cifra e asegurar que o progreso económico mellore realmente a calidade de vida de quen máis o necesitan, especialmente os nenos en risco de pobreza”, engadiu. Tamén mencionou a migración da poboación de áreas rurais á cidade e a necesidade de revertir esta tendencia para garantir un desenvolvemento sostible. Jaime López, pola súa banda, salientou o valor do informe como parte das accións que realizan con apoio da Deputación. Indicou que para 2025 prevese un apoio estratéxico ás empresas de Lugo enfocado en “profundar na investigación estatística e económica, fomentar a internacionalización cara a novos mercados”. Ademais, sinalou que reunir e compartir estes datos é unha actividade valiosa. López tamén mencionou que na provincia hai dúas zonas industriais clave e resaltou a necesidade de desenvolver a capacidade industrial noutras áreas.

A CEL atendeu este ano preto de 1.400 entrevistas ocupacionais

O servizo de Orientación Laboral da Confederación de Empresarios (CEL) leva atendidas xa preto de 1.400 entrevistas ocupacionais no que vai de ano.

“Unha cifra moi semellante á de exercicios anteriores, e que nos achega a un total de preto de 6.500 servizos de asesoramento en materia de orientación laboral e autoemprego prestados pola CEL durante o último lustro”, explican desde a entidade.

Ademais, nos últimos meses deste ano, e en colaboración coa ONG Rescate, a CEL comezou a prestar servizo de orientación laboral a migrantes dalgún dos centros tempo-

rais habilitados na provincia.

Respecto ao perfil de usuarios deste servizo da CEL, as cifras estatísticas dos últimos anos reflicten unha case paridade total de xénero, pois aproximadamente un 48 % das persoas atendidas son homes, e un 52 % mulleres, o que supón un cambio respecto dos primeiros anos de funcionamento do servizo, nos que máis dun 60 % dos usuarios eran mulleres.

Por outra banda, a franxa de idade na que máis concentran os demandantes de emprego atendidos pola CEL sitúase entre os 45 e os 65 anos, seguida polos de 31 a 45 anos.

O PP di que Lugo quedará fóra do Corredor de Mercadorías

Os senadores do PP lucense, José Manuel Barreiro, José Manuel Balteiro e Juan Serrano, aproveitaron unha visita do presidente da Cámara de Comercio de Lugo, Jaime López, á Cámara Alta, para trasladarlle a resposta do Goberno de Sánchez a unha pregunta dos populares en relación ao Corredor Atlántico de Mercadorías do que “Lugo quedará fóra, como mínimo, outros 9 anos máis porque a próxima revisión da configuración dos Corredores non está prevista ata o ano 2033”.

Os senadores defenden a inclusión de Lugo nesta infraestrutura de carácter estratéxico que constitúe un

dos corredores que forman a Rede Transeuropea de Transporte. “Lugo é entrada e saída natural dende os portos da Coruña con Castela e León pasando por Monforte de Lemos”, segundo explican. Polo tanto, reivindican que “Lugo non pode quedar á marxe desta importante rede”.

Lembran que “o Corredor Atlántico de Mercadorías tampouco accederá, por segundo ano consecutivo, aos fondos europeos porque o Goberno de Sánchez non foi capaz de captar financiamento europeo”. Isto supón “un novo freo a esta estrutura estratéxica no ámbito do transporte de mercancías ferroviarias”.

TEMPADA DO COCIDO DA FONSGRADA

OS MELLORES PRODUCTOS DA FONSGRADA

Lacón, Cachola, Soá, Butelo, Grelas, Chorizos, Garavanzos e Patacas

Lubre mesón - viñoteca

III FAI XA A TGA RESERVA IIII
982 22 78 02

BRAS

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

MENÚ DEL DÍA 12 €

HAMBURGUESAS GOURMET (Cachena, Porco Celta...)

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y C.E. Breogán S.A.D.

Bras CARNICERÍA

PRODUCCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENREIRA CACHENA

Servimos a:

- HOSTELERÍA
- COLEXIOS
- DOMICILIO

PREPARACIÓN CALDES E UEDAS CALDES PARA CONVELLIDOS

Éche o que hai!!!

TENDA GOURMET
BOVEDA
PETISCOS
DEICARESSIN
PRODUTOS
CALIDADE PREMIUM

Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO



Os Bombeiros xa teñen convenio colectivo e RPT

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou o novo convenio colectivo e a relación de postos de traballo (RPT).

José Tomé Roca destacou a importancia destes acordos para reforzar a calidade do servizo e para recoñecer o labor que desenvolven os bombeiros na protección das persoas e dos seus bens fronte a incendios e outras emerxencias. O convenio será agora remitido a Autoridade Laboral e a RPT publicárase no Boletín Oficial da

Provincia de Lugo para someter a exposición pública. Recóllense medidas como a incorporación de 26 efectivos, aumento salarial, redución de 1642 horas, recoñecemento como persoal laboral fixo desde a data de subrogación 01/05/2019, melloras no equipamento e roupa de traballo, redúcese a mobilidade entre parques comarcais do persoal, axudas sociais ou a disposición de días de asuntos propios, entre outras melloras. Reuníronse de novo co obxectivo de establecer un novo acordo sobre a retroactividade dos salarios durante o ano 2024.

Adxudicados 400.000 euros para o saneamento

Adxudicado o contrato do novo servizo de reparacións e apoio técnico para as redes de abastecemento e saneamento de auga de Lugo, que contará cun orzamento anual de 423.500 euros. O contrato busca optimizar o mantemento destas infraestruturas esenciais, garantindo unha resposta eficaz e continuada ante calquera incidencia. O novo servizo permitirá atender as

avarías fóra do horario habitual da brigada de augas, reforzando o operativo activado nos últimos meses. A empresa Gestagua será a encargada de prestar este servizo, que terá unha duración inicial dun ano, prorrogable por outro adicional. Inclúe unha distribución orzamentaria de 302.500 euros anuais para a rede de abastecemento e 121.000 euros para saneamento.

O Partido Popular abandona o salón de plenos na última sesión

Os concelleiros do Grupo Municipal Popular abandonaron o salón de plenos na sesión ordinaria de decembro en sinal de desacordo coa forma de actuar do goberno local.

Explican que só 15 minutos antes de iniciar a sesión, a alcaldesa informou, nunha xunta de voceiros, que incorporaban á sesión do pleno un novo recoñecemento de crédito de 35 facturas por un importe de 150.000 euros. “Esta forma de proceder é inadmisíbel e reflicte unha preocupante falta de transparencia que lamentablemente se converteu na norma neste Concello”, denuncian. Ademais, din que en 2024 aprobaron 31 recoñecementos por un importe total de 4,6 millóns de euros, dos cales 3,7 millóns contan con

reparos de legalidade e “pretenden culpar dos atrasos nos pagamentos aos provedores, dicindo que presentan tarde as facturas, pero son un goberno incapaz de xestionar de forma eficiente e dentro da legalidade”.

PROPOSTAS POPULARES. No pleno, os populares ían defender a rebaixa no imposto de rodaxe, “porque o que están pagando os lucenses é dos máis altos da provincia e precisamos aliviar esa carga”.

Ademais, esixen que o Concello poña de inmediato á disposición da Xunta a parcela do antigo colexio do Sagrado Corazón, necesaria para construír un novo centro de saúde que mellorará a atención sanitaria na zona.

Tamén cren importante dar un impulso ao pequeno comercio, xa que, din “é a segunda campaña de Nadal na que se vén afectados pola planificación e os retrasos das obras de peonalización do casco histórico”.

E, por último, propoñen un convenio para abrir as instalacións deportivas dos colexios fóra do horario lectivo, garantindo un mellor uso destas infraestruturas para beneficio da comunidade deportiva.

Con respecto ao apartado das preguntas, cuestionarán en que punto está a cesión de terreos na contorna do campo de fútbol de As Gándaras para crear un aparcadoiro, ou por que segue sen haber iluminación na rotonda de Nadela, un punto crítico para a seguridade viaria.

Aprobada a suba de impostos e taxas municipais tras 12 anos

O pleno da Corporación municipal do Concello de Lugo conseguiu aprobar a suba de impostos e taxas para a veciñanza despois de 12 anos sen subilas co fin de poder facer fronte ás inversións e gastos municipais.

Esta suba foi aprobada polos concelleiros do PSOE e do BNG e coa oposición, representada polo Partido Popular en contra, á que se sumou o colectivo Non á Subida de Impostos, que se achegou á Casa Consistorial para protestar contra esta suba.

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, lembrou que Lugo ten

unha ponencia de valores catastrais de 1998 e que por iso necesita aumentar os ingresos tras 12 anos sen subir os impostos e as taxas xerais.

Así, detallou que o que subirá será o IBI urbano nun 10 %, mentres que no caso do rural pasará do 0,20 ao 0,50, e que, trala aprobación do PXOM e a revisión do catastro, haberá parcelas que empecen a tributar como urbanas ao poder construír nelas cando se aproben os plans de ordenación.

Ante as críticas do colectivo e dos populares, a alcaldesa lembrou que o Goberno local destina 13

millóns de euros do presuposto municipal “a cubrir servizos que lle corresponden á Xunta, como a axuda á dependencia”.

Pola súa parte, Elena Candia acusou ao Goberno local de “gastar o diñeiro en proxectos que non aportan nada a Lugo”, como o carril bici, a pasarela de baño no río e o levantamento do casco histórico para levar a cabo unhas obras de peonalización “innecesarias”. Aínda así, Candia comentou que poderían apoiar unha suba “moderada” e lembrou que en Mondoñedo suprimiu a plusvalía cando era alcaldesa.

O Concello adquire dous novos furgóns industriais para obras

O Concello de Lugo adquire dous novos furgóns industriais modelo L2H2 para a brigada de Vías e Obras co fin de apostar pola mellora dos servizos municipais.

Estes vehículos de nova fabricación “responden á necesidade de renovar a flota destinada ao transporte de materiais e maquinaria para a realización de reparacións nas vías públicas do casco urbano”, explicou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas.

O edil destacou que esta modernización da flota “é clave para garantir un servizo máis eficiente e eficaz, xa que estes vehículos permitirán mellorar a capacidade de resposta da brigada, reducindo tempos de intervención e



incrementando a calidade das actuacións”.

Tamén subliñou a importancia do traballo da brigada, que realiza máis de 1.000 actuacións ao ano, contribuíndo de xeito decisivo á conserva-

ción e mantemento das infraestruturas.

O importe do contrato é de 78.475,56 euros, incluíndo todos os custos asociados á entrega dos vehículos matriculados e legalizados.

GALERÍA NOVA RÚA

EXPOSICIÓN COLECTIVA DE NAVIDAD ¡ESTAS FIESTAS REGALA ARTE!

● RÚA NOVA Nº114-116. BAJO, CP. 27001 (LUGO)
 ● 982242510 | CORREO@NOVARUA.ES
 ● @GALERIANOVARUA
 ● WWW.NOVARUA.ES/ARTE

“Temos moita variedade, aínda que apostamos moito pola carne”

Brais Agapito Rodríguez é o xerente de Carnicería Gourmet Brais e da Cafetería-Restaurante Brais

Que vai antes, a carnicería ou o restaurante?

Xorde antes a carnicería, xa que levo arredor de oito anos con ela. A través dela, xurdiu restaurante, moi preto da carnicería, en abril do ano 2023. Así, ambas entidades núntrense entre elas. Os produtos da carnicería chegan ao restaurante e do restaurante veñen clientes para mercar a nosa carne e cocinar na casa.

Que destacaría da carnicería?

Destacamos pola calidade das nosas carnes, xa que temos carne de vaca cachena, de tenreira galega, de porco celta, de polo, pavo, coello, cordeiro e cabrito, así como temos xamóns ibéricos, embutidos e demais elaborados; así como produtos *gourmet*.

Que produtos *gourmet* poden atoparse na carnicería?

Temos produtos de La Chinata, que destaca polos seus aceites de oliva; temos chocolates de Sierra Nevada, marmeladas de Granada 100 % naturais, todo tipo de meles de Galicia, embutido ibérico de Galicia, e despois temos tamén botes de legumes da Rioxa. Ademais, destacan tamén os nosos doces de Rianxo e as galletas Perusiñas.

Con respecto ao restaurante, que tal está sendo a acollida?

Moi boa. Todo o produto da carnicería chega ao restaurante, polo que o cliente pode desfrutar das hamburguesas de carne de vaca cachena ou os chuletóns de cachena, que son a nosa especialidade e teñen moita saída, ao igual que o entrecosto de vaca. É dicir, no restaurante destacan as nosas carnes, aínda que tamén ofrecemos racións de zorza, de raxo, pementos de Padrón e de Mougán, zamburiñas, langostinos, brochetas



de rape... Temos moita variedade, aínda que apostamos moito pola carne. Ademais, organizamos moitos eventos, como comidas de empresa, aniversarios, etc.

Que teñen de especial as súas carnes?

O que nos diferencia dos demais establecementos de carnicería é que temos carne de vaca cachena e nas épocas de nadal tamén temos porco de casa. A carne de vaca cachena é

moi grasosa saborosa e ten con moito omega 3. Con respecto á do Porco Celta, máis do mesmo, ten un sabor moi potente.

Como é o traballo?

No restaurante traballan seis persoas e o horario é de 09.00 a 00.00 horas de luns a sábado e os domingos abrimos de 12.00 a 00.00 horas. Por tanto, no restaurante ofrécese almorzo, comida e cea e temos menú do día por 14 euros.



Pola súa parte, na carnicería hai unha muller que leva traballando moitos anos e o horario é de 09.00 a 14.30 de luns a venres e trabállanse tres tardes, as dos mércores, xoves e venres de 18.00 a 20.30 horas.

Ademais da carnicería e do restaurante, ten unha explotación onde criar estes animais?

Si, teño unha explotación en extensivo nas montañas do Xistral, en Muras, onde teño vacas cachenas, pero a produción que saco disto non chega para abastecer á carnicería e ao restaurante, polo que compramos tamén a Friol unha cota. Así, a carne pasa do rural ao medio urbano como pasa coa maioría de produtos que se consumen.

Cales son as necesidades do sector?

Con respecto á carnicería, necesitamos que as administracións se impliquen máis co pequeno comercio e nos apoiem, porque estamos totalmente desamparados porque ao final imos acabar desaparecendo. Pola súa parte, no restaurante nótase moitísimo a falta de persoal formado en hostalería, sobre todo no tema da cociña. Non fai falta xente para traballar, falta xente que saiba e queira traballar. Nós ofrecemos boas condicións, un salario digno e dous días e medio de descanso, pero non se atopa xente formada.

Cales son os proxectos de futuro de ambos negocios?

Na carnicería queremos seguir como ata o de agora, ofrecendo os mellores produtos para os nosos clientes, e pedindo máis apoio, como dicía, para poder subsistir. E no restaurante temos como proxecto de futuro introducir pizzas artesanais, con iso imos cubertos.

Aprobadas as axudas dirixidas a clubs e entidades deportivas

Aprobadas as bases reguladoras das subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello que fomentan o deporte e a actividade física en Lugo, por un importe total de 321.000 euros. Entre as principais novidades destacan a subvención de ata o 100 % dos gastos de persoal, como nóminas, IRPF ou cotizacións á Seguridade Social, e o financiamento dun máximo do 20 % de gastos indirectos, como luz, alugueiros ou xestoría. Ademais, establécese o pagamento anticipado do 50 % das axudas, sen necesidade de solicitude previa nin garantías. Na concesión das axudas teranse en conta criterios como o número de deportistas federados, a participación en competicións de nivel galego ou nacional, a organización de eventos deportivos e o uso das instalacións municipais.

Segue a bonificación no transporte metropolitano

A Xunta manterá as bonificacións autonómicas no transporte metropolitano en 2025 con independencia do que decida finalmente facer o Estado con respecto aos seus descontos, dos que anunciou a posible retirada ao rematar o ano. Asegurou que, do 50% de desconto no prezo do billete que se viña aplicando de xeito compartido entre os gobernos estatal e autonómico, asumindo e 30% e o 20% respectivamente, a Xunta manterá a súa parte a maiores das diferentes vantaxes impulsadas a nivel autonómico. Entre elas están a redución do 10% sobre a tarifa en efectivo, descontos adicionais do 15% para usuarios recorrentes e de ata o 50% para familias numerosas.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

O Plan de Sendas estenderá estes itinerarios en máis de 120 quilómetros

A Xunta licitou, por importe de 4 millóns de euros, os contratos de redacción dos proxectos das actuacións a financiar con fondos europeos FEDER 21/27, que inclúen a redacción dos proxectos dos itinerarios de alta prioridade incluídos na segunda fase do Plan de Sendas de Galicia, que suporá estender a actual rede de sendas noutros 120km ata 2027, cun investimento total de preto de 70 millóns de euros. Esta nova fase do plan que se saca a concurso inclúe un total de 114 itinerarios nas catro provincias galegas.

A licitación anunciada hoxe pola Axencia Galega de Infraestruturas inclúe 6 lotes de redacción de proxectos, dous para sendas peonís e ciclistas, dous para mellora da seguridade viaria en estradas autonómicas, un para actuacións de mitigación do ruído e outro para actuacións preventivas en muros e noiros. O obxectivo é se poida comezar a redactalos a mediados do vindeiro ano. As empresas interesadas terán de prazo ata o vindeiro 30 de xaneiro.

As lonxitudes e orzamentos definitivos destes itinerarios concretaranse nos proxectos que se redacten, pero partindo da planificación xa proxectada nas catro provincias. Deste xeito, na provincia da Coruña, poden destacarse a planificación de novos itinerarios entre Arteixo e Lañas; entre Oleiros e Cambre, en Cambre e Culleredo ou en Boqueixón.

Na provincia de Lugo prevese, entre outros, novos itinerarios en Ombreiro (Lugo), en Guitiriz, en Parga, en Monforte de Lemos ou en Sarria. No caso de Ourense, destacan as previstas na capital da provincia, en Reza e na zona do Cumial.

Denuncian unha “grave discriminación” no rural

Desde a Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti denuncian a “grave discriminación” para o rural de Lugo despois de ver que a Xunta compromete unha inversión de 13 millóns de euros para sanear o rural de Ferrol e 5 millóns de euros para o saneamento de Ribadeo, pero “cero euros para sanear o rural lucense”.

Por isto, pídenlle á Xunta que “nos confirme os criterios polos que se beneficia a Ferrol e a Ribadeo e se castiga a Lugo”. E inciden en que “algo terá que di Elena Candia, á que os lucenses elixiron para que defendera os nosos intereses, non para que acepte este sectarismo”. Así, din que levan moito tempo denunciando que, a través do chamado canon da auga, “os lucenses

que vivimos no Concello de Lugo levamos aportado uns 14 millones de euros, dos cales neste mesmo período a Xunta retornou cero euros en saneamento ao Concello”. Por iso, cren que a mensaxe que se está a enviar desde a Xunta e desde o PP é que “os lucenses nos equivocamos ao votar nas municipais a distintos partidos que non foran o PP, ou que ata que governe o PP, non recibiremos ningunha aportación para o saneamento do noso rural. E insisten que “o recadado en concepto de canon da auga, se dedique no concello no que se recada”.

Tamén piden que o Concello de Lugo se implique a través do seu presuposto en colaborar cos gastos do saneamento rural.



Renovan o alumeado en Castelo e instalan dúas porterías novas en Piugos

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que o Goberno de Lugo continúa a actuar nas zonas periurbanas da cidade cunha nova intervención na contorna de Castelo de Arriba. Arroxo afirmou que “seguiamos actuando en todas as zonas periurbanas, tanto na renovación do asfalto para garantir a seguridade viaria como na renovación do alumeado, o que nos permite mellorar a visibilidade e aforrar en consumo enerxético”.

A Tenencia de Alcaldía renovou o asfalto da vía que une a Chanca con Castelo de Arriba, trátase dunha vía duns 300 metros onde se renovou a capa de rodadura por asfalto en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Nesta vía colocáronse unhas 167T de aglomerado.

Ademais, estase a renovar o alumeado do barrio, substituíndo 52 luminarias de 80W e instalando puntos de luz LED de 30W, o que suporá un aforro anual de 11.180 kWh, e que permitirá mellorar a uniformidade do alumeado e reducir as avarías da

rede de alumeado público, dado que se renovan as caixas de conexión e os condutores antigos.

OUTROS TRABALLOS. Realizaron traballos tamén de mellora da iluminación e da seguridade viaria en 44 parroquias da zona rural de Lugo. En concreto, en 26 colocáronse puntos de luz e cadros eléctricos, ademais de repoñer os fundidos, como as LEDs e a limpeza de postes. Ademais, noutras 18 parroquias do municipio, se está a proceder á limpeza de cunetas, desbroces e limpeza de canalizacións.

Tamén se realizou a colocación de dúas novas porterías no campo da festa de Piugos, unha das demandas da veciñanza desta parroquia rural á que se deu resposta, en colaboración coa área de Deportes. O obxectivo desta iniciativa, segundo explicou a edil de Cohesión Territorial, é “mellorar a seguridade viaria no ámbito rural, cunha iluminación adecuada e tamén incorporando a sinalización ou os espellos que garanten esa seguridade para condutores e peóns”, sinalou Abelleira.

A Xunta habilita os permisos de queimas a través do móbil

Xa está dispoñible unha nova forma de tramitar as comunicacións de queimas, accedendo a través da aplicación móbil XuntaEu. Así, os usuarios desta app que seleccionen o botón Contacta coa Xunta terán ao seu dispor, entre outras utilidades, a ligazón de permisos de queimas (Comunicación de queimas - internet), así como o número de teléfono 085, ao que se debe chamar para alertar dun posible incendio forestal.

Unha vez dentro do devandito portal da internet destinado a comunicar as queimas de restos agrícolas amoreados, os cidadáns deberán confir-

mar que tipo de queima se trata. As comunicacións e autorizacións de queimas a través da web da Consellería do Medio Rural son posibles de acordo co establecido no artigo 34 da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Ademais, en días laborables, tamén está a disposición dos cidadáns o teléfono 012 para comunicar as queimas. Tanto as comunicacións como as autorizacións para efectuar queimas de restos forestais amoreados deixarán de ter validez nos días que hai vento e altas temperaturas.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

LEYDAK COCINAS

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Xoán de Tirimol

A parroquia represéntase pola súa igrexa, de planta rectangular e na que destaca a sinxeleza

A parroquia lucense de San Xoán de Tirimol atópase a escasos quilómetros da capitalidade, ao norte, entre o polígono industrial do Ceao, a fronteira co Concello de Outeiro de Rei e a parroquia de Pías. Con esa proximidade á cidade de Lugo, cada vez hai menos habitantes, con datos sen actualizar desde o ano 2007, no que se contabilizaban 362 veciños e veciñas. A parroquia de Tirimol, ademais, conta oito lugares ou núcleos de poboación: Bagueixos, A Brea, Cardelle, Grisín, Padín, Pedrouzón, Ramil e Seivane. Porén, iso non dificulta a celebración de festas, como as patronais, que teñen lugar no San Xoán, o

patrón desta parroquia. Ademais, cabe destacar que a parroquia conta cunha agrupación social; a asociación de veciños cultural e deportiva de San Xoán de Tirimol, que conta cun local social. A parroquia represéntase pola súa igrexa, de planta rectangular e na que destaca a sinxeleza, xa que está pouco ornamentada, con pouca decoración. Xunto á igrexa, que contén un pequeno campanario enriba dela, hai un cemiterio onde teñen lugar os enterramentos dos veciños e veciñas que aínda elixen esta parroquia para dicir adeus aos seus. Ademais, esta igrexa escondía unha xoia da arte barroca, tres



retablos de Domingo de Andrade, arquitecto do século XVII que traballou nesta peza con Bernabé García de Seares para entregar a Santa María A Nova, pero investigadoras sinalan que a finais do século XIX tivo lugar o traslado dos retablos á Igrexa de Tirimol. No retablo maior destaca a decoración na parte superior, e nel atópase un escudo de orde dominica, cuxo sagrario na parte media conservaba a data de construción gravada, o ano 1692. Así, este conxunto na Igrexa de Tirimol é un dos máis importantes tallados en Lugo no século XVII, engadindo, ademais, o feito de que os traballos foron feitos por un dos arquitectos máis importantes da época barroca galega, Domingo de Andrade.



**PTARRAS
HERMANOS
CASTEDO**

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Arroxo valorou as actuacións realizadas no último ano e medio

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, fixo balance das actuacións executadas polas áreas da Tenencia de Alcaldía do Goberno municipal no debate sobre o estado do Concello.

Arroxo comezou a súa intervención destacando que este é un ano especial “no que Lugo superou por fin a cifra simbólica dos 100.000 habitantes”. Arroxo afirmou que “Lugo está máis vivo que nunca, vémolos na cifra de poboación, pero tamén no récord de visitantes, no récord de actividade cultural e no potente dinamismo económico”, indicadores que, segundo o tenente alcalde, demostran que Lugo é unha cidade que “guste ou non, estase a transformar”.

Con respecto á área de Mobilidade, Arroxo destacou a principal vía de traballo do Goberno de Lugo: construír a cidade dos 5 minutos; unha cidade na que calquera persoa, independentemente de onde resida, teña amenos de 5 minutos unha zona de estar ao aire libre.

“Logramos avanzar moito con peonizacións nos distintos barrios, convertendo carrís innecesarios en beirarrúas amplas e creando novos espazos verdes e zonas de convivencia”. Exemplo destas actuacións son as realizadas no barrio de Recatelo, na Milagrosa coa rúa Luís Seoane, na Piringalla con Gallego Tato ou en rúas como Río Sil, Aquilino Iglesia Alvariño ou en zonas como a praza do Sagrado Corazón ou o Fingoi de Abaixo. “A isto únese o coidado de zonas periurbanas, zonas ás que

dedicamos un importante esforzo, como é Castelo, Albeiros, Galegos, as Gándaras ou o barrio da Ponte”, destacou. Arroxo destacou que “ter unha cidade dos 5 minutos ten que ser un dereito, isto permite ás veciñas e veciños socializar e utilizar o espazo público”.

Por outra banda, Arroxo destacou a modificación da ordenanza de taxis, realizada durante o ano 2024 e que permitirá “crear un servizo de transporte público a demanda na zona rural en zonas onde non chega o transporte urbano nin o interurbano”.

Arroxo explicou que “esta ordenanza podía estar aprobada en setembro, lamentablemente o PP presentou varias alegacións en contra do sector do taxi, como o manifestaron de forma unánime, o que provocou considerables retrasos”. Arroxo afirmou que “probablemente, estas alegacións foron feitas só para entorpecer o proceso e que as veciñas e veciños que precisan este servizo tarden en recibilo”.

SEGURIDADE. Sobre o espazo público, Rubén Arroxo afirmou que “ten que ser un punto onde as nenas e nenos poidan xogar con normalidade, especialmente nas rúas”, e destacou que isto era o normal ata que se converteron en espazos tomados polos vehículos pasando a altas velocidades. “Afortunadamente, todo isto está a cambiar, isto é tamén coser a cidade”, destacou Arroxo, que vinculou isto co esforzo realizado por incrementar a seguridade peo-

nil, “calmar o tráfico nos puntos de maior perigosidade”. “Hoxe seguimos avanzando no calmado do tráfico, e dámoslle a benvida ao PP por sumarse tamén e ver como agora solicitan medidas en distintos sitios”, afirmou.

Sobre o calmado do tráfico, o tenente alcalde afirmou que “aínda queda moito por avanzar” e lamentou que este ano houbera o primeiro falecemento en anos debido a un atropelo nun paso de peóns despois de moitos anos reducindo as cifras de atropelos”. “O noso obxectivo é chegar a acadar unha cidade libre de atropelos”, afirmou Arroxo, e puxo en valor o traballo realizado desde o último pleno do estado do Concello “executando 15 novos pasos de peóns elevados, aumentando a seguridade viaria en 15 puntos da cidade”.

“Hai outro punto no que coser a cidade de Lugo, poñer en valor os nosos referentes patrimoniais”, continuou Arroxo, que puxo en valor a Muralla de Lugo, a muralla completa máis antiga do mundo.

“Se no pasado mandato conseguimos crear un espazo referencial como a Mosqueira e rematar a beirarrúa en todo o seu entorno, neste queda o ambicioso reto de seguir avanzando na peonización”, dixo Arroxo, que anunciou que a Tenencia de Alcaldía traballará neste mandato en realizar “o estudo para o treito máis ambicioso, a peonización da zona norte da muralla, entre San Fernando e Bispo Odoario”.

Outra das principais liñas de traballo



da Tenencia de Alcaldía foi, segundo declarou Rubén Arroxo, a mellora do Camiño Primitivo onde, segundo explicou na intervención, “fixemos unha aposta moi importante, mellorando a imaxe de xeito integral, entre Castelo e Fontiñas”.

Agora, Rubén Arroxo anunciou que “continuamos cun proxecto ilusionante, eliminar o maior punto de feísmo de Lugo, o Carril das Flores”. Arroxo anunciou un proxecto que implicará a demolición da pasarela para construír “unha infraestrutura acorde co lugar, un cambio total para a rúa que lle dea a estética que merece á entrada do Camiño Primitivo no trazado urbano da cidade”.

A MELLORA DOS SERVIZOS. No tocante á Área de Participación e Servizos á Veciñanza, Arroxo destacou a promoción da Praza de Abastos e do Mercado Municipal, “mellorando as instalacións, realizando campañas a prol do comercio de proximidade e cubrindo o maior número de postos posible”. Arroxo afirmou que “segu-

remos a enchela de actividades, levando visitas escolares e ensinando ás novas xeracións o valor do comercio tradicional”.

Rubén Arroxo fixo fincapé no grande reto da programación cultural de Lugo. “Lugo é a día de hoxe probablemente o concello de 100.000 habitantes con máis actividade cultural”, afirmou, facendo balance tanto da programación dos edificios municipais que contan con programación continuada ao longo do ano, o Vello Cárcere, o MIHL e o auditorio Gustavo Freire, “e o que comeza a partir de agora, como o novo auditorio Fuxan os Ventos”.

Antes do remate da intervención, Rubén Arroxo falou sobre “dous furados que coser, que máis que dous furados son dous buracos negros, a Tinería e o Cuartel de San Fernando”. O barrio da Tinería é un dos poucos lugares do mundo con tres patrimonios da humanidade, un barrio que contaba cun proxecto “moi ilusionante, que incluso chegou a ser premiado pola ONU”.

Realizan unha serie de actuacións de mellora na Casa das Asociacións

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, anunciou que o Goberno de Lugo está a realizar unha serie de actuacións na Casa das Asociacións, no Parque da Milagrosa. Esta instalación conta cunha serie de locais cedidos para uso de asociacións de interese social e entidades sen ánimo de lucro operativas en Lugo.

Cristina López destacou a importancia desta instalación municipal “que permite a moitas asociacións sen ánimo de lucro contar cun espazo para organizar

as súas actividades”, e engadiu que “desde a área de Participación mantemos o noso compromiso co tecido asociativo da cidade, garantindo o bo estado desta instalación municipal”.

O Goberno de Lugo inviste 3.863 euros na adecuación dos espazos, principalmente traballos de pintura, que se realizarán en distintas zonas da instalación, como o vestíbulo, a sala de ximnasia, os aseos ou os corredores. Ademais da renovación da pintura, repararanse as paredes e os teitos que amosan desconchóns e eliminaranse os carteis antigos.

Avanzan as obras na rúa Frai Plácido Rei Lemos cunha pasarela

Avanzan as obras na rúa Frai Plácido Rei Lemos, que permiten recuperar o sentido do tráfico habitual, rematando coas restricións á circulación das últimas semanas nas rúas Pascual Veiga e Cidade de Viveiro.

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou que “estamos un paso máis preto de ter este muro completamente rematado e de ter unha comunicación totalmente accesible entre Recatelo e o Parque de Rosalía”. Os traballos de reconstrución do muro, iniciados no mes de xullo, crearán unha conexión do barrio de Recatelo co Parque sen barreiras arquitectónicas, avanzando nunha cidade máis accesible para todas e todos.

A reconstrución busca mellorar a



integración paisaxística do muro, eliminando a barreira arquitectónica que supoñía a solución anterior deste muro, e avanzando no respecto polo entorno, ao tratarse dunha zona con amplo valor patrimonial pola influencia do Parque de Rosalía.

A finais de 2022, o Goberno de Lugo procedeu a apuntalar despois de que os servizos técnicos do Concello revisaran o desgaste da infraestrutura durante máis de 15 anos, e comezouse a elaboración dun proxecto de renovación integral deste muro.

As obras do centro supoñen un gasto de máis de 4 millóns

O Observatorio da Zona de Baixas Emisións de Lugo recolle os datos económicos das obras do centro histórico, que ascenden a un mínimo de 8.883.125,54 euros, dos que 4.056.102,00 euros proceden de subvencións. “Polo que o resto debera achegar o Concello de Lugo, un custo mínimo de 4.827.023,54 euros”, explican desde o colectivo.

Pero, o Observatorio apunta a que a esa cifra hai que engadir os custos de poñer en marcha a ZBE, os honorarios da redacción do anteproxecto, reparación das vías afectadas pola desviación provisional do tráfico (Rúa Nova e San Marcos) e os posibles incrementos de custos da redacción de proxectos, dirección de obra e CSS tras as modificacións introducidas polo Goberno Local.

En setembro de 2021, o Concello de Lugo anunciou a peonalización integral do centro histórico da cidade e as cifras que lanzaban eran as seguintes: “Centro Corazón Verde, que inclúe catro accións intramurallas, e nas que o investimento ascende a 5,9 millóns de euros, 4,4 millóns de subvención máis o 10% de financiamento municipal”.

“Con todo, a realidade é moi diferente”, din desde o Observatorio, xa que as adjudicacións iniciais sumaban un total de 8.209.387,54 euros, “que se incrementaron en máis de 600.000 euros polas modificacións duns proxectos con grandísimas deficiencias ou accións rebatidas socialmente; moito máis dos 5,9 previstos, pero as subvencións para obras son de 4.056.102 euros.

Por isto, desde o Observatorio cren que “é importante que os lucenses coñezan estes datos e que nestes custos non están incluídos os custos adicionais de custos de elaboración do anteproxecto, posta en marcha e control ZBE, reparación de cálelas San Marcos e Rúa Nova danadas polos desvíos de tráfico, posibles incrementos de custos da redacción de proxectos, dirección de obra e CSS tras as modificacións introducidas polo Goberno Local; e aumento da póliza de responsabilidade civil ou posibles indemnizacións polas múltiples caídas de peóns.

En total, na páxina web do Observatorio, con todos os custos apuntados, chégase á conclusión sumativa de que o custo final para o Concello de Lugo é de 4.827.023,54 euros, ao que hai que engadir os gastos non computados por non estar aínda cuantificados oficialmente, como poden ser a reparación de cálelas San Marcos e Rúa Nova danadas polos desvíos de tráfico ou posibles incrementos de custos pola redacción de proxectos, dirección de obra e CSS tras as modificacións introducidas polo Goberno Local, así como o au-



mento da póliza de responsabilidade civil ou posibles indemnizacións polas múltiples caídas de peóns.

ACCESOS AO CENTRO. O Concello iniciará un proceso preliminar de actualización da base de datos para regular o acceso de vehículos ao Centro Histórico e poñer en marcha mecanismos de control do tráfico nas zonas recentemente peonalizadas (O Carme, Recatelo, Calzada da Ponte, Mosqueira e barrio da Milagrosa: rúa Menorca e Pintor Luis Seoane, entre outras).

O obxectivo desta iniciativa é simpli-

ficar a residentes, persoas usuarias e empresas que operan nestas zonas a tramitación administrativa para así, no momento que corresponda, axilizar a concesión das autorizacións.

O servizo terá unha duración de tres meses, durante os que cinco auxiliares administrativos realizarán as tarefas que permitan avanzar neste proceso de consulta de datos; catro desempeñarán o seu labor desde as dependencias de Novas Tecnoloxías, na parte traseira da Casa do Concello, mentres que outro auxiliar operará desde a Unidade de Mobilidade da Policía Local, en San Fiz.

Reclamacións veciñais



A Asociación de Veciños Centro de Lugo demanda ao Concello a reparación urxente do pavimento nas rúas San Marcos, Rúa Nova e Praza de Santo Domingo, que se atopan nun estado de “deterioro extremo”, causando numerosos accidentes entre os viandantes.

Segundo a Asociación, levan meses informando sobre esta problemática sen recibir unha solución, polo que manifestan a súa protesta ante o que cualifican como un “abandono total” destas rúas, agravado polas obras de peonalización en marcha. “Dende o inicio das mesmas, non só non se acadaron melloras, senón que a situación empeorou considerablemente, xerando un crecemento alarmante no número de caídas”, din.

Os veciños denuncian que estas obras, inicialmente previstas para mellorar a infraestrutura urbana, teñen convertido o centro de Lugo

nunha zona caótica. A ausencia dunha sinalización axeitada, a circulación de vehículos por rúas sen preparación para o tráfico e a falta de control crearon unha situación perigosa, especialmente para colectivos vulnerables como persoas maiores, nenos e persoas con mobilidade reducida.

A situación xa ten provocado múltiples caídas desde o inicio do ano, algunhas das cales requiriron atención médica. A Asociación resalta a paciencia e colaboración dos veciños durante as obras, pero sinalan que a situación actual é “insostible”.

Por este motivo, esixen ao Concello a reparación inmediata do pavimento das rúas afectadas e un compromiso claro de mantelas en condicións seguras; así como a instalación de sinalización e medidas de seguridade temporais que axuden a previr accidentes no curto prazo.

A Xunta comezou a nova concesión de autobuses entre A Coruña e Lugo

A Xunta activou o día 1 de xaneiro a nova concesión de autobús entre A Coruña, Lugo e A Mariña, que incorpora a primeira Liña Conecta entre A Coruña e Lugo con 92 servizos directos máis á semana. Ademais, a implantación da concesión, que atende medio cento de concellos, reforza as conexións da Mariña e Vilalba coas cidades.

A Liña Conecta entre A Coruña e Lugo é a primeira das novas liñas da Rede de transporte expreso impulsada polo Goberno galego para reforzar as conexións directas entre as principais cidades de Galicia.

Cos novos servizos directos rebáixase a duración das viaxes a pouco máis dunha hora. A través deles ofrécense de luns a venres oito servizos ao día en cada sentido entre as 7,00 e as 19,30 horas. Así, xunto cos servizos directos actuais, que inclúen paradas nos hospitais, de luns a venres funcionará un servizo directo cada hora entre ambas

as cidades entre as 6,30 e as 20,30 horas.

Nas fins de semana haberá tres servizos de ida e outros tres de volta ao día e os festivos, un por cada sentido. Os sábados prolongarase ao centro comercial Marinada City un servizo de ida e outro de volta, con saídas ás 10,00 de Lugo e ás 19,00 horas do complexo comercial.

Ademais, a nova concesión incorpora outras melloras nas conexións da Mariña e Vilalba. Os domingos e días de fin de ponte engádesse un servizo de Viveiro á Coruña ás 18,00 horas. Tamén se activa un novo servizo de Vilalba a Lugo máis cedo, con saída ás 7,15 horas, que permitirá chegar Lugo á primeira hora da mañá.

A liña que conecta Viveiro e Lugo pola Gañidoira prolóngase a Burela con catro servizos ao día de luns a venres, tres de ida ás 6,45, 8,45 e 15,15 horas e un de volta ás 15,30.

Veciños denuncian unha falta de iluminación na Residencia e na avenida das Américas

Desde a Asociación Veciñal Trapero Pardo – Barrio da Residencia critican a “falta de iluminación que xera inquietude e inseguridade, prexudicando a comerciantes e veciños”.

Informan que se xuntaron veciños do barrio da Residencia e da avenida das Américas para facer chegar á Concellería de Vías, Obras e Alumeadado este problema. No lado esquerdo da rúa Cova da Serpe, din que non hai focos; no lado esquerdo da rúa Doutor Ochoa, desde Fonte dos Ranchos á entrada da Residencia,

del lado esquerdo din que tampouco hai luminarias, así como na rúa Trapero Pardo, “desde a entrada da rúa á mano dereita e ata a rotonda, do lado dereito, non hai farois, ao igual que na rúa Pintor Pacios, na rúa da Pomba e na rúa da Herba”. Ademais, as rúas Tino Prados, Xoán Carballedo, Rúa Pomar, Rúa Ameneiro, Río Ulla, Río Lor e Serra Gañidoira “contan con moi mala iluminación, explican. Din que o problema é que “o alumeadado destas rúas é moi antigo, a maior parte ten 50 anos.

TRAXANDAINA



José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, visitou os traballos de rehabilitación que se están a desenvolver no edificio que a Xunta cederá para uso cultural ao Grupo Etnográfico Traxandaina de Lugo, cumprindo así “co compromiso do Goberno galego para facilitar o desenvolvemento de proxectos que achegan a nosa historia e cultura á sociedade”.



O Goberno local insta á Xunta a reconsiderar o uso dalgúns materiais

A área de Transición Ecolóxica do Concello de Lugo mostra a súa “preocupación polo uso de materiais artificiais como céspede sintético e formigón” na ornamentación das infraestruturas situadas en estradas de titularidade autonómica dentro do municipio.

Así, súmase ás críticas do BNG, que xa o pasado 13 de decembro, e a través do concelleiro nacionalista de Lugo, Alexandre Penas, denunciaron que “mentres que desde o BNG tratamos de aumentar as zonas verdes e as zonas de céspede na cidade, a Xunta elimínalas”.

“Este tipo de actuacións da Xunta van en contra dos principios de sustentabilidade e responden a unha política que busca reducir custos a costa do medio ambiente,” afirmou o edil en funcións de Transición Ecolóxica, Mauricio Repetto.

Desde Transición Ecolóxica tamén se recorda que os elementos naturais, ademais do seu valor ornamental, desempeñan un papel esencial na loita contra o cambio climático. “Non só embelecen as nosas cida-

des, senón que contribúen de forma directa á redución de gases de efecto invernadoiro, protexendo a biodiversidade e creando espazos máis sostibles para a veciñanza,” subliñou.

Ademais, o Goberno local defende que o uso de plantas e árbores nas infraestruturas públicas é unha forma de promover a implicación da veciñanza na preservación ambiental. “Cada espazo verde é unha oportunidade para educar e sensibilizar á poboación sobre a importancia de coidar o medio ambiente. Ao recorrer a materiais artificiais, pérdese esa conexión tan necesaria entre a cidade e a súa contorna natural,” concluíu Repetto.

O Goberno local insta á Xunta a reconsiderar o uso destes materiais artificiais e a aliñar as súas políticas coas necesidades ambientais e estéticas do municipio. “En Lugo temos claro que as políticas ambientais deben ir máis aló do mínimo indispensable. Seguiremos defendendo un modelo de cidade sostible e comprometida coa súa contorna natural”, finalizou o edil.

O Partido Popular fai balance das actuacións da Xunta na cidade

Elena Candia presidiu a reunión da xunta directiva provincial na que participaron tamén os responsables de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Emprego, Comercio e Emigración no Goberno galego, María Martínez Allegue e José González. O PP da provincia continúa coa así súa actividade e a propia presidenta avanzou que “en xaneiro se reforzará o traballo en áreas de educación e sanidade para que o partido estea vivo e con representación activa nas áreas máis sensibles”.

Candia subliñou tamén, durante a súa intervención, a aprobación esta semana no Parlamento de Galicia dos orzamentos da Xunta para o ano 2025 que “sitúan a Galicia como unha illa de estabilidade fronte á situación da política nacional” e lembrou que “as contas galegas reservan para a provincia de Lugo o maior investimento por habitante (5.840 euros)”.

Candia defendeu o “traballo en positivo” que está a facer o Goberno galego para contribuír ao desenvolvemento da provincia, xerar oportunidades e atender ás demandas actuais dos lucenses cunha xestión “responsable”.

En materia de vivenda e planificación de infraestruturas, Martínez Allegue puxo en valor tanto o traballo do seu departamento “despregado ata o de agora na provincia como os compromisos a futuro” que se traducen nun incremento do orzamento dirixido á provincia de Lugo que superará en 2025 os 70 millóns de euros para “seguir mellorando tanto as infraestruturas como o acceso á vivenda”.

En concreto, destacou os avances na



autovía Nabela-Sarria, o compromiso coa senda de Ombreiro na LU-234 ou as melloras das comunicacións coa Mariña con partidas plurianuais por importe de 20 millóns de euros ou na reconstrución da LU-651 en Folgoso do Courel, cunha dotación de 3 millóns de euros en 2025 e partidas plurianuais de 11 millóns, así como os investimentos destinados á conservación das estradas autonómicas.

No capítulo da vivenda, Martínez Allegue lembrou que “en toda Galicia triplicaremos o investimento para solo residencial e construción de vivenda pública”, e destacou que “na cidade de Lugo esta medida se traducirá en 12 millóns en construción de vivenda de promoción pública e máis de medio millón de euros destinados á adquisición para futuro solo residencial. Neste sentido, subliñou tanto os proxectos de rehabilitación da Tinería, onde a Xunta leva investidos máis de 26 millóns de euros, ou as 1.750 vivendas que se van poder construír co solo residencial que se vai desenvolver na área urbana de Lugo”.

José González puxo en valor, durante

a súa intervención, as medidas que está a impulsar o Goberno galego para incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e dar resposta a retos actuais do mercado de traballo, como a cobertura de vacantes. Nese marco, detallou que a Xunta está traballando na modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, a través de ferramentas de intelixencia artificial como EMI, que permite casar mellor oferta e demanda e que, ademais, en 2025 contará cunha aplicación móbil que facilitará a colectivos estratéxicos como a mocidade facer autoperfilados. Así mesmo, incidiu nas medidas orientadas a garantir que nas listas de demandantes de emprego estean só aqueles que realmente buscan traballo, incrementando así a eficacia das políticas activas de emprego. Tamén sinalou a aposta da Xunta por ir da man das empresas, flexibilizando a formación para o emprego e impulsando microformacións á carta dos sectores estratéxicos, e dos propios concellos, co reforzo de programas de éxito como os obradoiros duais ou os programas integrados de emprego.

A Xunta planifica novas vivendas de promoción pública en Paradai

Javier Arias mantivo unha xuntanza co presidente da Asociación de veciños de Paradai, Christian Fernández, para analizar distintos proxectos de interese para o barrio impulsados pola Xunta.

Arias analizou co representante veciñal iniciativas autonómicas que terán repercusión na zona, como a planificación de novas vivendas de promoción pública no barrio ou a construción da futura estación intermodal, na que o Goberno galego asume a construción da estación de autobuses e dun aparcamento subterráneo con 240 prazas. “Esta infraestruturas, cuxa construción

xa está en marcha, suporá unha remodelación e un revulsivo para toda a contorna”, subliñou.

Na xuntanza tamén se abordaron os trámites encamiñados a acometer a reforma da rúa Serra de Meira, no tramo entre a rotonda de Paradai e a avenida Adolfo Suárez, e, nese sentido, o delegado explicou que a Consellería está a preparar o expediente administrativo para contratar a actualización do proxecto, pendente de que o Concello confirme a compatibilidade do PXOU trala actuación levada a cabo pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil na zona.

Licitan a rehabilitación integral da cuberta do Pazo dos Deportes

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, anunciou a licitación do contrato de rehabilitación integral da cuberta do Pazo dos Deportes, cun importe de 845.000 euros. A Xunta de Goberno aprobará o expediente de contratación, procedemento de adjudicación, prego de cláusulas administrativas e proxecto técnico para licitar a obra, que impermeabilizará a cuberta e dará unha solución definitiva ás filtracións que afectan á instalación.

A intervención proposta consistirá en aplicar unha membrana impermeabilizante de poliurea sobre a cuberta existente, o que supón actuar sobre os 8.500 metros cadrados de superficie que suman as cubertas inclinadas e planas. Previamente, realizarase unha limpeza, recolocación

e selado de das chapas e paneis que conforman a envolvente.

Tamén se actuará sobre a instalación de evacuación de augas pluviais impermeabilizando as canles e renovando os entronques coas baixantes. Ademais incrementarase o número de baixantes e de aliviadoiros.

O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, destacou que “se trata dunha actuación integral en toda a cuberta, incluídas as terrazas e os canlóns, coa que se resolverán os problemas de filtracións que afectan á instalación e corruxarán algúns defectos iniciais”.

O responsable provincial explicou “que despois de varios meses de barallando posibilidades co persoal técnico da Deputación, se optou por esta fórmula que ofrece

garantías e que se axusta a un dos condicionantes máis importantes do edificio, que é a capacidade de carga da malla espacial que soporta a estrutura, que é limitada”. Neste sentido, adiantou tamén que “a execución dos traballos é compatible co uso habitual do Pazo polo que non alterará os adestramentos nin as competicións, algo moi relevante pola importancia das instalacións para Breogán e Ensino”.

En relación cos prazos de execución, avanzou que “o procedemento de licitación se fai pola vía de urxencia, coa previsión de que as obras estean rematadas antes de que comece a vindeira temporada”.

Unha vez resolta a adjudicación e asinado o contrato, a empresa terá un prazo de 4 meses.

Adxudicado o desdoblamento do último tramo de Infanta Elena

A Deputación de Lugo adxudica as obras que completarán o desdoblamento e a humanización da avenida Infanta Elena, uns traballos que contan cun investimento da institución provincial de 1,3 millóns de euros; que afectan ao tramo que vai da glorieta Garaballa de Arriba á de Benigno Rivera; e que darán continuidade ao proxecto xa acometido pola Deputación, cun investimento de máis de 1 millóns de euros, no treito que discorre entre o enlace da Avenida Infanta Elena coa Ronda Norte e a Glorieta Paulo Fabio Máximo.

A institución provincial financia integramente os traballos, dos que resultou adxudicatario a empresa Ovisa Pavimentos e Obras SLU, e que terán un prazo de execución de 8 meses unha vez iniciados.

O treito da glorieta da Garaballa á de Benigno Rivera contará con dúas marxes de calzada dun ancho de 10,25 metros cada unha, distribuídas en tres carrís de circulación por sentido. Ademais, a marxe dereita



dotarase dun carril bici cun ancho de 3 metros, e no caso das beirarrúas terán máis de 4,05 metros de ancho a ambos lados, con árbores, iluminación, bancos e papeleiras.

Estes traballos inclúen a renovación dos servizos de abastecemento, saneamento e alumeadado público, tendo en conta a situación actual e as demandas futuras que poida ter a contorna, como pode ser o desenvolvemento de solos urbanos ou urbanizables.

“A primeira fase da renovación de

Infanta Elena, que xa leva algo máis de dous anos en servizo, tivo moi bo resultado e está moi ben valorada polos veciños e veciñas”, valorou Pilar García Porto, para quen a Deputación está a acometer “unha actuación, acorde coa entidade desta Avenida, que é a principal vía de entrada e saída da cidade de Lugo pola súa parte norte; que concentra unha gran actividade comercial; que comunica co polígono industrial do Ceao; e que actúa como distribuidora do tráfico pola cidade”.

Desconfianza no prazo de reforma do centro de saúde da Milagrosa

As obras de reforma do centro de saúde da Milagrosa de Lugo serán licitadas a partir de xaneiro por un valor duns 3,1 millóns de euros, tal e como informaron desde a Xunta de Galicia.

A reforma prevé actuar sobre unha superficie duns 1.600 metros cadrados, coa dotación de 6 consultas de medicina xeral e outras tantas de enfermería; 2 salas de docencia; 1 despacho de traballo social; 2 salas polivalentes; 1 sala de técnicas; 1 de urxencias; e 1 de toma de mostras.

Tamén disporá de área de admisión e zonas para o persoal, mellorando espazos existentes como o de coordinación ou sala de xuntas, e incorporando outros novos, como o de sala de estar e vestiario, e as consultas de docencia e as salas polivalentes.

O actual centro de saúde foi construído a finais dos anos 60 como clínica sanatorio e, aínda que a súa estrutura está en bo estado de conservación, faise necesaria a renovación do resto da construción, como son as fachadas e cubertas e tamén procurar a mellora da accesibilidade tanto interior como exterior.

A través destas obras, cambiarase a distribución das plantas, reorganizándose e ampliando consultas e zonas de espera, realizando aseos adaptados e zonas de servizos.

Unha vez realizada esta distribución por plantas, o andar baixo destinárase a accesos, recepción, consultas e



salas de acceso próximo á entrada, así como espera e servizos.

As plantas primeira e segunda reservaranse para consultas, espera e servizos. A planta baixo cuberta destínase aos locais específicos de médicos e o soto a almacenaxe e espazo de libre disposición.

As zonas de espera contarán con iluminación natural e haberá unha galería como espazo para colchón térmico. Mentres, as fachadas, partindo de máxima eficacia e economía e baixo mantemento, resolveranse en galería de vidro.

A previsión é formalizar o contrato de obra no verán e que, cun prazo de execución de 18 meses, os traballos rematen en 2027.

VECIÑOS. Desde a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa manifestan a súa “profunda decepción” pola noticia do atraso nos prazos de execu-

ción da reforma do Centro de Saúde da Milagrosa.

Así, din que a Xunta fala dunha “insuficiente consignación orzamentaria” para esta obra en 2025, e calcula que podería estar realizada a obra total en 2027. “Todo o anteriormente exposto confirma como no seu día dixemos que a auténtica intención da Consellería de Sanidade en pechar o noso Centro de Saúde da rúa Río Ser, facendo que teñamos que acudir ao Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia, que é o que a Xunta pretende promocionar pechando o noso da Milagrosa”, critican.

Para a Asociación, estes traslados e desprazamentos á Residencia “supoñen trastornos continuos, custos en desprazamentos, e dificultade en xeral, para unha poboación predominantemente maior e envellecida, que ten que afrontar os incumprimentos e falsas promesas da Consellería de Sanidade”, denuncian.

Asinado o convenio que permite unir os parques do Rato e do Miño

Asinado o convenio que permitirá a unión dos parques do Rato e do Miño, coa creación dunha nova zona verde paralela ao río, duns 600 metros de lonxitude.

Esta colaboración interadministrativa queda recollida nun acordo firmado pola alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, e o presidente da CHMS, José Antonio Quiroga, que contempla a cesión dos terreos necesarios por parte do Concello, e por outra banda a redacción e execución do proxecto, por parte do Organismo, quen despois cederá a nova dotación á Administración local, que se encargará do seu mantemento e conservación.

O acordo contempla, entre outras actuacións, mellorar a biodiversidade, crear unha barreira natural coa N-VI e habilitar unha nova senda de 600 metros de lonxitude. Esta nova dotación, que unirá os parques do Rato e do Miño, completará un cinto verde transitible,

que na actualidade xa dispón de máis de 30 quilómetros de carreiros conectados paralelos ao río.

A rexedora municipal subliñou que “coa sinatura deste convenio avanzamos cara ao remate do cinto verde, mellorando a conectividade da cidade, a biodiversidade e a posta en valor dunha zona moi empregada e valorada pola veciñanza, que contará cunha senda de 600 metros de lonxitude, mentres se crea unha barreira natural coa N-VI”. Ademais, insistiu en que se cumplan os obxectivos de Goberno, como é avanzar na incorporación da contorna fluvial á vida na cidade”.

Pola súa banda, o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, puxo en valor “a colaboración entre administracións para sacar adiante proxectos como este” e destacou o investimento duns 200.000 euros que se destinarán a este proxecto.

Renovan o firme da Rolda do Carme e a beirarrúa en República Arxentina

Rubén Arroxo, tenente alcalde de Lugo, anunciou que o Goberno local está a renovar o asfalto de diferentes treitos da Rolda do Carme.

Arroxo explicou que “esta rúa conta cunha importante presenza de augas subterráneas e acolle un tráfico bastante elevado, o que fai preciso que o mantemento sexa periódico para garantir a seguridade viaria”.

O Goberno de Lugo intervirá nas zonas afectadas executando unha renovación integral do asfalto, construíndo unha nova capa de rodadura para o tráfico rodado baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, ademais da reconstrución do firme en todo o seu espesor, para evitar novos defectos que afecten á capa de rodadura, xunto co pintado de nova sinalización horizontal.

“Continuamos a traballar na mellora dos barrios da cidade e dos accesos aos mesmos, aumentando a calidade de vida das veciñas e veciños”, explicou Rubén Arroxo, que lembrou que a área de Mobilidade e Infraestruturas planifica as intervencións de mellora dos espazos públicos segundo as peticións e solicitudes veciñais

e cun importante traballo de visitas aos barrios.

REPÚBLICA ARXENTINA. A beirarrúa da Rolda da República Arxentina de Lugo estase ampliando a través dunha actuación da área de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo.

Os traballos están a realizarse na unión de República Arxentina coa rúa Santiago, ampliando a actual beirarrúa para garantir un camiño peonil transitible.

Os traballos consisten na renovación da actual beirarrúa, que se atopa nun avanzado estado de desgaste, creando un novo camiño peonil accesible no paso de peóns que une a rúa Santiago coa rolda da República Arxentina. “Con esta intervención favorecemos a accesibilidade da veciñanza e melloramos as instalacións e os servizos públicos”, explicou o tenente alcalde.

Rubén Arroxo afirmou que “na planificación da cidade sempre temos en conta cuestións importantes para toda a veciñanza de Lugo, entre estas cuestións destacan a accesibilidade e a perspectiva de xénero para facer de Lugo un lugar amable e accesible”.

Renovan catro vivendas para mulleres vítimas de violencia de xénero

Catro vivendas de propiedade municipal de Lugo, destinadas a mulleres vítimas de violencia de xénero e que integran a Rede galega de acollemento, foron reformadas, sendo totalmente rehabilitadas, mellorando a súa habitabilidade, confort e eficiencia enerxética.

O proxecto, cun orzamento de 365.342 euros, foi financiado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con fondos europeos, canalizados pola Xunta de Galicia. Concretamente, a asociación estableceuse mediante un acordo entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Lugo, e finánciase con recursos europeos provenientes do Plan de recuperación, transformación e re-

siliencia (NexGeneration-EU).

A través deste acordo, a Xunta financiou accións destinadas a mellorar a accesibilidade e a eficiencia enerxética; a renovación de instalacións de electricidade e fontanería, así como a compra de novos mobles e equipos, entre outros proxectos.

As obras implicaron unha renovación completa do interior dos fogares, incluíndo o cambio de revestimentos, pavimentos, falsos teitos, carpintería metálica con ventás de dobre acristalamento, renovación de saneamentos e instalacións eléctricas. Ademais, actuouse nas zonas comúns dos edificios para mellorar a eficiencia enerxética e reducir custos de mantemento.

Javier Arias promete á asociación Muro unha achega para o Museo da Romanización

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, reuniuse con representantes da plataforma Muro para informar sobre a decisión do Goberno autonómico de consignar medio millón de euros nos orzamentos do vindeiro ano para cofinanciar o futuro Museo da Romanización de Lugo. Arias destacou que a Xunta “é a primeira Administración en dar un paso adiante para facer realidade o Museo da Romanización no cuartel de San Fernando”, se ben precisou que “é necesario que se dea algún avance tamén por parte doutras administracións”.

Lembrou que xa no ano 2022, Xunta e Concello chegaran a un acordo polo que o Goberno autonómico se comprometía a colaborar no Plan director e no proxecto de musealización previsto no cuartel de San Fernando, toda vez que o goberno local entendía que podía conseguir fondos europeos para a rehabilitación do inmoble, “pero eses fondos nunca chegaron, ao denegar o Goberno central a primeira solicitude e desistir o Concello na segunda convocatoria do proxecto”.

Arias explicou que para cumprir os requisitos esixidos para poder acceder aos fondos europeos é necesaria unha actuación previa que o Concello, como propietario e responsable da conservación do cuartel, estima en dous millóns de euros e, nese contexto, “é onde agora o Goberno galego amosa o seu compromiso co Museo da Romanización coa consignación de medio millón de euros nos

orzamentos de 2025, que supón o 25 por cento do proxecto estimado polo goberno local para actuar nesa consolidación necesaria do cuartel de San Fernando”.

“Pero en todo caso, é o Concello o que ten que impulsar esta intervención nun inmoble da súa titularidade, e polo tanto ten que seguir dando pasos para sumar máis fontes de financiamento. Sempre deixamos claro que estabamos dispostos a colaborar, pero este é un proxecto de cidade polo que necesita o concurso doutras Administracións, incluída a do Estado”, concluíu.

CONCELLO. A alcaldesa anunciou que o Concello esixirá formalmente á Xunta un compromiso pluriannual para acometer a reforma do cuartel de San Fernando co obxectivo de posteriormente convertelo na sede do futuro Museo da Romanización. “Esperamos que a Xunta deixe de idear manobras de escapismo e asuma dunha vez as súas competencias. A consignación de 500.000 euros é un xesto, pero é necesario que o compromiso se estenda segundo o solicitado ata alcanzar, como mínimo, a primeira fase da rehabilitación, cuantificada en máis de 2 millóns de euros, algo que nos situaría en disposición de acceder a outro tipo de liñas de financiamento como o 2 % Cultural”, sinalou a alcaldesa. Explicou que o Concello cumpriu coa súa parte investindo máis de 2,5 millóns de euros na adquisición do inmoble.

Proxéctase unha nova rotonda entre Ronda de Fingoi e Alfonso X

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou que a área de Mobilidade estuda un proxecto para modificar a unión da rúa Afonso X coa Ronda de Fingoi.

Desta maneira, Arroxo afirmou que “seguimos a traballar en mellorar a mobilidade na cidade, aumentando a seguridade peonil mentres se mantén a fluidez do tráfico”, e engadiu “proxectamos unha rotonda neste cruzamento, actualmente regulado por semáforos, que mellore as condicións de seguridade da intersección”.

A intersección da rúa Alfonso X coa Ronda de Fingoi está regulada por semáforos, no que conflúen vías de similar intensidade de tráfico. “No aspecto visual é un espazo espido, en contraste co bulevar da Ronda de Fingoi, e de dimensións demasiado altas para o tráfico que soporta”, ex-



plican. Por isto, coa mellora da intersección preténdese acadar unha mellora tanto funcional como estética e de integración na contorna, “mellorando a seguridade da intersección viaria, ao mesmo tempo que se reducen os tempos de espera”.

Con esta actuación, o Concello de Lugo busca eliminar os semáforos

creando unha rotonda axardinada, e redeseñando as entradas para garantir a seguridade dos peóns e manter a continuidade da rúa.

O alumbeado adaptarase ao novo deseño, avanzando na implantación de alumbeado LED, e modificarase a rede de saneamento para garantir a correcta drenaxe da intersección.

Iníciase o procedemento para a renovación do firme de tres rúas

Alexandre Penas anunciou que o Goberno de Lugo vén de iniciar o procedemento para renovar o firme das rúas Celso Emilio Ferreiro, Tino Prados e Xosé Crecente Vega.

Penas destacou que “con esta actuación continuamos a traballar nas zonas urbanas e periurbanas de Lugo, garantindo o benestar das veciñas e veciños de toda a cidade”. Segundo o tenente alcalde, Rubén Arroxo, esta intervención permitirá “renovar vías co pavimento deteriorado e garantir a boa calidade e a boa imaxe da rede de vías urbanas municipal”.

O Goberno de Lugo actuará reconstruíndo o paquete de firme en todo o seu espesor, para evitar que os defectos da capa base podan chegar a afectar á capa de rodadura. Instalarase unha nova capa de rodadura



baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará un selado do firme ante a acción da auga superficial e asegurará unha prolongada duración da actuación.

Unha vez pavimentadas as vías, adaptaranse os rexistros previamente existentes á nova cota da superfi-

cie e instalarase unha nova base para contedores. Finalmente, renovarase a sinalización vertical e horizontal.

A Tenencia de Alcaldía inviste 87.298,12 euros nesta actuación, que conta cun prazo de execución de 10 semanas unha vez a contratación sexa definitiva.

Invisten uns 200.000 euros en instalacións deportivas municipais

A Concellería de Deportes de Lugo, a través do Plan Dinámico de Intervención do Concello de Lugo, realizou nos últimos meses un investimento de preto de 200.000 euros no mantemento e modernización de 14 instalacións deportivas municipais.

Así, no último trimestre, realizáronse melloras significativas en instalacións como as piscinas de Frigsa e As Pedreiras, o Pavillón Municipal, o

Polideportivo da Piringalla, as pistas de fútbol da Cheda, As Gándaras, Nadelá e o Polvorín. Tamén se interveu noutros espazos destacados, como o Castiñeiro, o Sagrado Corazón e o parque das Termas, incrementando a funcionalidade destas dotacións.

As intervencións realizadas abranguen desde a modernización dos sistemas de iluminación e calefacción

ata a renovación de infraestruturas clave, como redes eléctricas ou espazos impermeabilizados, co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética e reducir o impacto ambiental. Estes traballos complementáronse coa posta a punto de equipamentos deportivos, sempre co fin de garantir unhas condicións óptimas para adestramentos, competicións e actividades individuais.

AO NOSO CARÓN

Rematan as obras do segundo viaduto do Castro na Autovía A-6

Inaugúranse as obras dos viadutos do Castro da Autovía A-6 coa presenza do presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, o ministro de Transportes do Goberno de España, Óscar Puente; e o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, entre outras autoridades.

Tomé Roca destacou o cumprimento dos prazos por parte do Goberno central, quen realizou unha actuación complexa nun tempo récord, tendo todos os treitos operativos a finais de ano.

Segundo Tomé Roca, “o traballo do Goberno do Estado é un exemplo de como abordar con seriedade e eficacia as necesidades que se presentan”. Esta obra complexa demostra, segundo o presidente, o compromiso claro do Executivo central co desenvolvemento e a vertebración do noso territorio.

Nese sentido, salientou que “a reapertura do viaduto do Castro evidencia que o Goberno cumpre coa provincia de Lugo e con Galicia,



actuando nun tempo récord nunha infraestrutura desta envergadura nunha orografía tan complexa”. Ademais, asegurou que a recuperación da normalidade na conexión de Galicia e Castela e León é unha gran nova para todos para pechar este ano.

Así, reabríronse ao tráfico os tres carrís en sentido A Coruña e o segundo en sentido Madrid, quedando totalmente operativos os cinco carrís do tramo da autovía situado no

quilómetro 430, no entorno de Vega de Valcarce (León) e Pedrafita do Cebreiro (Lugo).

Un dos carrís da calzada en sentido Madrid púxose en servizo a finais do ano 2023, permitindo restituír o tráfico parcialmente, tras concluír en apenas sete meses a construción dos viadutos pequeno e mediano.

O viaduto aberto é o máis grande, con 14 vanos e 595,5 metros de lonxitude, completándose tras 11 meses de obras.

Consolídase o SAT de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade

O Servizo de Atención Temperá (SAT) dos concellos de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade continúa medrando e consolidándose como un recurso esencial para a poboación infantil de 0 a 6 anos e as súas familias, cun impacto crecente e melloras significativas nos indicadores estruturais de actividade e resultados.

As familias valoran moi positivamente tanto as instalacións como os recursos do servizo, en aspectos como a adecuación das salas, o estado do material e a privacidade. Ademais, a accesibilidade do servizo é excelente, ao igual que a dispoñibilidade, atención presencial e resposta ás demandas.

“Este nivel de satisfacción confirma que o SAT proporciona un entorno óptimo e adaptado ás necesidades das familias, xa que os indicadores de actividade reflicten un crecemento significativo no volume de intervencións e servizos”, destacan.

Así, en 2024, realizáronse 3.869 prestacións individuais, un incremento notable respecto a anos anteriores. O mesmo ocorre coas sesións de valoración e apoio, que aumentaron progresivamente, cunha mellora especialmente destacable nas sesións de valoración, que case se dupli-

caron entre 2021 e 2024 (de 242 a 474).

Ademais, os Plans Personalizados de Intervención (PPI) pasaron de 36 en 2021 a 132 en 2024, evidenciando un enfoque máis individualizado. Estes datos, xunto co aumento das accións comunitarias e as sesións de seguimento, amosan a capacidade do servizo para responder a unha demanda en constante evolución.

En termos de alcance, o SAT logrou atender a 146 nenos e nenas desde o 8 de setembro de 2020, o que supón un 31,3% da poboación total de 0 a 6 anos nos cinco concellos segundo os últimos datos do INE (466 nenos en 2022). Só en 2024, o servizo chegou ao 16,95% da poboación infantil desta franxa de idade, cunha cobertura particularmente destacable en Friol (23,28%) e Begonte (17,28%). Este impacto é aínda máis notable tendo en conta que a idade media dos nenos atendidos é de 38,05 meses, o que reflicte unha intervención no momento crítico para o desenvolvemento.

No que respecta aos perfís diagnósticos, destacan os trastornos de comunicación e linguaxe, que representan o 40,45% dos casos, seguidos polos trastornos de regulación

e comportamento e os trastornos emocionais. Estes datos confirman que o SAT está a abordar unha ampla diversidade de necesidades, incluíndo casos máis específicos como os do espectro autista ou problemas de desenvolvemento motor.

Así mesmo, o servizo atende unha porcentaxe significativa de nenos con discapacidade e/ou dependencia, reforzando o seu papel esencial na atención a situacións complexas.

En conclusión, o SAT dos concellos de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade é un servizo “ben estruturado, altamente valorado polas familias e cun impacto crecente na súa área de influencia”, defenden desde o Concello de Friol.

O incremento da cobertura, a diversidade de perfís atendidos e a mellora nos indicadores de actividade e resultados confirman a eficacia do servizo, que segue evolucionando para responder ás necesidades da comunidade. Entre os retos futuros destaca a importancia de reforzar a detección precoz en idades temperás e manter o nivel de calidade e accesibilidade, garantindo que o SAT continúe a ser un recurso imprescindible para o desenvolvemento integral da infancia.



Reparten os premios aos mellores queixos e meles

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, definiu o queixo e o mel de Galicia como “un libro saboroso e doce da nosa historia”. Foi durante a súa intervención na entrega de premios da XXVII Cata dos Queixos e da XXIII Cata dos Meles de Galicia, que tivo lugar en Santiago de Compostela e que organiza a Xunta en colaboración cos consellos reguladores.

A conselleira, que estivo acompañada por altos cargos do seu departamento, gabou a historia e a tradición no consumo destes produtos senlleiros da despensa galega. Así, afirmou que “de queixo en queixo poderíase facer o Camiño de Santiago acompañado do mel, que servía aos peregrinos como produto terapéutico, enerxético, antiséptico e cicatrizante”. Ademais, lembrou que “somos queixeiros desde os celtas co San Simón da Costa”, que “os Reis Católicos comían queixo do Cebreiro” ou que “a orixe do Queixo Tetilla e

o Arzúa-Ulloa pérdese na noite dos tempos”.

Nesta liña, María José Gómez felicitou tamén aos participantes nestes certames e especialmente aos galardoados, asegurando que “ano tras ano se superan coa calidade dos seus produtos e llo poñen cada vez máis complicado ao xurado”. Asemade, agradeceu os compoñentes do panel de cata a súa contribución ao éxito destes concursos.

Nesta edición, a provincia de Lugo tivo unha gran representación nas dúas catas con premios na de queixos para empresas de Vilalba, Castro de Rei, O Páramo e Chantada. Na Coruña estes foron para Melide e Curtis.

Na categoría de meles destacaron as do Valadouro, Alfoz, O Corgo e Outeiro de Rei e as ourensás da Pobra de Trives e San Cibrao das Viñas, así como as coruñesas Monfero e Mañón.

A Deputación licitará a mellora dun tramo da estrada LU-P-2405

A Deputación aprobou licitar os traballos para acondicionar un tramo de preto de 12 quilómetros da LU-P-2405, que é a estrada que conecta Guntín e Pardellas, en Friol por Entrambasaguas e San Román.

A Deputación investirá máis de 270.000 euros para un proxecto que afectará ó tramo que vai desde o inicio da estrada ao punto quilométrico 11,972 e consistirá na reapertura das cunetas, pavimentación do firme e sinalización.

Trátase dunha actuación moi importante para ambos concellos porque vén completar as obras que se fixeron este outono nesta mesma estrada entre os puntos

quilométricos 13,9 e 14,7 cun investimento de 26.000 euros.

Ademais, a estrada dá servizo a rutas de sendeirismo de gran interese, como a de San Román da Retorta, “o que incrementa o seu valor non só como vía de comunicación, senón tamén como acceso a recursos turísticos e naturais da zona”, explica Pilar García Porto.

A deputada enmarcou a actuación dentro do Plan de Melloras nas estradas provinciais, “unha medida que anunciou o presidente e que servirá para acometer máis de 80 proxectos na rede de vías cos que se mellorarán 280 quilómetros por un importe de 12 millóns de euros”.

Regresan as xornadas de cine rural en xaneiro

Fíxose a presentación das II Xornadas de Cine Rural de Friol, por parte de Jesús Rodríguez Rodríguez (profesor da USC) e Ángeles Buján (concelleira do Concello de Friol).

Estas xornadas levaranse a cabo os sábados 25 de xaneiro, e o 1, 8 e 15 de febreiro, dando comezo todas elas ás seis da tarde, no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol. Na primeira das xornadas, o sábado 25 de xaneiro, poderá visualizarse a reportaxe *Tiempo de ilusión*, tiempo de recuerdo, emitida no ano 1979 no programa da TVE *Vivir todos os días* sobre o rural galego, no concello de Friol. A reportaxe testemuñal trata das dificultades e durezas da infancia, e tamén da violencia lingüística e cultural que exercía o sistema educativo.

Na segunda xornada, o sábado 1 de febreiro, proxectarase *De Quijotes y Semillas*, documental no que o cociñeiro Santi Cordón realiza unha viaxe en verduclea e fai unha incursión á España esquecida para escoitar a romántica loita dos seus últimos Quijotes. Durante a terceira xornada, o 8 de febreiro,



visualizarse *Paxaros de Algodón*, neste documental trátase de abrir unha fiestra que permita coñecer os trastornos de espectro autista. E para rematar con estas segundas xornadas de Cine Rural, o sábado 15 de febreiro, proxectarase *A mestra de escola*, documental dirixido por Alba Prol e producido por Meteórica Cine, que é unha peza audiovisual que afonda na realidade educativa do rural galego a través das experiencias de seis mulleres vinculadas ao ensino (mestras e antigas alumnas que comparten vivencias persoais e reflexións sobre a evolución do sistema educativo).

Destacan en Friol os proxectos de emprendemento da zona rural

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao, destacou que a rede de viveiros industriais da provincia de Lugo presta apoio e asesoramento a 17 proxectos de sectores da industria da alimentación, a maquinaria agrícola, o metal mecánico ou o sector da transformación da madeira, dos cales nove xa operan desde as infraestruturas da rede e os restantes oito atópanse nunha fase de asesoramento previa á súa incorporación.

Ardao fixo esta aseveración na visita ao viveiro industrial de Friol, un dos que está operativo na provincia de Lugo xunto cos de Bóveda, Monforte de Lemos, O Corgo, Outeiro de Rei, Paradela e Portomarín. Segundo apuntou, Lugo acolle o 32 por cento dos viveiros actualmente en funcionamento en Galicia, un instrumento de impulso á dinamización e captación de novos proxectos industriais para que se instalen e crezan no rural.

Nestes espazos, as persoas emprendedoras beneficianse de for-



mación e asesoramento en boas prácticas para a posta en marcha, a mellora competitiva e consolidación dunha nova empresa no rural, ademais de poder acceder aos espazos e infraestruturas dispoñibles neles a prezos competitivos. O obxectivo desta iniciativa da Consellería de Economía e Industria é atraer ou crear novos proxectos industriais vencellados a sectores estratéxicos para a provincia de Lugo, como o agro-gandeiro, a industria da alimentación,

energías renovables e maquinaria industrial, de xeito que se fortalezan as cadeas de valor existentes e incremente o tecido empresarial lugués.

A rede de viveiros industriais de Galicia está formada por 22 iniciativas distribuídas polas catro provincias, 17 deles están dispoñibles e cinco en fase de construción, e ten como obxectivo captar novos proxectos que se asenten no rural para o impulso da economía da contorna e os sectores produtivos de cada territorio.

EN BREVE



XEODESTINO. O Xeodestino Comarca de Lugo - Terras da Ulloa realizou en Friol a presentación oficial do seu vídeo turístico promocional. O acto tivo lugar no salón de actos do centro sociocultural. A iniciativa, que tivo unha importante aceptación, estivo dirixida tanto ao sector turístico e á poboación en xeral, co obxectivo de destacar os atractivos da rexión e promover a súa riqueza cultural, natural e gastronómica.



MAIORES. Os maiores que asisten diariamente ao centro de día que Afaluxestiona no Concello de Friol, recibiron a visita de parte do equipo de Goberno local, que lle fixeron entrega duns detalles. O alcalde de Friol quere así agasallar, en estas datas tan sinaladas, a estas persoas maiores "que desfrutan de este servizo tan necesario e fundamental para esa parte da sociedade que tanto o necesita".

portomarín



Éxito do primeiro Festival de Nadal da vila

Portomarín viviu unha xornada inesquecible co I Festival de Nadal, un evento que uniu á comunidade nunha tarde chea de espectáculo, entretemento e espírito de Nadal.

Desde o Concello quixeron expresar o seu agradecemento á Asociación Anpa Virxe da Luz de Portomarín, á Asociación Grupo Río Miño e á Asociación de Pensionistas e Xubilados O Ramallo por facer posible esta iniciativa tan especial, convidando a todos a formar parte deste evento.

O festival destacou pola súa capacidade para unir xeracións, ofrecendo un escenario onde tanto a mocidade como os máis maiores do pobo puideron compartir o protagonismo, demostrando o talento e o compromiso da comunidade. A iniciativa foi valorada como un rotundo éxito, enchendo de orgullo aos organizadores e asistentes. "Foi maravilloso ver á nosa xente actuar unida, facendo do Nadal un momento aínda máis especial para todos", sinalaron dende a organización.

O BNG denuncia que non se cobren as vacacións de Nadal en pediatría

O BNG denuncia que non se cobren as vacacións de Nadal de pediatría nos 3 concellos que comparten o servizo, que son Castroverde, Baleira e A Fonsagrada. Así, a portavoz nacionalista, Iria Castro, di que xa o ano pasado, nestas datas, o Sergas non cubriu as vacacións dos profesionais de medicina, deixando Castroverde sen médico ata despois das datas de Nadal ou cubríndoo moi puntualmente sen avisar.

A portavoz do BNG manifesta que "non cubrir as vacacións da pediatría é algo recorrente, non algo que pase de forma illada e cando isto pasa, as familias vense obrigadas a ir a urxencias e incluso recorrer ás urxencias do HULA, o que pode aumentar a saturación das mesmas, dado as datas nas que estamos".

"Dende o BNG cremos que teñen dereito ó mesmo servizo durante todo o ano, independentemente de se a titular da praza colle vacacións ou non. Isto é unha mostra máis do desmantelamento da sanidade no medio rural", sostivo.

castro de rei

A Deputación axuda con 135.000 euros á Fundación Dano Cerebral

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou darlle unha achega por 135.000 euros á Fundación de Dano Cerebral (Fudace) para colaborar cos gastos de reforma e ampliación do centro de atención a persoas con dano cerebral que a entidade xestiona nun espazo cedido pola Deputación en Castro de Rei. Concretamente, este investimento da institución provincial servirá para a reparación exterior dos dous

edificios que forman o centro e da pasarela que os conecta, coa instalación dun revestimento que garanta a impermeabilización do edificio e a substitución das ventás; e tamén para dotar ao centro dunha sala para o descanso do persoal e de visitas para os residentes.

As obras desenvolveranse durante as anualidades 2025, 2026 e 2027 e o investimento necesario para acometelas ascende a 208.498,89 eu-

ros, dos que a Deputación achegará preto do 65 %.

O centro que Fudace ten en Castro Ribeiras de Lea está situado na antiga Escola Fogar, no complexo que comprende tamén a Granxa Gayoso Castro, e foi cedido pola institución provincial a esta entidade no ano 2002 e ata o 2067. O centro conta con 28 prazas para persoas con dano cerebral de toda Galicia que son atendidas por 23 traballadores.



O BNG acusa á Xunta de ter abandonado ao concello de Castro de Rei

A deputada do BNG, Montse Valcárcel, presentou no Parlamento galego varias emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza para mellorar deficiencias que a veciñanza de Castro de Rei lle fixo chegar ao grupo local do BNG.

Todas as emendas presentadas polo BNG foron rexeitadas. A deputada nacionalista visitou Castro Ribeiras de Lea para informar deste rexeitamento por parte da Xunta e intercambiando coa concelleira do BNG, Olga García, impresións sobre “o abandono ao que o goberno do PP na Xunta e no goberno local teñen sumido ao concello de Castro de Rei”.

Entre as emendas presentadas atopábase o dotación dun ximnasio para o CEIP Veleiro do Campo, pois as crianzas que asisten a este centro non contan cunha instalación interior para realizar a actividade de educación física.

A veciñanza de Castro de Rei, a través do BNG, tamén solicitaba á Xunta de Galiza o acondicionamento da zona deportiva de Cas-

tro de Ribeiras de Lea, pois esta presenta “unhas condicións de deterioro moi alarmantes” polo que se solicitaba o arranxo e acondicionamento das pistas de baloncesto, exterior da piscina municipal e aparcadoiro do municipal Arturo Pereiro.

A deputada nacionalista do BNG, Montse Valcárcel, reclámalle ao PP “que deixe de discriminar ao concello de Castro de Rei, as propostas presentadas son necesidades veciñais”.

O BNG tamén se fixo eco das reclamacións das parroquias de Castro de Rei para facer un plan para ter unha rede de abastecemento de auga en todas as parroquias, así como mellorar a decantación e depuración da rede existente pois ao longo do ano danse moitos problemas coa calidade da auga.

O BNG seguirá a esixir melloras e investimentos para Castro de Rei porque “temos claro que o PP ten abandonada á veciñanza de Castro de Rei” denunciou Valcárcel.

Afectados pola falta de pediatras reclaman unha xuntanza con Sanidade

As familias afectadas pola falta continuada de atención pediátrica nos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito solicitaron unha xuntanza co delegado Territorial da Xunta en Lugo e co xerente da Área Sanitaria de Lugo.

O colectivo cre necesario expoñerlles “a nosa situación para que sexan

partícipes de como nos sentimos ante o deterioro constante deste servizo público, e esixirles que tomen as medidas oportunas para solucionar un problema que afecta a máis de 1200 crianzas dos tres concellos afectados”.

“Levamos preto dun mes agardando pola resposta a esta solicitude, esperamos non tarden en darnos unha

reposta para recibirmos e así poder expoñerlles a nosa situación” dixo, Lucía Madarro, nai afectada pola falta de pediatra.

“Non estamos a pedir nada excepcional; simplemente queremos que se garantan os nosos dereitos, os dereitos das nosas crianzas a ter unha atención pediátrica digna dentro da sanidade pública”, conclúen.

castroverde

Premian os mellores escaparates do Nadal



O Concello de Castroverde celebrou unha cerimonia especial para entregar os diplomas aos gañadores do Concurso de Decoración de Escaparates Nadal 2024.

Así, o recoñecemento foi dado aos comerciantes locais que contribuíron a engalanar as rúas con creatividade e espírito de Nadal.

O primeiro premio, dotado con 300 euros, foi para ‘O Teatro das Ilusións’ de Serra Castroverde, quen demostrou un talento excepcional na súa decoración. O segundo premio, con 200 euros, foi outorgado a ‘Ilusión’

de Almacenes Balonga, mentres que o terceiro premio, de 100 euros, foi para ‘A Miña Primeira Navidad’ de Super Otero 21.

Dende o Concello, quérese expresar un sincero agradecemento a todos os comercios participantes. “Dá gusto ver as rúas do pobo tan fermosas e iluminadas”, destacaron as autoridades locais.

Así, dixerón que animan a todos os veciños e visitantes a mercar no comercio local e gozar da decoración, que se manterá ata o 7 de xaneiro de 2025.

A localidade acolle no mes de xaneiro unha Ruta 4x4

Castroverde será o escenario da VI edición da Ruta 4x4, organizada polo grupo Os Riladores co apoio do Concello e a Xunta durante os días 24, 25 e 26 de xaneiro de 2025. Todo comezará o venres, 24 de xaneiro, coa xornada inaugural comezará ás 21.00 horas coa presentación oficial do VI Roteiro no Café-Bar Roma, onde os participantes gozarán de petiscos de benvida. Ás 22.30 horas, está programado un paseo nocturno polos arredores do pobo, ofrecendo un inicio cheo de adrenalina.

Pola súa banda, o sábado, 25 de xaneiro, as actividades comezarán cedo, coa recollida de dorsais a partir das 08.00 horas no pavillón municipal. A saída do primeiro participante está prevista para as 08.30 horas desde A Ferrería. Espérase unha intensa xornada todoterreo que culminará cunha comida ás 13.30 horas, o final da ruta será ás 20.30 horas. Despois, celebrarase unha cea comunitaria ás 22.00 horas.

O domingo, 26 de xaneiro, o broche final será ás 10.00 horas, con probas de habilidade nas inmediacións do campo de fútbol Veiga do Olmo.

XUNTANZA



Os antigos alumnos nados no ano 1976, que cursaron a EXB no Colexio Ramón Falcón de Castro de Rei, celebraron a súa xuntanza anual na Parrillada Bañal. Durante o encontro, Ana Belén e Carmiña fixeron entrega do relevo organizativo a Librada e Chicho, quen se encargarán de preparar a cita do vindeiro ano. Como é tradición, a reunión terá lugar o último sábado do mes de novembro.

Outeiro de Rei xa ten gañadores do concurso de postais do 2024

O Concurso de Postais de Nadal do Concello de Outeiro de Rei xa ten gañadora absoluta: Adriana Rouco Marqués, de 6ºB, que destacou entre os participantes polo seu talento e creatividade e coa súa postal o Concello felicitará as festas aos seus conveciños.

Ademais, premiáronse os seguintes alumnos nas distintas categorías. Na Categoría I (de 1º a 3º de Educación Primaria), os premios foron para Martín Iglesias Galán

(1ºA), Aldán Vázquez Fernández (1ºB) e Carla Gil Martínez (3ºA). Obtiveron accésits Sergio Mouriz Pena (2ºB) e Rosa Morais Corbelle (3ºB).

Na Categoría II (de 4º a 6º de Educación Primaria), ademais do premio a Adriana Rouco Marqués (6ºB), tamén foron galardoados Iago Río Pernas (5ºB) e Noé Morais Corbelle (5ºB). Os accésits foron para Martín Blanco Pérez (4ºA) e Valeria Méndez Rodríguez (4ºB).

EN BREVE



RELATORIO. A UNED de Lugo levou a cabo recentemente unha charla sobre alfabetización climática no centro penitenciario de Bonxe, dirixida ás persoas internas. Esta actividade, organizada nas instalacións do propio centro, contou coa participación da directora da UNED de Lugo e do biólogo Alejandro Rodríguez. Ambos ofreceron unha análise divulgativa e comprensible sobre a crise climática actual, os seus impactos e as medidas necesarias para facerlle fronte.



XUBILACIÓN. Membros do Concello de Outeiro de Rei fixeron unha festa de despedida pola xubilación de José Manuel Reigosa Prados. Os traballadores municipais fixéronlle entrega dunha placa conmemorativa tras 41 anos de servizo e entrega ao Concello de Outeiro de Rei.

O BNG denuncia falta de apoio á lingua por parte do Goberno

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Outeiro de Rei volveu presentar por quinta vez, unha moción para o fomento, promoción e visibilización da lingua galega. Porén, a proposta foi novamente bloqueada polo equipo de goberno, que rexeitou sequera debater as medidas suxeridas.

A moción, que incluía iniciativas como a adhesión á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Gale-

ga (Alingua) e a posta en marcha de actividades de Restauración da memoria lingüística de Galicia. Entre as propostas do BNG destacaba tamén a creación dun posto estable de técnico de normalización lingüística, dado que o Concello xa é beneficiario de subvencións destinadas a ese fin. O concelleiro nacionalista tamén denunciou unha crecente “deriva castelanzante” no Concello.

Aprobada unha proposta para mellorar o servizo de pediatría

O Concello de Outeiro de Rei celebrou o último pleno ordinario do ano 2024, no que se trataron diversas cuestións de interese para o municipio. A sesión, que tivo lugar na casa consistorial, contou con cinco puntos na orde do día e destacou temas de relevancia como a mellora do servizo de pediatría no Centro de Saúde do Concello.

O pleno comezou coa aprobación por unanimidade da acta da sesión anterior e coa dación de conta dun decreto sobre a modificación de delegacións de Alcaldía.

O BNG presentou unha moción relativa aos asuntos a incluír nos vindeiros orzamentos municipais, que foi rexeitada con 4 votos a favor e 9 en contra.

Ademais, tratouse o expediente 1336/2024 sobre o inventario ou catálogo de bens do concello, que foi aprobado con 10 votos a favor e 3 abstencións. Este paso é considerado fundamental para mellorar a xestión patrimonial do municipio.

Pero o punto central do pleno foi a moción presentada polo PSOE sobre a ausencia de pediatra no municipio, que instaba ao equipo de Goberno a reclamar ao Sergas unha solución definitiva para esta situación. A proposta socialista, en si, “non foi aprobada”, segundo explican desde o Goberno local, pero o Partido Popular propuxo unha emenda de substitución, consistente en manter dúas xornadas semanais de atención



pediátrica ata superar a actual baixa de longa duración, e posteriormente aumentar o servizo a tres días por semana. Esta emenda foi aprobada por unanimidade e será trasladada á Consellería de Sanidade, ao Sergas e á Xunta de Galicia.

REACCIÓN SOCIALISTA. O Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei cualificou como “un paso decisivo a aprobación por unanimidade dunha moción para demandar unha atención pediátrica adecuada no Centro de Saúde local”.

A iniciativa, presentada polos socialistas e defendida pola súa voceira, Carmen Acacio, puxo o foco na “crítica situación sanitaria que padecen as familias do municipio pola falta dun pediatra fixo e estable”.

Na súa exposición de motivos, Acacio explicou que a atención pediátrica en Outeiro de Rei leva anos marcada por unha “evidente falta de

recursos”. Segundo denunciou, máis de 500 nenos e nenas do Concello teñen acceso como máximo a unha consulta semanal, xa que o pediatra asignado tamén atende en Cospito e Castro de Rei, acumulando máis de 1.600 pacientes nos tres municipios.

A situación agravouse recentemente coa baixa médica de longa duración do único pediatra dispoñible, que non foi substituído por outro especialista. “Esta carencia está obrigando as familias a recorrer a médicos de atención primaria, xa saturados, ou mesmo ás urxencias hospitalarias, cun impacto negativo tanto na saúde das crianzas como na conciliación familiar”, explican.

E agradecen e valoran “a implicación das familias e queremos expresarlles o noso apoio incondicional. Desde o Grupo Socialista non só nos solidarizamos con elas, senón que seguiremos traballando para que a súa voz sexa escoitada”, asegurou Acacio.

guntín

Renovan a Escola Vella de Lousada para ser punto de encontro

O Concello de Guntín deu a coñecer os traballos de mellora realizados na Escola Vella de Lousada, nun esforzo por modernizar as instalacións e ofrecer novos espazos de calidade para a veciñanza.

Entre as obras realizadas destacan o cambio da cuberta, garantindo unha maior protección e durabilidade do edificio; o lavado e pintado das fachadas, devolvendo ao inmoble a súa estética orixinal e mellorando o seu aspecto visual; as melloras na accesibilidade, asegurando que o espazo sexa máis inclusivo e adaptado para todos; e a construción dun parque infantil cuberto, un novo espazo pensado



para o disfrute dos máis pequenos, mesmo en condicións meteorolóxicas adversas.

Estas actuacións forman parte do compromiso do Concello de Guntín por mellorar as infraestruturas

loais e promover espazos públicos máis seguros e funcionais. A veciñanza xa pode gozar destas melloras, que contribuirán a revitalizar a Escola Vella como punto de encontro e convivencia.

Un mozo de Rábade resolve en tempo récord un videoxogo de aventuras ambientado en Allariz

O mozo rabadense Santiago García Carreira vén de gañar 20.000 euros ao resolver en tempo récord un videoxogo de aventuras ambientado en Allariz.

A vila converteuse no escenario perfecto para unha aventura onde cada recuncho, cada rúa empedrada e cada detalle histórico foron pezas clave para resolver o gran enigma.

Para participar nesta aventura gráfica tan só era preciso ter acceso a un ordenador e cinco euros. Non era necesario ser un experto, como así demostrou Santiago, que era a primeira vez que participaba nunha iniciativa deste tipo na que o máis complicado é poñer a proba a capacidade de dedución e resolver os enigmas máis complexos.

O xogo forma parte da saga Tristán Téllez e era a segunda vez que se disputaba. A primeira tivo como escenario o mosteiro de Santa Cristina, no Concello de Parada de Sil. Desta volta, presentáronse concursantes de toda España e foi este programador informático natural de Rábade o que se fixo co premio en tan só unha hora e 53 minutos.

O reto non consistía en resolver o enigma senón en ser o primeiro en facelo. Na anterior convocatoria o gañador tardou 11 horas en facerse co obxectivo.

Tristán Téllez é un xogo interactivo baseado na novela homónima onde



se fusionan literatura, análise crítica da actualidade, coñecementos e promoción turística.

Neste segundo capítulo recreouse dunha maneira pioneira a vila de Allariz, levándoa a un motor de xogo e permitindo así utilizala como escenario principal da segunda entrega de Tristán Téllez.

Este xogo e a súa dinámica, creada polo ourensá Javier Cid Romero, ármase grazas a financiamento do Goberno de España, xunto ao Ministerio de Cultura mediante o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia que apoia a NextGenerationEU.

O seu creador defíneo como unha iniciativa innovadora apoiada por fondos públicos e unha proposta que ofrece diversión, coñecemento e un gran premio para o mellor.

Políticos e empresarios únense á espera que o Goberno de España amplíe o polígono

A alcaldesa de Rábade, Remedios González, xunto con representantes dos empresarios do polígono de Rábade, reuníronse cos senadores do PP pola provincia de Lugo, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, que explicaron o acordo adoptado no Senado de España trala aprobación dunha iniciativa do Grupo Popular para esixir ao Goberno de España a posta en marcha das medidas necesarias para ampliar o polígono e acometer un novo acceso dende a N-VI, pola rúa Galicia.

Así, os populares argumentaron que a proposta "ten como obxectivo dotar de maior solo industrial a un polígono cunha localización estratéxica, así como mellorar a súa accesibilidade, conectividade e eficacia lóxística". Por isto, o presidente da Asociación de Empresarios do

Polígono Industrial de Rábade (AE-PIR), Luis Iglesias, trasladou a súa satisfacción polo acordo en nome dos empresarios.

"Trala aprobación do acordo no Senado, "faremos seguimento do acordo e agardamos que o Goberno de Sánchez mova ficha, toda vez que é a administración competente ao ser un polígono promovido e xestionado por Suelo Empresarial del Atlántico (SEA) participado pola entidade estatal do solo SEPES, dependente do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana", apuntan os senadores. González incidiu en que "a ampliación a través da 4ª fase contribuiría a atraer máis actividade empresarial" e manifestou que "o Concello está disposto a ceder os terreos limítrofes", así como apela á "vontade colaboradora das distintas administracións".

Ofrenda en homenaxe a Evangelista Rey Galán



O Concello organizou unha emotiva homenaxe a Evangelista Rey Galán, co gallo do 70º aniversario do acto heroico que lle custou a vida mentres salvaba un neno de dous anos dun tren. O acto conmemorativo, que se celebrou no lugar onde Evangelista realizou o seu xesto altruísta, contou coa participación da alcaldesa de Rábade, Reme González, quen depositou un ramo de flores na cruz recentemente restaurada. Neste xesto simbólico estivo

acompañada pola súa tataraneta. Tamén participaron familiares de Evangelista, así como descendentes do neno que salvou hai 70 anos, xunto coa súa viúva, irmáns e sobriños.

A homenaxe destacou polo seu carácter próximo e significativo, un recordatorio da importancia de manter viva a memoria daqueles que, coa súa valentía, deixaron unha pegada imborrable na comunidade.

O Concello reparte os premios do concurso de postais

O Concello de Rábade deu a coñecer os gañadores e gañadoras do Concurso de Postais de Nadal deste ano, no que participaron nenos e nenas de diferentes idades divididos en varias categorías.

Os premiados foron, entre os menores de 5 anos, para Leire Beciero Quijada, Naia Beciero Bouso e Gabriel Fernández Sanmartín. Na categoría de 7 a 9 anos gañou Yanira Casanova Rábade (7 anos) seguida de Antón Devesa Lage (8 anos) e Area Barreiro Barja (9 anos).

Finalmente, no grupo de idade de 10 a 13 anos o primeiro premio foi para Iván Jesús Río Pernas (13 anos), seguido de Ariadna Fernández Méndez (10 anos) e Marcos Vanelus Ciocan (12 anos).

A entrega de premios terá lugar o día 26 de decembro ás 17:00 horas no centro sociocultural de Rábade. O Concello felicitou a todos os participantes e agradeceu a súa implicación, destacando a calidade e creatividade das postais presentadas.

o corgo

Comeza a licitación das obras de rehabilitación da A-6 entre as localidades do Corgo e Guitiriz

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible licitou por 30,5 millóns de euros (IVE incluído) as obras para a rehabilitación estrutural do firme de 60,4 km da autovía A-6 ao seu paso pola provincia de Lugo.

En concreto, actuarase na calzada esquerda, sentido Madrid, entre os quilómetros 480, no municipio do Corgo e 540,440, en Guitiriz.

Con esta actuación preténdese corruxir as deterioracións que presenta o firme, mellorando así a seguridade viaria e a comodidade na circulación.

O firme da autovía A-6 na provincia de Lugo foi obxecto de diversas reparacións ao longo do tempo, principalmente rehabilitacións superficiais con lechadas bituminosas e parcheos puntuais, observándose aínda así zonas de fatiga do firme e presentando datos de deflexións que confirman este esgotamento estrutural.

É por estes motivos que se considera a necesidade deste contrato que se autoriza.



Pablo Abuín, novo responsable do BNG local

Pablo Abuín vén de ser escollido como novo responsable local do Corgo, como parte da renovación dos órganos de dirección do BNG dentro dos traballos posteriores á XVIII Asemblea Nacional do BNG.

Deste xeito, a Asemblea Local do BNG aprobou a responsabilidade de Pablo Abuín Cedrón, que substitúe no cargo a María Abuín Sanfíz como anterior responsable local, que segue como vicerresponsable local.

A asemblea agradeceu a María todo o traballo feito nestes anos como responsable local, posto de ocupaba dende o 2022, e esta agradeceu a cohesión organizativa da equipa de


traballo, o traballo feito nos procesos electorais e a activa participación en actos, mobilización e vinculación co asociacionismo por parte da militancia.

Pola súa parte, o novo responsable sostivo que "afronto este novo reto con ilusión e co ánimo de expandir o proxecto do BNG a nivel local". Pablo Abuín agradeceu a confianza depositada pola militancia e manifestou que "quedan por diante moitos retos que afrontar nun concello gobernado por políticas inmovilistas, totalmente estancado e incapaz de resolver os problemas que sofren os veciños".

COLABORACIÓN

Entender as matemáticas non é cuestión de sorte, senón de método

O PUPITRE



Julio Díaz

Leo apenado que o noso país está á cola en matemáticas e ciencias. A principios de decembro deuse a coñecer o Estudo Internacional de Tendencias en Matemáticas e Ciencias TIMSS 2023. Corea lidera o rendemento medio en matemáticas e ciencias con 594 puntos e 583 puntos, respectivamente. España obtén tan só 498 puntos en matemáticas, sendo a media da OCDE e UE de 525 e 514. En ciencias, España sitúase tamén por debaixo con 504, sendo de 526 e 513 os puntos acadados pola OCDE e UE, respectivamente.

No caso de Galicia sitúase por riba da media en ciencias con 525 puntos, o que supón 21 puntos máis que a media do Estado e nos sitúa no segundo

lugar do ranking das nove comunidades analizadas. Así mesmo, en rendemento matemático, os alumnos galegos logran un total de 509 puntos, 11 máis que no conxunto do Estado, o que nos coloca en quinto lugar no panorama estatal.

A aprendizaxe das matemáticas nos centros educativos mantén a súa mala fama entre os nosos alumnos, producindo desagrado pola materia e, posteriormente, o seu abandono. As matemáticas sempre tiveron fama de ser difíciles, detrás dun “non me entendo o que me están explicando” ou “isto é demasiado difícil para min” podemos atoparnos dificultades de aprendizaxe con consecuencias negativas para os rapaces tanto no ámbito académico como no persoal.

Empregar as matemáticas é un dos procesos máis humanos que existen. Contar, medir, ordenar son procesos esenciais na vida diaria que se po-

den facer dun xeito básico ou sofisticado. Un aspecto a ter en conta na educación das matemáticas é que nos primeiros anos é fundamental a xestión de erros. O ensino baseado na reprodución, con exercicios cerrados e procedementos ríxidos leva a identificación do erro co fracaso. Esta identificación leva o alumnado, en moitas ocasións, a pensar que as matemáticas non son o seu. Poren, sabemos que é normal e esperable cometer erros ao longo do proceso de resolución de problemas. Estes erros deben normalizarse e entenderse como unha parte integrante do proceso de aprendizaxe, sen que se convertan en obstáculos insuperables ou sexan fonte de futuros bloqueos cognitivos.

Decía no título que entender matemáticas non era cuestión de sorte senón de método, por iso é importante darlles aos alumnos técnicas e ferramentas que lles axuden. Entre elas

debemos destacar o emprego dunha aprendizaxe manipulativa, como as regretas Cuisinaire, policubos, método Singapur...

Debemos ter en conta as necesidades particulares de cada alumno para adaptar enfoques variados e personalizados: “cada alumno é un mundo”. Optar tamén pola simplicidade evitando así o estigma das matemáticas como esa materia que é tan complicada.

Debemos trasladarlles aos rapaces que si as matemáticas son un tanto complicadas é debido a que non só requiren cálculo e regras, senón

tamén pensamento lóxico, preciso e creativo. Ademais, os problemas matemáticos adoitan requirir unha comprensión profunda do contexto e por iso que os actuais modelos de IA (intelixencia artificial) son moi bos xerando código, textos e imaxes pero cando se trata de abordar problemas matemáticos que van máis aló do básico, por requirir de razoamento avanzado, a IA naufraga estrepitosamente. As solucións matemáticas esixen pensar paso a paso e un único erro pode invalidar todo o traballo. Se falla a IA, como non vamos fallar nos.

O RECUNCHO DE CANELINA



Máis que orgullo

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nunca nos cansamos de louvar a aqueles que tiveron a valentía de apostar por sacar adiante unha iniciativa empresarial no noso territorio. Son merecedores de recoñecemento, sen ningún tipo de dúbidas, xa que co seu esforzo desenvolven proxectos en zonas rurais onde o panorama todos sabemos cal está a ser.

Emprendedores que nalgúns casos tomaron o relevo da explotación gandeira familiar, modernizándose, innovando e mellorando o que xa había de vello e que se mantivera xeración tras xeración. Exemplos témolos en tódolos municipios chairegos e de arredor, tanto no ámbito da gandería de leite como da carne. Incluso, no sector avícola e porcino comprobamos como

se levaron a cabo transformacións e melloras nas granxas iniciais, aumentando a produción e facendo que a empresa saia adiante, a pesares dos atrancos e dificultades que de sobra coñecemos.

Tamén merecen cumprido recoñecemento o mundo do pequeno comercio, así como o da restauración e hostalaría. Negocios que dan vida na Galicia interior, que, aínda sendo de carácter familiar, xeran postos de traballo, contribuíndo a manter a actividade nos nosos municipios. De aí a súa vital importancia.

E por suposto, sempre teremos en consideración os que empezan de novo, nos campos sinalados ou noutros, auténticos aventureiros que afrontan os medos con decisión e coraxe para saír adiante. Algúns deles chegados doutras terras para asentarse entre nosoutros.

Nesta ocasión poñemos o foco nunha granxa ecolóxica do lugar de Vilapedre, en Friol. Ángel e Maripaz, quen

xa roldan a idade de xubilación, decidiron anos atrás modificar substancialmente o que xa estaba asentado, lanzándose a unha nova fórmula que supoñía un auténtico reto. Así, na actualidade, as 70 vacas leiteiras que posúen, todas elas nadas e criadas dentro da explotación, dispoñen dunha hectárea para cada unha delas. Son animais adaptados ó terreo, que andan fóra constantemente, pacendo en liberdade, facilitándolles outra alimentación cando é preciso pola escaseza de pasto. Vacas todas elas identificadas co seu nome, onde se combina desde unha exótica Chenoa a unha máis convencional Marea.

O resultado está aí, coas lóxicas dificultades, cuestionando por suposto esa excesiva e a veces asfixiante burocratización. Existe unha rendibilidade, constatando o éxito da empresa. A excelencia demostrana cando levan varios exercicios en Exceleite, gañando o premio á mellor calidade hixiénica do leite. Ese nivel queda acreditado

cando se converteron en provedores da Casa Grande de Xanceda, un referente para todo o País. E neste caso, o futuro está asegurado. Os vellos, que non o son tanto, teñen no seu fillo o relevo que noutras moitas explotacións non acontece. E a mistura de xuventude acumulada coa xuventude sobradamente preparada, atrevida pero cos pés na terra -nunca mellor dito- auguran a continuidade desta

granxa de leite ecolóxico, facendo ben as cousas, con respecto ó medio ambiente, garantindo o benestar animal e acadando un óptimo produto final para o consumidor. E acadando, como afirma o patriarca, o obxectivo final, vivir dignamente do seu traballo.

Máis que orgullo é o que provoca a familia Codesal desde o lugar de Vila-pedre, en Friol.

DEPUTACIÓN

O Plan de Cooperación cos Concellos sobe aos 22 millóns

O Goberno provincial da Deputación de Lugo aprobou no Pleno ordinario de decembro as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2025, que decidiu subir ata os 22 millóns de euros, seguindo criterios públicos e obxectivos, como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial, e cun respecto total á autonomía municipal.

O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo, que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación, detallou, dálle aos concellos “total autonomía para decidir en que queren investir, achegándolles unha cantidade que se destina seguindo criterios obxectivos, cuestión que non fan outros Gobernos”, subliñou o mandatario provincial.

Pola súa parte, a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a unha maneira de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia. Nós practicamos a po-



lítica de feitos, cun reparto en base á transparencia e obxectividade”, aclarou.

Ademais, concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle chega a Deputación.

Así mesmo, o mandatario provincial detallou que esta medida “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou.

García Porto lembrou que por quinto ano consecutivo, o Executivo provincial saca adiante o plan no exercicio

anterior ao seu período de vixencia, o que permite ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor os fondos.

Por exemplo, as obras públicas poderanse executar na primavera-verán, o período do ano máis axeitado para traballar en exteriores dadas as características climáticas da provincia. Así mesmo, as bases do Plan Deputación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o día 7 de xaneiro, pasadas as datas de Nadal, o que tamén permite aos concellos ter máis tempo para elaborar as memorias e proxectos das obras que queiran presentar con cargo a estes investimentos. Terán un mes, ata o 7 de febreiro, para presentar a documentación.

Dedicaranse 300.000 euros a 51 asociacións

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión das subvencións convocadas pola institución provincial a través do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios por un importe total de 300.000 euros.

As achegas repartiranse entre 51 asociacións da provincia para a execución de obras destinadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza do rural como a mellora de redes de abastecemento, vías, locais sociais ou espazos públicos.

As achegas provinciais oscilan entre os 1.000 euros e os 6.000 euros e foron concedidas a entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións veciñais, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais de toda a provincia.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, puxo en valor que “aínda que as axudas non teñen unha gran entidade económica, si terán unha gran relevancia social para mellorar o día a día da veciñanza”. E sinalou que a Deputación pretende facer chegar aos concellos do rural os servizos que necesita, traballando da man do tecido asociativo, que é quen mellor coñece as necesidades reais de cada territorio.

Grazas a esta liña de axudas de concorrencia competitiva, estas enti-

dades poden acometer actuacións como o acondicionamento da contorna da área recreativa da Capela do Carme, en Castroverde, e a recuperación de tres fontes; mellorar captacións e reparar o abastecemento de auga en Villamane e Bidueiras, no concello de Becerreá; acondicionar o local social situado na antiga Casa Escola de Mercurín, en Folgoso do Courel; ou adecuar o camiño denominado Candevila, no concello de Friol.

A Xunta de Goberno sacou tamén adiante, por un importe de 1,5 millóns de euros, a licitación das obras da granxa de porco celta na leira Gayoso Castro que a institución provincial ten en Castro de Rei cun orzamento de 1.057.404,26 euros, uns traballos que consistirán na construción dun espazo multifuncional de máis de 1.000 metros cadrados na leira Gayoso Castro e que incluírán unha nave de produción, zona de corentena, aulas, vestiarios e almacenaxe e con capacidade máxima para 24 porcos de cría e 5 porcos reprodutores. O prazo de execución desta actuación será de 12 meses desde o seu inicio.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, cumpre así co seu compromiso de licitar estas obras antes de que acabe o ano para que as instalacións poidan estar funcionando no ano 2026.

Esixe á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia tras unha moción socialista que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

O presidente dixo que “a Xunta ten que deixar de tirar balóns fóra, pórse as pilas e comunicar ben por bus os nosos concellos”. Nese sentido, subliñou que igual que o Estado é o responsable das grandes liñas, facendo unha similitude co tren: do AVE e os servizos de longa distancia; a Xunta “é quen ten as competencias das proximidades”.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, di que o Estado

prevé 40 millóns de euros en axudas para que as comunidades autónomas asuman as rutas da súa competencia e reprochou que a Xunta, en lugar de estar pensando en como facer o mellor uso dese investimento non asumen as súas competencias en mobilidade.

O texto da moción insta ao deseño de rutas interiores, tanto dentro da provincia como na comunicación con outros puntos da comunidade galega, garantindo a interconectividade non só entre as grandes cidades, senón tamén co rural; e complementar ese servizo cun de lanzadeiras para conectar coas rutas nacionais e internacionais.

A Deputación inviste en formación dixital para zonas despoboadas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de 750.000 euros de Fondos Europeos para desenvolver o programa Reto rural dixital do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Con esta iniciativa, que se enmarca dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, a institución provincial porá en marcha o proxecto E para dixitalizarse Lugo. Así o explicou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que o obxectivo é ofrecer formación en competencias dixitais á veciñanza da provincia.

García Porto destacou que o programa pretende “garantir a inclusión

dixital, diminuír a brecha dixital, asegurar a adquisición de competencias básicas para a cidadanía e garantir que as zonas en risco de despoboamento poidan aumentar os seus coñecementos sobre novas tecnoloxías”.

No proxecto E para dixitalizarse Lugo inclúense unha serie de accións formativas directamente relacionadas coas necesidades tecnolóxicas da sociedade actual e que irán dirixidas á adquisición de coñecementos vinculados ás TICs. Nesta liña, subliñou “a veciñanza da provincia aprenderá sobre cuestións relacionadas coa busca de emprego ou o emprendemento”.

Ademais, tamén haberá formacións de especial interese para pais e nais

“como por exemplo sobre os riscos de internet ou a dependencia dos dispositivos móbiles”. Para a poboación máis nova “temos previstos cursos de ofimática e informática básica, ciberseguridade e redes sociais” e as persoas maiores “poderán aprender sobre o uso do móbil, a banca electrónica ou ferramentas de comunicación como Whatsapp ou Telegram”.

Por outra banda, tamén foi aprobado un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións provinciais para o financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) durante os anos 2025, 2026 e 2027.

DEPORTES

O Biosbardo consolida a tres deportistas na Selección Galega

O Club Deportivo Biosbardo despi-de o ano ao grande ao participar en dúas probas do ranking da Federación Galega de Atletismo sumatorias para a Castro Caldelas Vegan Trail, nas que destacou Marcos Pascual, que se proclamou gañador absoluto da combinada.

O sábado foi a carreira vertical, puntuable como G3, na que Tamara García conseguiu o subcampeonato feminino, ratificando o seu 2º posto no Ranking Galego, xusto por detrás da gañadora Alba Rey. En categoría masculina, a carreira foi dominada polo madrileño Luis Nogueira, mentres que o primeiro biosbardo entrando en meta era Marcos Pascual como 4º absoluto e 1º master. No resto de categorías, destacou o 2º posto Máster 2 de Emilio Montilla.

Pola súa parte, o domingo tivo lugar o trail, que con 37,5 quilóme-

tros e máis de 2.200 positivos é considerado un dos máis duros de Galicia. Neste, Marcos Pascual saíu no grupo de cabeza e mantívose ata a última subida, onde caeu ata a 6ª posición.

Así, Marcos Pascual proclamouse subcampión máster, seguido no 3º posto polo seu irmán Fran Pascual; mentres que Federico Losada facíase co 1º posto Máster 2.

“Con estes resultados os nosos deportistas tamén suben postos no ranking de cara a confirmación da Selección Galega”, din. Finalmente, o CD Biosbardo destaca no sector trailrunning co ranking vertical absoluto no que Tamara García pecha o ano como 2ª absoluta, sendo 2º absoluto Marcos Pascual.

A maiores, por categorías, ratifica como número 1 anual a Marcos Pascual en M40, Federico Losada en M45 e Emilio Montilla en M50.



Iria Enríquez, da Escola Shihan, conseguiu a prata na final da liga Nacional

Iria Enríquez, da Escola Deportiva Shihan, conseguiu a medalla de prata na final da liga Nacional, celebrada en Pontevedra. Así, desde o equipo destacan que accede a este “prestixioso campionato”, sendo a número 2 en Kumite infantil -30 kg e onde se clasificaban soamente as 8 mellores de toda España.

Ademais, logrou o ouro na primeira rolda da liga Nacional e o 4º posto na segunda rolda, polo que desde o club “augurámoslle un futuro prometedor, pois aínda queda un ano máis nesta categoría”, subliñan.

Ademais, destacan tamén o traballo de Uxía Folgueira, clasificada en Kata

Xuvenil, que aínda que non logrou subirse ao podio, “fixo un traballo espectacular”, poñen en valor desde o club.

Outros tres deportistas estiveron en Venecia, en Jesolo concretamente. Alí, competiron na Youth League, un evento a nivel mundial.

A Samuel Fontenlos e Roque Mazoy “non lles acompañou sorte”, tal e como explican desde a escola; mentres que Uxía Folgueira logrou facer 4 encontros na modalidade de kata, preto da medalla, e en Kumite destacan o “grave erro arbitral”, que non lle deixou avanzar máis aló do 3 encontro.

Uns 2.700 escolares participaron na promoción do Xogade

Un total de 2700 escolares da provincia participaron neste primeiro trimestre de curso nas actividades de promoción deportivas do programa Xogade.

Ofertáronse 20 sesións de orientación e 10 das especialidades de escalada, hip hop e ximnasia, parkour e ximnasia acrobática, e espeleoloxía. Todas contaron con 50 participantes por xornada excepto estas últimas, que tiveron lugar na cova do Rei Cintolo (Mondoñedo) e restrinxíronse a 20 prazas polas limitacións propias do espazo.

O delegado visitou as instalacións da escola de danza, ximnasia e espectáculos Gravity no polígono do Ceao, en Lugo, que acolleu as sesións de parkour e ximnasia acrobática que clausurou o alumnado do IES Terra Chá, de Castro de Rei. Nas semanas previas recibiron a grupos de Primaria e Secundaria do CEIP Veleiro



Docampo (Castro de Rei), o IES de Becerreá, o IES Río Miño de Rábade, e os colexios de Albeiros, Nadela e A Anexa, en Lugo.

O programa Xogade continúa durante todo o curso con competicións en 16 modalidades na actividade deportiva escolar, ás que se suman as das 39 federacións adheridas. As disciplinas convocadas no marco da actividade deportiva escolar son

atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, cross, dúatlon, encontros multideportivos, fútbol sala, multixogo 6-8, natación, orientación, patinaxe artística, tenis de mesa, voleibol, xadrez e xogando co atletismo.

A Secretaría Xeral para o Deporte asume o custo do transporte para garantir o acceso ás actividades así como os seguros.



O PortaMiñá é campión por equipos no Galego Absoluto de Inverno

O equipo PortaMiñá alzouse co título de campión absoluto por equipos por terceiro ano consecutivo durante o Campionato Galego Absoluto de Inverno que se disputou na piscina de Santa Isabel de Santiago de Compostela.

Ademais, consagrouse campión na categoría masculina e nas probas de relevos, batiron os récords galegos absolutos de 4x50 libres e 4x100 estilos, gañando ademais as 5 probas de relevos e demostrando unha enorme fortaleza.

Pola súa parte, o equipo feminino rematou en terceira posición, moi preto do primeiro posto e os equipos de relevos femininos gañaron o relevo de 4x100 estilos, quedándose

a só 2 segundos do récord galego absoluto mantido polo CNGalaico, integrado, entre outras, polas míticas e olímpicas Bea Gómez e María Vilas. Isto demostra o nivel das rapazas do PortaMiñá, que ademais obtiveron a prata noutros catro relevos.

A superioridade do PortaMiñá evidénciase nas 19 medallas logradas en probas individuais (15 de ouro, 3 de prata, 1 de bronce) e nas medallas obtidas nas 10 probas de relevos, onde conseguiron o ouro en 6 ocasións e a prata en 4.

“Foi un grandísimo campionato para todo o equipo, consolidando a súa posición como un dos referentes na natación galega”, destacan desde o club.



Noa Fernández García e Pablo López gañan o Torneo de Nadal de Xadrez

O Torneo de Nadal de Xadrez reuniu a máis de 110 xadrecistas de todas as idades nunha auténtica festa do deporte durante estas datas do Nadal. Durante máis de tres horas de intensa competición, os participantes demostraron a súa destreza nun evento organizado pola Concellería de Educación e a Asociación Cultural Xaquedrum, coa colaboración doutras entidades.

Na categoría absoluta, Pablo López Varela proclamouse vencedor, mentres que a recentemente estreada categoría Absoluta Feminina coroou como gañadora a Noa Fernández García, marcando un fito de inclusión nesta edición do torneo.

Tamén destacaron nas categorías escolares en Sub 8, Raúl Engroba; en Sub 10, Martín Irimia; en Sub 12, Enol Porres; en Sub 14, Aarón López, e en Sub 16, Hugo Hortas.

“A nosa estrela debe ser o equipo”

O novo adestrador do Club Baloncesto Breogán, Luis Casimiro, conta con máis de 30 anos de traxectoria no baloncesto español, ademais de ser o terceiro técnico con máis partidos dirixidos en ACB, 757

Como afronta o desafío de guiar ao Breogán?

Afronteino con moita ilusión porque ademais viña de estar unha tempada parado despois de moitos anos e entón tiña moitas ganas de adestrar e cando me chamou o Breo collino con moita ilusión e entusiasmo. Sabía que viña a unha cidade con moita tradición de baloncesto, onde os afeccionados están entregados ao equipo e enchen o Pazo e aí hai traballo, imos ver se retomamos e reconstruímos o equipo, e con moitas ganas e ilusión.

Leva xa unhas semanas co equipo, cales son as súas sensacións?

As miñas sensacións foron moi boas desde o primeiro instante co equipo. Atopei uns xogadores con unha gran actitude, escoitando e querendo poñer en práctica as cousas que eu dicía. Ademais adestramos tres días e fómonos a Gran Canaria e gañamos e iso tamén axuda a crer no que estamos dicindo e no que estamos falando, e a verdade é que as sensacións co equipo son moi boas. É un club que funciona, é serio, é humilde, pequeno, pero ao mesmo tempo fai que isto sexa máis familiar, por iso estou encantado, e o outro día que xogamos no Pazo, a miña primeira vez, gocei moito do ambiente que había; goceino vendo á xente que chega cedo, como vive estes minutos preliminares... así que impresionado con isto e encantado de poder ser parte do equipo local.

Hai cousas que mellorar ou manter como están?

Manter o traballo feito é fundamental, xa que, se ti ensinas A, B e C, despois vén D, pero nunca podes esquecer o anterior, hai que traballar e insistir nos piares. Temos marxe de mellora tamén, porque cando te sobes a un tren en marcha, como é o meu caso, seleccionas que mensaxe lles vas dar aos xogadores, e eses mensaxes básicos poden axudarche, sinxelos, pouco a pouco pois tes que ir pulindo eses detalles. Por tanto, cada vez irá sendo fácil, pero haberá máis detalles que haberá que incorporar, entón ao implementar máis cousas, creo que podemos seguir mellorando as cousas básicas, as liñas mestras, facéndoo ben, pero hai que seguir mellorando en detalles que temos que pulir moito.

Cales son os valores que lle transmite aos seus xogadores?

Primeiro de todo, quero que eles mesmos xeren unha boa química de equipo, porque eu como adestrador podo fomentar esa química



de equipo, pero eles son os que están dentro do vestiario, pasan moitas horas xuntos, dormen xuntos nas habitacións, polo que son eles os que teñen que crear esa química, porque é fundamental para un equipo como o noso ter boa química, e despois de ter esa boa química e levarnos ben entre nós e axudarnos, pódense construír máis cousas ao redor disto. Entón, é fundamental que nos apoiemos uns aos outros, que nos creamos as cousas para que tamén o que está ao lado se as crea. Ademais, a linguaxe corporal impórtame moito e cando entrei é unha das cousas que corrixín, porque se tes esa actitude, logo o traballo de baloncesto vai vir despois e vai ser máis fácil, e nos momentos difíciles vai

ser máis fácil saír se nos levamos ben e se temos boa química, que se non fomentamos ese sentimento colectivo. Entón van por aí as cousas que eu intento transmitir desde o principio, e logo eu pois cousas de baloncesto.

Polo tanto, é esencial o traballo en equipo para conseguir resultados positivos.

Estou totalmente convencido diso e así mo fixo saber a experiencia de moitos anos, que o que me di é que canto mellor equipo sexas e o colectivo mellor rende, e canto menos destaque un xogador, e máis nun equipo como o noso, pois moito mellor para o rendemento xeral. Para min, debemos ter como estrela ao equipo. Hai diferentes responsabilidades; uns

teñen máis porque xogan máis minutos ou xogan os minutos decisivos, etc., pero o prioritario é o equipo en xeral. Esa química temos que trasladala á cancha e eu dou prioridade a aspectos do xogo que non teñen o compoñente balón para quitar o egoísmo.

O novo xogador, John Egbunu, que suma ao equipo?

É un xogador que nos vai vir ben, xa que é diferente aos dous xogadores que temos no equipo, Dragan Apić e Jordan Sakho, entón é un xogador diferente que nos vai vir ben. Ten bastante experiencia, pero estivo dous meses sen xogar desde finais de outubro, entón necesita un período de adaptación, de poñerse no ritmo que estamos e entón iso vai levarlle un tempo, pero a predisposición súa foi moi boa, intentou seguir o ritmo e necesitamos que estea ben estes días para os partidos. A sensación foi boa, a primeira experiencia gustoume.

Cales son os obxectivos no equipo para o próximo ano?

Como desexo de Aninovo gustárame que tivéssemos saúde, porque na primeira semana estabamos moi felices, víamos ao equipo entregado, facendo as cousas ben, xogando ben, e se nos lesionou Charlie Moore, e foi duro. Entón, necesitamos que teñamos a saúde para facer o traballo e se facemos o traballo, depende de nós. Logo, o obxectivo deportivo é a salvación; gañar o suficiente número de partidos para manter a categoría, salvar ao Breogán e que poidamos seguir a seguinte tempada na ACB.

A nivel persoal, como valora a

súa traxectoria nestes 30 anos?

Estou encantado de poder face-la. A min gústame moito o baloncesto, vivo polo baloncesto desde pequeno. Do meu xogo fixen un hobby, e do meu hobby fixen unha profesión; e levo aquí moitos anos, entón co paso do tempo o que fago é gozar cada vez máis. Cando es máis novo, tes esa competencia e ese estrés porque non sabes se poderás seguir e agora quero gozar do traballo, porque a miña vida está na madeira. Gózoos aínda máis que cando era novo. Polo tanto, a valoración miña é dar grazas a que o baloncesto me puido ter tantos anos aquí, xa que o gozo moito.

Que pode aportar a nivel de experiencia neste equipo?

Creo que podo achegar ao equipo, desde a experiencia, control, tentar ter sentido común, facer as cousas con ecuanimidade, porque creo que é o fundamental para

“O obxectivo é a salvación; gañar o suficiente número de partidos para manter a categoría, salvar ao Breogán e seguir na ACB”

os xogadores, que saiban que as cousas se fan con sentido común e que tentas tratar a todo o mundo igual, ter as mesmas normas para todo o mundo e que todo o mundo se sinta ben. E a nivel de baloncesto, transmito experiencia tanto nos partidos como nos adestramentos para poder achegar todo ese tipo de cousas, pero sobre todo a calma dos xogadores e o que poidan gozar do baloncesto, iso o primeiro que intentei trasladar. Todos estamos aquí porque este deporte nos apaixona: eles desde pequenos e agora son xogadores profesionais, pero isto non nos debe facer non gozar deste xogo. Temos responsabilidades e o estar gozando do traballo non está exento de disciplina e de esixencia, pero que sexa ao mesmo tempo ameno. É unha das cousas primeiras que quería traer e que creo que están entendendo.

Podería ser o seu último proxecto, finalizando a súa carreira no Breogán?

A min gustárame que fose o máis longo posible, non sei cando me podo retirar, pero gustárame porque o Breo creu en min e deume a entrada ao traballo que me apaixona, así que gustárame devolverlle mantendo o equipo, estando a gusto aquí. Eu non debo ter ningunha présa e estou aquí contento, moi a gusto, traballando ben e síntome querido, así que gustárame seguir o máximo.

Egbunu incorpórase ao Breogán

O Club Baloncesto Río Breogán vén de fichar ao xogador nixeriano John Egbunu na posición de pivote, co que se reforzará o xogo interior do equipo.

O novo pivote celeste destaca “polo seu físico, cunha gran envergadura, a súa capacidade de intimidación e rebote, tanto en ataque como en defensa, o seu xogo por encima do aro e a súa capacidade para finalizar”, explican desde o Club.

Este xogador, de 2,11 metros de altura e 30 anos, formouse na Florida (NCAA), antes de formar parte do equipo de liga de desenvolvemento NBA, Long Islad Nets, na campaña 2019/20, promediando 10,3 puntos, 7,4 rebotes e 1,3 tapóns.

O seu seguinte destino foi Corea e,



tras un período curto, desembarcou en Italia, onde promediou na 2021/22, 8,4 puntos, 7,6 rebotes e 1,5 tapóns. Na súa segunda campaña asinou 11 puntos e 9,4 rebotes (5º en rebotes na Lega), antes de fichar por Hapoel Jerusalem, onde se proclamou campión da liga regular

promediando 7,5 puntos e 4,7 rebotes.

A súa seguinte parada profesional foi no Gaziantep Basketbol turco, alcanzando unhas medias de 11,5 puntos, 7,6 rebotes e 1,3 tapóns, sendo o terceiro taponador da liga. Tras a súa experiencia en Turquía, fichou polo ASVEL Villerbanne francés (Liga Francesa e Euroliga), onde compartiu xogo interior con Yousoupha Fall, xogando 15 partidos en Euroliga con Asvel e con medias de 2,9 puntos e 2,5 rebotes en 12 minutos, antes de desembarcar en China. Na tempada 23/24, cos Ningbo Rockets firma 15,3 puntos e 11,7 rebotes.

Agora, o xogador chega ao Lugo procedente do Xangai Sharks, equipo no que disputou 5 encontros.

DE RUTA EN RUTA

A Vía Küning de Becerreá a Baralla

Comprende uns 14 quilómetros nos que os transeúntes poden gozar da natureza no seu estado máis puro

A Vía Küning que percorre o municipio de Becerreá ata Baralla comprende uns 14 km por diferentes camiños para gozar da natureza.

Sáese de diante do Concello de Becerreá e diríxese pola rúa Carlos III ata case saír da vila. Antes de chegar ao bar Vilela, xira á dereita pola rúa Eslavín e uns metros máis adiante volve xirar para coller a rúa José Jiménez. Uns metros máis adiante, abandónase esta rúa para xirar á esquerda e iniciar un leve descenso pola Avda. Navia. Na curva, á esquerda, pódese observar un enorme lavadoiro público de case 7 metros de longo por 4 de ancho. Antes de chegar ao Regato de Ribón, xira á esquerda e abandónase esta Avda. para dirixirse cara ao pobo de Saa, que se deixa á dereita. Uns metros máis adiante chégase á igrexa e santuario do Ecce Homo de Cadoalla.

Desde este santuario, o Camiño inicia unha subida ata chegar a Campo de Árbol. Ascéndese desde os 595 metros sobre o nivel do mar actuais ata os 800 metros do punto máis alto. Este tramo recto leva ao pobo de Cadoalla e a



pendente é un tanto pronunciada, oscilando entre un 7 e un 14%. Despois de salvar as primeiras edificacións, o Camiño xira á esquerda para continuar cara ao alto do Cereixal por un antigo camiño terreo e estreito denominado 'Camiño de la Antigua'. Uns 600 metros máis adiante desemboca na Nacional VI, pola que se continúa uns 100 metros para poder cruzala e así entrar no pobo de Cereixal, onde se atopa unha fonte pública e a moderna igrexa de San Xosé de Cereixal.

Á saída de Cereixal débese volver coller a Nacional VI para chegar ao cume en Campo de Árbol, onde se abandona a Nacional, xirando á dereita para coller o camiño que atravesa o pobo. Uns metros máis adiante, mantense á esquerda para coller un camiño que conduce uns 1,5 km chaira a través dun bosque de eucaliptos. No quilómetro 8 xira á esquerda e iníciase un descenso duns escasos 300

metros, pero cunha considerable pendente, que nalgúns puntos pode rozar o 18%.

Neste punto, coñecido co nome de A Casilla, retómase uns 200 metros a Nacional VI para despois cruzala e coller o camiño denominado 'Camiño de Arandedo'. Durante algo máis de 4 quilómetros, este Camiño permite gozar da paisaxe e un percorrido moi cómodo. Atravesa un bosque autóctono, onde só se ve o 'regato do Convento', que circula paralelo uns metros máis abaixo.

Aos 10,5 km aparece un cruzamento onde se seguen as indicacións que apuntan a coller o camiño da dereita. Descenden uns dous quilómetros e chégase ao pobo de Constantín, importante núcleo de poboación no pasado, e cuxa igrexa pertenceu á orde de San Xoán de Xerusalén. Apenas un quilómetro despois desemboca na Nacional VI, onde se atopa Baralla, rematando neste lugar a ruta.



DATOS



3 horas 20 min.



14 quilómetros



Dificultade alta



3.777,00 €
2.899,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

TRACTOR CUB CADET LT2 NR92

Motor: Cub Cadet OHV - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidade recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciónes



FINANCIACIÓN**
12 PÁGUE EN MESES SIN INTERESES



MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO



MOTOSIERRA HUSQVARNA 120 MARK II

Motor: Husqvarna 38,2 cm³ - 1,4 kW.
Ancho de hoja: 35 cm.
Velocidad cadena: 3/8 BP-1,3 mm.
Peso: 4,85 kg.

1,4 kW 438,2 cm³ 35 cm 3/8 BP-1,3 mm 4,85 kg

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com